

REVISTA GALEGA DE EDUCACIÓN

PUBLICACIÓN DE NOVA ESCOLA GALEGA



Creadoras de contenido

ESCOLA MUNICIPAL DE MÚSICA DE SANTIAGO DE COMPOSTELA



INSCRIPCIÓN ABERTA PARA O CURSO 2022/2023:

- No rexistro telemático: sede.santiagodecompostela.gal
- No Rexistro Xeral do Concello

Máis información en www.emmsantiagodecompostela.com ou no teléfono 636979527

TENSIÓN POLÍTICAS NO DESENVOLVEMENTO DA LOMLOE

A Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación (LOE) veu ser o piar que serviu de base para a LOMLOE, Lei orgánica 3/2020, aprobada o 29 de decembro. **Unha lei necesaria para substituír a LOMCE**, porque reafirma a educación pública, promove a inclusión en todos os centros sostidos con fondos públicos, reforza a orientación aconfesional, atende máis os dereitos da infancia, reforza as capacidades curriculares das CCAA, como a de Galicia, fronte ao conservador rearme españolizador, devolve capacidades de decisión e de autonomía aos centros escolares, promove a responsabilización docente, reordena áreas, incorpora instrumentos para a mellora dos procesos de aprendizaxe e esixirá a necesaria avaliación da competencia lingüística adecuada nas dúas linguas oficiais.

A súa aplicación esixe a renovación dos Decretos curriculares de Infantil, Primaria, ESO e Bacharelato, co antecedente da aprobación dos Reais Decretos dos distintos 'ensinos mínimos', desde a que proceder á dos Decretos autonómicos correspondentes. Unha 'operación' complexa e sometida a procesos de elaboración intensos e demorados. Non se trata de 'colocar e distribuír contidos académicos' a través dos cursos e horarios asignados [1].

Fronte ao modelo "transmisivo", que parte dunha visión sistemática de contidos (por áreas e/ou por materias) a desenvolver, poñendo fincapé no "ensino", a UE —tomando en consideración desde 2006 as achegas procedentes da psicoloxía cognitiva e das neurociencias, da pedagogía e doutros campos sociais, nunha contorna social con inflexión informacional dixital—, apostou polo paradigma do "Currículo por competencias" e afirmou a dimensión de "aprendizaxe", vindo sinalar que os contidos culturais a adquirir na educación, fundamentais para a comprensión crítica das diversificadas contornas científicas, humanísticas e sociais das persoas, deben ser provistos a partir da problematización, dos interrogantes, da motivación e intereses de quen aprenden, con estratexias didácticas que favorezan estas operacións.

Isto supón un nidio aumento da responsabilidade docente, que debe ter o correlato da formación e acompañamento técnico. A LOMLOE inclínase decididamente cara ao currículo por competencias, que obrigará a situar nun plano secundario as materiais (como 'depósitos formalizados de saberes específicos'), dándolles maior protagonismo ás "situacións de aprendizaxe", ao ensino significativo, á súa funcionalidade, aos descritores operativos das competencias, aos perfís de saída... o que obrigará a formular un traballo en común entre o profesorado dun ciclo, dunha etapa, dun curso... Un traballo necesariamente ensamblado en cada centro escolar como unidade organizativa e de vida, con marxes de autonomía a construír. Nada doado.

Esixe cambiar perfís docentes, hábitos, modos de acción e supera a idea de que 'hai que facer o que se indica no DOG', pois vai formar parte do laboratorio mental de cada docente e da posta en común. Para isto non axuda que o actual Goberno central e a maioría parlamentaria de apoio decidisen comezar coa aplicación dos novos currículos neste próximo setembro, sen un período de experimentación e aclimatación, o que só se entende debido á presión ocasionada polos sectores conservadores, no sentido de que, se en 2023 chegasen á gobernación, abanearán de novo a política educativa. Non debería ser deste modo o proceder.

Esta reflexión sérvenos para separarnos das declaracións do Conselleiro de Educación, cando di que os novos Decretos ministeriais chegan 'tarde, mal e a rastro', que 'desvalorizan a calidade', 'desincentivan o esforzo e a motivación do profesorado e do alumnado', 'teñen unha altísima carga ideolóxica e política'... Probabelmente, non están exentos de interrogantes, pero dos conservadores tamén depende que se poidan examinar con reflexión e tempo oportuno de observación.

Logo, queda por falar das materias concretas (ou dos espazos) que van ou non nos varios Decretos, da intensidade horaria e colocación, en cada caso. Hai múltiples concrecións a examinar sobre o fondo de escenario aquí debuxado. Este espazo de reflexión debера existir institucionalmente en Galicia e non o hai. Outra responsabilidade da Xunta. ■

[1] O presente texto é de comezos de maio de 2022.

S u m m



Creadoras de contido

6 O tema

8 Resumos / Resúmenes / Abstracts

12 *Divulgaçom em galego no YouTube, comunidade e experiència própria*
Nee Barros Fernández

15 *Twitter, docencia a ceo aberto*
Julio Mulero González

17 *Vídeos que forman docentes*
Pablo Antonio Rodríguez Vila

21 *Divulgar Ciencia en Twitch: unha experiencia cos novos formatos*
Francisco Javier Brea Balea e Iria Veiga Ramos

26 *A radio na escola: cando o proceso conta*

Lucía Abarrategui Amado e Sergio Pascual Espinilla

30 *Somos Historia: a clase no Spotify do alumnado*
Miguel A. Abraira Pérez

34 *Internet e pantallas na escola. Algunhas consideracións*
Alfonso Gutiérrez Martín

38 *Creación de contidos dixitais co alumnado de infantil*
Alba Presedo Arnos e Maria Lema Fernández

41 *A intervención educativa Modelo Burela*
Bernardo Penabade

45 Humor

Doçentes
Xosé Tomás

46 *Para sabermos algo máis*
Marcos Chavarría Teijeiro e Patricia Digón Regueiro

50 *Entrevista*
Benxamín Salgado Gómez
Por Patricia Digón Regueiro

56 *A lingua*
Traballar o plurilingüismo dende Galicia e dende o galego
Carme Hermida Gulías

60 *Novas tecnoloxías*
Videoxogos, ludificación e aprendizaxe baseada en xogos dixitais: un repaso á V Fenda Dixital
Tania Caamaño Liñares e Elvira Rodríguez

REVISTA
GALEGA
DE EDUCACIÓN

Num. 83
xuño 2022

D.L.: C-22/1986
ISSN: 1132-8932

Dirección

Uxía Bolaño Amigo (Profesora de Conservatorio)
Ana Parada Gañete (Orientadora de Secundaria)

Consello de Redacción

Antón Costa Rico (Profesor de Universidade)
Marcos Chavarría Teijeiro (Profesor de Secundaria)
Xesús Ferreiro Núñez (Profesor de Universidade)
Sílvia López Gómez (Profesora de Universidade)
Andrea Maroñas Bermúdez (Educatadora social)
Xesús Rodríguez Rodríguez (Profesor de Universidade)
Pilar Sampedro Martínez (Mestra)

Supervisión lingüística

Xesús Portas Ferro (Mestre)
Francisco Veiga García (Profesor de Secundaria)
Supervisión de estilo: Ana Mª Pose Blanco (Profesora de Secundaria)

Tratamento dos textos en inglés: Rebeca García Murias (Investigadora)

Maquetaxe: Xosé Lastra Muruais

Imaxe da portada: Xiana Lastra Pernas

Impresión: Obradoiro Gráfico S. L.

Lugar de edición: Nova Escola Galega (Rúa Luís Freire, 5 baixo, 15706 Santiago)

Redacción: rge.redaccion@neg.gal

Publicidade: rge.publicidade@neg.gal

Subscricións: rge.subscricions@neg.gal

ario



Coa colaboración da:

**Deputación
DA CORUÑA**

64 Educación no rural
A Asociación Socio-Educativa
Antonio Gandoy: o legado de
Preescolar na Casa posto ao día
Mª Luísa Rey Otero

68 Experiencias
Feira Científica Virtual SMM
Susana Vázquez Martínez

72 Experiencias
*Raiceiros, 20 anos de
asociacionismo educando no
patrimonio*
Sofía Riveiro Oliveira

76 Experiencias
*As mulleres do Saviñao.
Descubrinto a nosa memoria
histórica*
Ana María Quintela Gómez

80 Investigación
*Lingua, poder e adolescencia:
glotofobia ao descuberto*
Miguel Rodríguez Carnota

84 Nais e pais
O ouropel da modernidade
Fernando Lacaci Batres

**86 Xoguetainas e
Brinquetainas**
*Taboleiros de xogo barrocos de
Compostela*
Colectivo A Rula

88 Panoraula
Xosé Ramos Rodríguez e Antón Costa Rico

92 Panoraula Dixital
Antía Cores Torres e Almudena Alonso-
-Ferreiro

94 Recensión
*«Ni qn ni off»: Programa
coeducativo de prevención de
(ciber)acoso sexual.*
Bibiana Regueiro

A Revista Galega de Educación (RGE) é desde 1986 unha publicación pedagóxica de carácter teórico-práctico, tamén atenta á actualidade educativa, escrita en galego e dirixida ao profesorado dos diferentes niveis educativos.

De periodicidade cuatrimestral, a revista admite e presenta traballos orixinais de investigación, temáticas monográficas, experiencias de aula, textos de ensaio, reportaxes, entrevistas, notas bibliográficas e de actualidade. Os traballos de investigación e os que compoñen as temáticas monográficas son avaliados de modo anónimo por revisores externos especializados.

A *Revista Galega de Educación* é un proxecto editorial do Movemento de Renovación Pedagóxica Nova Escola Galega que só é posible co traballo altruísta das persoas que forman parte, respectivamente, dos seus Consellos de Redacción, Editorial e Científico. Trátase dun proxecto pedagóxico aberto á participación activa de toda a comunidade educativa galega.

INDEXADA EN:

- Erih Plus
- Circ
- Carhus Plus
- Latindex Catalogo
- Latindex Directorio
- Miar
- Dialnet
- Rebium
- Qualis (B1)

Consello Editorial

Manuel Bragado Rodríguez (Mestre)
Mª Dolores Candedo Gunturiz (Profesora de Universidade)
Francisco Xosé Candia Durán (Profesor de Universidade)
Montserrat Castro Rodríguez (Profesora de Universidade)
Xosé Manuel Cid Fernández (Profesor de Universidade)
Rosalía Fernández Rial (Profesora de Secundaria)
Jennifer Fernández Rodríguez (Profesora de Secundaria)
Lois Ferradás Blanco (Profesor de Universidade)
Valentina Formoso Gosende (Profesora de Secundaria)
Xesús Fortes Gómez (Profesor de Secundaria)
Narciso de Gabriel Fernández (Profesor de Universidade)
Eva García Sexto (Mestra)
Emilio González Legaspi (Orientador de Secundaria)
Xosé Lastra Muruais (Mestre)
Laura Lodeiro Enjo (Profesora de Universidade)

Ramón López Facal (Profesor de Universidade)
X. M. Malheiro Gutiérrez (Profesor de Universidade)
Xesús Portas Ferro (Mestre)
Ana Mª Pose Blanco (Profesora de Secundaria)
Xosé Ramos Rodríguez (Profesor de Universidade)
Belén Rodríguez Silva (Profesora de Secundaria)
Victor Santidrián Arias (Profesor de Secundaria)
Araceli Serantes Pazos (Profesora de Universidade)
Bieito Silva Valdivia (Profesor de Universidade)
Alexandre Sotelino Losada (Profesor de Universidade)
Yésica Teixeira Boo (Profesora de Universidade)
Miguel Vázquez Freire (Profesor de Secundaria)
Mercedes Vázquez Vázquez (Mestra)
Francisco Veiga García (Profesor de Secundaria)
Manuel Vieites García (Profesor de Universidade)

Comité Científico

Joxé Mari Auzmendi (Dtor. *Hik Has*)
Jaume M. Bonafé (Univ. de Valencia)
Jaume Carbonell (Exdirector de *Cuadernos de Pedagogía*)
Giancarlo Cavinato (MCE, Italia)
Xavier Besalú Costa (Dtor. de *Perspectiva Escolar/UB*)
Tânia Maria Braga (Univ. Federal do Paraná, Brasil)
Moacir Gadotti (Univ. de São Paulo)
Francesc Imbemon (Consello de Dirección de *Guix/UB*)
Philippe Meirieu (Univ. de Lyon-2, Francia)
Francesco Tonucci (Istituto de Psicologia do CNR, Roma)
Antoni Zabala (Presidente de *Graó/UB*)
Philippe Watrelot (IUFM, París)

CREADO



O ser humano tivo dende o inicio dos tempos a necesidade de comunicarse e de transmitir o coñecemento aos seus semellantes. Ao longo dos séculos a tecnoloxía foi facilitando e modificando este proceso, xurdindo medios que permitiron que cada vez máis persoas se achegasen á información e ao coñecemento. Pero, se nos primeiros medios de comunicación de masas o proceso comunicativo era unidireccional e as audiencias tiñan o papel de receptores e consumidores da información creada por uns poucos, todo cambiou coa chegada de Internet e coa súa evolución como rede social onde as e os internautas reciben pero tamén crean información, ocupando un novo papel de prosumidores. A evolución das ferramentas tecnolóxicas cara a contornas cada vez máis intuitivas e amigables fai posible que, cuns mínimos coñecementos de informática, calquera persoa poida converterse en creadora de contidos en Internet. Calquera de nós podemos crear o noso podcast como se dunha radio se tratase, subir un artigo de opinión ao noso blogue como se traballásemos nun xornal, gravar un vídeo e subilo a YouTube como se fóssemos Chano Piñeiro, ou emitir en directo cun programa de actualidade mentres interactuamos cos nosos ouvintes como se estivésemos na TVG.

No entanto, esta visión tan optimista non nos pode facer esquecer que a utopía inicial de Internet da conexión global, de acceso libre ao coñecemento e de participación democrática tamén esconde un universo de captación da nosa atención, de monetarización do noso tempo nos servizos falsamente gratuítos que se nos ofrecen na Rede, de creación dun cómodo, personalizado e aditivo mundo dixital.

A Revista Galega de Educación (RGE) quere atender esta nova realidade e explorala tanto no que afecta ao alumnado e ao profesorado coma á cidadanía, así como nos seus aproveitamentos na aula. Por isto dedicamos este número ás creadoras de contido no mundo da educación, persoas comprometidas cunha visión de Internet como espazo de participación e de intercambio horizontal de información que deciden compartir coa comunidade educativa coñecementos valiosos. Trátase dun monográfico esencialmente práctico onde faremos un percorrido por diversos tipos de contidos que se poden atopar en distintas plataformas.

CON

RAS DE



Así, Nee Barros, escritore e divulgadore cultural, presentaranos a súa canle en Youtube sobre literatura galega “Neeumatiko”, reflexionando sobre as posibilidades desta plataforma para a divulgación e aprendizaxe da lingua e literatura galegas. Julio Mulero, profesor universitario, achéganos a Twitter e as súas posibilidades educativas, tanto para os docentes, que poden compartir información e coñecemento cos seus compañeiros e compañeiras, como para os estudantes, que poden convertese tamén en divulgadores, compartindo as súas aprendizaxes nesta rede social e aprendendo neste proceso de creación de contidos. Pola súa parte, Pablo Rodríguez, docente, amósanos tamén o seu traballo na súa canle de Youtube dedicada á formación docente e á facilitación dos distintos procedementos administrativos que moitos temos que facer ao longo da nosa carreira docente. A continuación, Francisco Brea e Iria Veiga, químico e psiquiatra, fálannos do seu proxecto de divulgación científica en Twitch, *Balea vermella*. Sen dúbida, esta plataforma de vídeo *streaming* ofrece unhas posibilidades de participación de interese educativo. Cambiando do formato audiovisual para pasar á radio, Lucía Abarrategui e Sergio Pascual, periodistas e expertos en radio, amosan a súa iniciativa Laboratorio de radio, un proxecto de radio escolar que nos descobre as increíbles posibilidades que ten a creación de podcasts e radio en directo no ámbito educativo. Tamén Miguel Abaira, profesor de secundaria, invítanos a descubrir as posibilidades do formato podcast presentándonos o seu proxecto Somos Historia, co que, como el di, se coa no Spotify do alumando. Rematamos o monográfico coa reflexión de Alfonso Gutiérrez, catedrático da Universidade de Valladolid e experto en educación mediática, sobre o lugar que ocupan e deben ocupar Internet e as pantallas na escola. ■

Patricia Digón Regueiro
Marcos Chavarría Teijeiro
Coordinadores do monográfico

TIDO

Resumos Resúmenes Abstracts

DIVULGAÇÃO EM GALEGO NO YOUTUBE, COMUNIDADE E EXPERIÊNCIA PRÓPRIA

Divulgación en galego en YouTube, comunidad y experiencia propia

Educational content in Galician on Youtube, community and personal experience

NEE BARROS FERNÁNDEZ

YouTube, galego, divulgación

YouTube, gallego, divulgación

YouTube, Galician, educational content

A Internet conta con moitas iniciativas que empregan o galego de xeito creativo e vivo. Nesta forte comunidade, encontramos proxectos divulgativos como o canal do YouTube *neeumatiko*, de literatura galega. A divulgación é útil para o ensino, e tamén un traballo que valorizar.

Internet cuenta con muchas iniciativas que usan el gallego de forma creativa y viva. En esta fuerte comunidad encontramos proyectos divulgativos como el canal de YouTube neeumatiko, de literatura gallega. La divulgación es útil para la enseñanza, y también un trabajo que valorar.

The Internet has plenty initiatives that use Galician in a creative and vivid way. In this strong community we can find educational content such as *neeumatiko*'s YouTube channel, which talks about Galician literature. Educational content is useful for learning, and it is also a work that we must appreciate.



TWITTER, DOCENCIA A CEO ABERTO*Twitter, docencia a cielo abierto**Twitter, teaching in the open*

JULIO MULERO GONZÁLEZ

Redes sociais, Twitter, ensinanza-aprendizaxe
 Redes sociales, Twitter, enseñanza-aprendizaje
 Social networks, Twitter, teaching-learning

Twitter, xunto ao resto de redes sociais, forma parte do noso día a día. A nivel docente, Twitter ofrece un inmenso catálogo de recursos que crece por segundos e, ademais, pode ser empregado para promover numerosas capacidades nos nosos alumnos e alumnas.

Twitter, junto al resto de redes sociales, forma parte de nuestro día a día. A nivel docente, Twitter ofrece un inmenso catálogo de recursos que crece por segundos y, además, puede ser utilizado para promover numerosas capacidades en nuestros alumnos y alumnas.

Twitter, along with other social networks, is part of our daily lives. At a teaching level, Twitter offers a huge catalogue of resources that grows by the second and, in addition, it can be used to promote numerous skills in our students.

VÍDEOS QUE FORMAN DOCENTES*Videos que forman docentes**Videos that train teachers*

PABLO ANTONIO RODRÍGUEZ VILA

Formación Docente, YouTube
 Formación Docente, YouTube
 Teacher training, YouTube

Hogano, o profesorado, ademais de formarse na súa materia e nas novas tecnoloxías, debe ser quen tamén de desenvolverse nas distintas aplicacións web que a Consellaría de Educación pon ao seu dispor. Neste artigo analizamos unha ferramenta que pode axudar o profesorado a acadar o anterior obxectivo.

Hoy en día, el profesorado, además de formarse en su materia y en las nuevas tecnologías, debe ser también capaz de desarrollarse en las distintas aplicaciones web que la Consellaría de Educación pone a su disposición. En este artículo analizamos una herramienta que puede ayudar al profesorado a alcanzar el anterior objetivo.

Nowadays, teachers, as well as being trained in their subject and in new technologies, must also be able to develop themselves in the different web applications that the Consellaría de Educación (Regional Ministry of Education) makes available to them. In this article we analyse a tool that can help teachers to achieve this objective.

DIVULGAR CIENCIA EN TWITCH: UNHA EXPERIENCIA COS NOVOS FORMATOS*Divulgar Ciencia en Twitch: una experiencia con los nuevos formatos**Popular science in Twitch: an experience with new formats*

FRANCISCO JAVIER BREA BALEA, IRIA VEIGA RAMOS

Divulgación científica, redes sociais, Balea Vermella
 Divulgación científica, redes sociales, Balea Vermella
 Science popularization, social media, Balea Vermella

Os autores relatan a súa experiencia na iniciativa de divulgación científica *Balea Vermella*, unha canle na plataforma *Twitch* dende a que realizan entrevistas en directo a persoas galegas relevantes nos seus respectivos campos de investigación.

Los autores relatan su experiencia en la iniciativa de divulgación científica Balea Vermella, un canal en la plataforma Twitch desde la que realizan entrevistas en directo a personas gallegas relevantes en sus respectivos campos de investigación.

The authors tell their experience in the project about popular science *Balea Vermella*, a channel in the streaming platform *Twitch*, where they do live interviews to relevant Galician researchers.

A RADIO NA ESCOLA: CANDO O PROCESO CONTA*La radio en la escuela: cuando el proceso cuenta**School radio: when process counts*

LUCÍA ABARRATEGUI AMADO, SERGIO PASCUAL ESPINILLA

Radio, podcast, escola
 Radio, podcast, escuela
 Radio, podcast, school

A radio escolar ancora as súas orixes na alfabetización das comunidades rurais, como fórmula de formación a distancia e, máis tarde, como medio que converte o alumnado no centro da súa aprendizaxe. Esta evolución, alentada polas novas metodoloxías educativas e unha maior accesibilidade técnica, abriu un amplo abano de experiencias que sinalan a importancia do proceso perante o resultado. Pero como se xesta o proceso?

La radio escolar ancla sus orígenes en la alfabetización de las comunidades rurales, como fórmula de formación a distancia y, más tarde, como medio que convierte al alumnado en el centro de su aprendizaje. Esta evolución, alentada por las nuevas metodologías educativas y una mayor accesibilidad técnica, abrió un amplio abanico de experiencias que señalan la importancia del proceso frente al resultado. Pero ¿cómo se gesta el proceso?

Radio at school anchors its origins in the literacy of rural communities, as a formula of distance education and, later, as a way that transforms students the centre of their learning. This evolution, encouraged by new educational methodologies and a better technical accessibility, opened a wide range of experiences which point the importance of the process over the result. But how does the process come about?

SOMOS HISTORIA: A CLASE NO SPOTIFY DO ALUMNADO

Somos Historia: la clase en el Spotify del alumnado

We are History: the class into the Spotify of the students

MIGUEL A. ABRAIRA PÉREZ

Podcast, Historia, ABAU
Podcast, Historia, EVAU
Podcast, History, Year 13

Somos Historia era unha idea tola: nun mundo dominado pola tiranía das pantallas, crear unha serie en formato podcast coa que axudar a un alumnado de 2º Bacharelato abafado por unha materia enciclopédica. Sen equipos radiofónicos nin aulas virtuais. Só cun teléfono móbil. E cun reto: coar a Historia no Spotify do alumnado.

Somos Historia era una idea loca: en un mundo dominado por la tiranía de las pantallas, crear una serie en formato podcast con la que ayudar a un alumnado de 2º Bachillerato abrumado por una materia enciclopédica. Sin equipos radiofónicos ni aulas virtuales. Sólo con un teléfono móvil. Y con un reto: colar la Historia en el Spotify del alumnado.

Somos Historia was a crazy idea: in a world dominated by the tyranny of screens, to create a series in podcast format with which to help a student of Year 13 overwhelmed by an encyclopedic subject. Without radio equipment or virtual classrooms. Just a cell phone. And with a challenge: to put History on the students' Spotify.



INTERNET E PANTALLAS NA ESCOLA. ALGUNHAS CONSIDERACIÓNS

Internet y pantallas en la escuela. Algunas consideraciones

Internet and screens: some considerations

ALFONSO GUTIÉRREZ MARTÍN

Educación mediática, innovación educativa, tecnoloxía dixital

Educación mediática, innovación educativa, tecnología digital

Media literacy education, educational innovation, digital technology

A situación vivida durante a pandemia de obrigada ensinanza a distancia debería servir para cuestionar modelos de ensinanza enciclopédica, para levar a cabo actividades de aprendizaxe colaborativa e construción conxunta do coñecemento. A verdadeira innovación educativa vai máis aló da didáctica e, con novas ou menos novas tecnoloxías, debe contribuír á formación dunha cidadanía crítica e participativa, e ao respecto aos dereitos humanos.

La situación vivida durante la pandemia de obligada enseñanza a distancia debería servir para cuestionar modelos de enseñanza enciclopédica, para llevar a cabo actividades de aprendizaje colaborativo y construcción conjunta del conocimiento. La verdadera innovación educativa va más allá de la didáctica y, con nuevas o menos nuevas tecnologías, debe contribuir a la formación de una ciudadanía crítica y participativa, y al respeto a los derechos humanos.

The compulsory distance education context due to the pandemia should have been useful to question encyclopedic teaching models and introduce collaborative leaning processes to build share knowledge. The real educational innovation goes beyond the didactics and, with new technologies or less new technologies, should contribute to the education of critical and participative citizens, and to the defense of human rights.

CREACIÓN DE CONTIDOS DIXITAIS CO ALUMNADO DE INFANTIL

Creación de contenidos digitales con el alumnado de infantil

Making digital content with kindergarten children

ALBA PRESEDO ARNOSO, MARÍA LEMA FERNÁNDEZ

Educación dixital, proxectos, biblioteca escolar
Educación digital, proyectos, biblioteca escolar
 Digital education, projects, library school

En Barrionovo as ferramentas e os recursos dixitais forman parte da nosa práctica docente diaria vertebrada a través da Biblioteca escolar e os proxectos relacionados con ela, e con eles pretendemos axudar ao noso alumnado no seu proceso de aprendizaxe creando diferentes tipos de contidos.

En Barrionovo las herramientas y los recursos digitales forman parte de nuestra práctica educativa diaria vertebrada a través de la Biblioteca Escolar y los proyectos relacionados con ella, y con ellos pretendemos ayudar a nuestro alumnado en su proceso de aprendizaje creando diferentes tipos de contenidos.

At Barrionovo the tools and the digital resources are a part of our daily teaching practice supported through the school library and the projects related with it, and with them we try to help our students at their learning process creating different kind of contents.



A INTERVENCIÓN EDUCATIVA MODELO BURELA

La intervención educativa Modelo Burela

The Burela Model educational intervention

BERNARDO PENABADE

Escola, sociedade, colaboración
Escuela, sociedad, colaboración
 School, society, collaboration

A intervención educativa Modelo Burela comezou responsabilizándose de orientar as actuacións do concello en materia lingüística. Ao longo dos anos foi introducindo múltiples áreas de traballo: a comunicación xornalística, a atención á diversidade, intercambios educativos, xornadas de animación á lectura e un amplo conxunto de actividades destinadas á cidadanía, dentro do marco de colaboración entre a escola e a sociedade.

La intervención educativa Modelo Burela comenzó responsabilizándose de orientar las actuaciones del ayuntamiento en materia lingüística. A lo largo de los años ha introducido múltiples áreas de trabajo: la comunicación periodística, la atención a la diversidad, intercambios educativos, jornadas de animación a la lectura y un amplio conjunto de actividades destinadas a la ciudadanía, dentro del marco de colaboración entre escuela y sociedad.

The Burela Model educational intervention began by taking responsibility for guiding the actions of the city council in linguistic matters. Over the years, it has introduced multiple areas of work: journalistic communication, attention to diversity, educational exchanges, days to encourage reading and a wide range of activities aimed at citizens within the framework of collaboration between school and society.



Divulgaçom em galego no YouTube, comunidade e experiència própria

Nee Barros Fernández

Divulgadore cultural no YouTube

neematiko@gmail.com

Com a chegada das novas tecnoloxías os xeitos de aprender mudáronse. O acceso à información multiplicou-se e, con ele, as oportunidades para adquirir novos coñecementos. Às veces olhamos con desconfianza à Internet. Pensamos que é un buraco negro que absorbe o noso tempo para “fazer cousas produtivas” e, por isso, tentamos minimizar o seu impacto con prohibicións e restricións temporáreas. Mas, e se mudássemos a olhada? E se comezásemos a entender a rede como una ferramenta, mudando os límites pola aprendizagem das súas posibilidades?

Se nos mergulhamos na Internet galega podemos atopar un monte de contidos didáticos que, partindo do altruísmo, tentan chegar novas aprendizagens ao máximo público posible. Que fan accesible o coñecemento ao tempo que normalizan a nosa lingua. Este é o caso de proxectos de ciencia como *Balea Vermella*, *Ecós de Xigantes* ou *Ciencia e Tal* na plataforma Twitch. Ou o *Astroxabi*, o *Son das Ideas* e o *Xacobo de Toro Cacharrón* no YouTube. Mas tamén podemos falar de proxectos arredor de luitas sociais e citar o *Rabelo*, *Pingando*, as *Womansplainers* ou *Un rapá tranquilo*. Sobre viaxens temos *Toxío*; sobre videoxogos, o *Recuncho Gamer* ou a *Revista Morcego*; sobre tamén videoxogos, series e libros, *Lilium*; sobre música, *Cousxs*; de ASMR temos *Na utopía non existe a vertice ASMR* e *CousasarismASMR*; sobre filmes, *Galician Freaky*

REVISTAGALEGA
DE EDUCACIÓN

ISSN: 1132-8932

Páx. 12-14


Film Festival; sobre Doutor Who, *Gallifrey Ceive*... A listagem é imensa e agrupa-se arredor de iniciativas como *Twitch en Galego*, *Podgalego*, os hashtags do prémio *#youtubeiras* ou *GalegoTube* (esta última coordenada polo Fran da *Lobeira Today*, que no seu projeto conta com listagens mensais de canais do Youtube em galego). Nom podiam faltar "influencers" nesta comunidade: *Olaxonmario*, *Malva (todomal.va)*, *Pradorua*... Para o professorado, uma referência fundamental é o *Pablo Rodríguez Vila*.



Neste contexto, nom som poucos os materiais que podem servir de recurso para a aprendizagem da nossa língua e literatura. Som bastante conhecidas as iniciativas do *Digocho Eu* ou *Emgalego*, mas também encontramos

no Instagram um universo "bookstagram" galego (recomendo-vos que visitades a página de *@libroscontos*, com um desafio leitor que agrupa diversas contas). No YouTube temos de recomendações literárias a conteúdos mais didáticos como algum dos vídeos de *Coidado coa cadela!*. E, graças a esta comunidade, projetos como o meu canal *nneumatiko* podem desenvolver-se.

Nneumatiko nasceu um 12 de março do 2020, o dia em que a atividade docente presencial foi suspendida por mor da COVID-19. Dito doutro jeito: o dia em que nos dixerom que nom iríamos ao instituto por duas semanas, que depois acabariam por ser muitas mais, com confinamento incluído. Daquela eu estudava 2º de bacharelato e lembro o pânico entre a gente da minha aula ao escutar a nova. Nom sabíamos como íamos preparar as ABAU nem como continuaríamos o curso. No meu caso, que precisava de interaçom e trabalhos para estudar, pensei que tinha que fazer algo para nom perder o ritmo. Como gostava de explicar o temário e partilhar os meus apontamentos coa classe para interiorizar os conteúdos, pensei em gravar vídeos fazendo isso mesmo. Falando-o com algumas amizades, dixerom-me que seria útil que os subisse, por se ajudavam a alguém. Assim que decidim que, como noutras matérias já existiam conteúdos desse estilo, começaria com galego. Também devo aclarar que a literatura galega sempre foi um dos meus temas favoritos, e que contava com um mínimo de formaçom audiovisual, pois estudava o bacharelato de artes cénico-musicais e gostava de fazer curta-metragens e fotografias no meu tempo livre.



Sempre quixera fazer um canal para falar de livros em galego, mas nunca pensara que a minha opiniom sobre as leituras que fazia pudesse ser interessante. O canal dava-me a oportunidade de falar de literatura galega doutro jeito. É certo que tinha a data limite do selectivo, e por isso devia subir os vídeos rapidamente, mas tentava trabalhá-los o máximo possível. No IES Frei Martín Sarmiento deixaram-me levar vários manuais o último dia de aulas, e também tentava contrastar materiais e apontamentos já criados doutros centros de ensino para cada vídeo, foi todo um desafio.


Aos poucos, o meu conteúdo foi chegando às aulas. O aluado escrevia-me agradecendo o que fazia, dizendo que estudavam comigo, que lhes ajudara com os seus trabalhos... Isto foi um apoio fundamental para mim durante a pandemia. Muito professorado também empregava os vídeos, e penso que podem

ser um apoio útil para a matéria de galego. Ao final, as horas de docência som limitadas (sobre todo em 2º de bacharelato), e os resumos da parte mais teórica da história da literatura galega podem deixar mais tempo para tratá-la com um enfoque prático, que é o que às vezes falta. Atualmente dedico-me mais a recomendar livros atuais e a fazer ativismo LGBTIQA, sobre o pronome neutro em galego: elu... mas sempre com essa ideia da divulgação da literatura galega.

mas e apoios gráficos às tuas explicações, estruturando a informação de jeito dinâmico. Ao ser o YouTube um médio relativamente novo, também pode aumentar o interesse de quem vê os teus vídeos polas temáticas das que trata, chegando mesmo a gente que nom esteja interessada inicialmente. Além de todo isto, os teus conteúdos ficam publicados de acesso livre, podendo ajudar a muitas persoas; e tu também podes desfrutar dos conteúdos que outras per-

menos “memorístico” ao temário. Pode ajudar a construir um verdadeiro interesse e fomentar uma pesquisa de informação autónoma, ademais duma aprendizagem coletiva e que involucre a diferentes matérias.

Por último, acho que é importante destacar que, para criar recursos educativos no YouTube, também há que formar-se. Igual que para escrever um artigo académico, a divulgação precisa de muito trabalho prévio, e também de muita síntese.




A creación de conteúdos didáticos no YouTube conta con muitas vantagens. Num primeiro lugar, mais individualmente, forza-te a aprender e investigar aquele tema sobre o que queiras divulgar, e sempre acabas por descubrir novos dados. Em segundo lugar, também tes que aprender a sintetizar se queres que os teus conteúdos nom sejam pesados demais, e conectar con o teu público. Por outro lado, o formato audiovisual permite-che incluir esque-

soas criam. Assim, tecem-se redes e comunidades mui lindas como a de #youtubeiras. Se ademais empregas o galego, contribúes a normalizar a nossa língua.

Por isto todo penso que o consumo de divulgação nas aulas pode ser uma ferramenta útil, mas também a realización. Que o alunado elabore os seus propios materiais divulgativos naquelas plataformas que sejam do seu interesse pode constituir uma atividade alternativa para um achegamento

se. Ainda que um vídeo acabe por durar 10 minutos, nós deberíamos ser capazes de falar desse mesmo tema muito mais tempo. E isto tem que levar-nos a valorizar também as persoas que nos dedicamos a isto. Investigación, muita síntese, selección dos dados mais relevantes, ver o jeito de explicá-los para um público nom formado, edición, difusión... A divulgação em redes também é um trabalho, e deberíamos apreçá-la como tal apoiando a gente que a isso se dedica. ■



bre todo, o teu twitter. Ti decides con que frecuencia queres publicar, que tipo de publicacións compartir e como e con quen interactuar. Ti decides que tipo de usuario queres ser. Dos que propoñen ou dos que dispoñen. Dos que achegan ou dos que apartan. Coma a vida mesma, vaia.

A pesar de que a maioría de contas non responden a un obxectivo profesional concreto, gran cantidade delas están ben delineadas. Un/ha pode atopar contas que falan de videoxogos, comida saudábel ou cinema. *Para gustos, cores.* E tamén, como non, recoñécese un *Twitter docente* composto por profesionais que estamos convencidos/as das vantaxes que supón utilizar Twitter para mellorar a nosa docencia. Un *#claustrvirtual* formado por un exército de docentes, divulgadores/as e científicos/as dispostos a compartir as súas propostas para recibir, a cambio, un *feedback* inigualábel. E, de paso, inspirar e axudar ao resto de compañeiros/as. De feito, aínda que dispoñas de materiais máis que suficientes para introducir calquera tema, non dubides de que o *#claustrvirtual*, *chíos na man*, pode proporcionarche mil ideas máis (ver,

por exemplo, unha recompilación de fíos matemáticos en Mulero, 2018). Ademais, teñamos en conta que estas publicacións adoitan ser recollidas nas webs ou blogues dos seus autores/as (no meu caso, Mulero, 2019).

Porén, para alén da nosa aprendizaxe persoal, *que hai do uso de Twitter cos nosos alumnos e alumnas?*

En PRIMEIRO LUGAR, Twitter pode servir para potenciar o *espírito crítico e reflexivo*. Non en balde, coma se dun aviario ruidoso se tratase, o complicado é recoñecer aquelas aves que motivan e inspiran. Non se trata de deixalos en soidade, senón de acompañalos no seu periplo. A tal fin, podemos facer uso dun *#hashtag* para recomendar lecturas, recursos e actividades. Se, ademais, lles propoñemos que o utilicen eles/as mesmos para facernos chegar aquelas publicacións que consideran relevantes para un tema concreto, reuniremos información sobre a *súa percepción da materia e o tempo dedicado á rede*. Trátase de dotalos de ferramentas para que fagan un uso responsable concienciándoos das súas vantaxes e inconvenientes.

En SEGUNDO LUGAR, Twitter pode axudar a desenvolver a capacidade de expresión escrita e visual e as súas habilidades para a interacción con todo tipo de individuos. Neste sentido, podemos propoñerlles confeccionar uns *chíos* sobre algún tema concreto (imaxes ou animacións incluídas). Facer isto de 280 en 280 caracteres non é trivial e incidiría na súa habilidade para a selección de contido, a capacidade de síntese e a claridade da exposición. Se lles facemos algunha pregunta, mesmo poderemos valorar o seu código de conduta no mundo virtual (ver <https://www.netiquetate.com/>). Trátase de promover a súa creatividade sensibilizándoos da importancia sobre o que se di, canto se di e como se di.

Ninguén dubida de que o que ocorre dentro da aula é indispensable no proceso de ensino-aprendizaxe, pero todo continúa fóra dela. Hoxe, máis que nunca, os nosos alumnos/as necesitan orientación para xestionar o seu voo nun mundo (por momentos) abafante. Twitter é ideal para acompañalos ao exterior e continuar o noso labor. Un labor que, desde este punto de vista, habita na fronteira entre a docencia e a divulgación. E non esquezamos, para máis inri, que asomarse ao país da divulgación é a mellor maneira de espertar vocacións nos nosos estudantes. *A ceo aberto é o mellor lugar para soñar.* ■

REFERENCIAS

- MULERO, J. [@juliomulero]. (25 de setembro de 2018). *No quisiera perder el hilo... así que aquí los tengo todos.* [Tweet]. Twitter.
<https://twitter.com/juliomulero/status/1044551367887671296?s=20>
- MULERO, J. (18 de enero de 2019). *El Último Verso de Fermat.*
<https://elultimoversodefermat.wordpress.com/>



Vídeos que forman docentes

Pablo Antonio Rodríguez Vila

IES As Mariñas de Betanzos

pabl@edu.xunta.gal

Hogano, todas sabemos que o profesorado non só ten que instruírse na súa materia e nos contidos relacionados con ela, senón que tamén o ten que facer nas novas tecnoloxías. Mais non só iso, xa que, hoxe en día, o persoal docente debe ser quen igualmente de desenvolverse nas distintas aplicacións web e procedementos que a Consellaría de Educación pon ao seu dispor.


Seguramente, moitas docentes identificamos Youtube como unha plataforma audiovisual da que obter contidos útiles e interesantes para empregar nas aulas. Permitídemme neste momento mencionar canles que estou seguro que poderedes aproveitar nas vosas clases, como por exemplo as de *Xacobo de Toro* ou *O son das ideas*, para as materias de ciencias, ou as de *Neeumatiko* e Galego para *casca-rilleiros*, nas disciplinas de letras.

Emporiso, a posibilidade que ofrece esta plataforma de vídeos para formármonos nos procedementos e aplicativos web anteriormente mencionados é menos coñecida. Youtube ten, ademais, unha serie de vantaxes á hora de transmitir coñecemento que lle outorgan un valor engadido, como poden ser a facilidade para partillar en redes sociais ou por correo electrónico, a facilidade do proceso de subida dos vídeos, a capacidade infinita de almacenamento, un público potencial moi alto, a posibilidade de visualizar os contidos desde cal-

REVISTAGALEGA
DE EDUCACIÓN

ISSN: 1132-8932

Páx. 17-20



quera dispositivo (ordenador, tableta, televisión etc.), accesibilidade en calquera día e hora etc.

UNHA CANLE DE YOUTUBE PARA O PROFESORADO GALEGO

Na miña canle (<https://www.youtube.com/c/PabloRodriguezvila>), calquera dos que nos dedicamos ao ensino, teremos acceso a información docente de actualidade, a vídeos en directo onde é posible unirse e resolver dúbidas e a tutoriais sobre calquera procedemento en que debemos ou podemos participar e que a Consellaría pon ao noso dispor: procedementos de mobilidade como o Concurso Xeral de Traslados, o Concurso de Adxudicación de Destinos Provisionais, as permutas, as comisións de saúde ou conciliación; ou procedementos relacionados cos datos persoais como cambiar o número de conta bancaria,

achegar partes médicos, solicitar permisos e licenzas ou cambiar de entidade sanitaria. E formarse nestes aplicativos non é sinxelo, sobre todo pola falta de medios para facelo.

Certo é que, en contadas ocasións, a propia Consellaría nos fornece de tutoriais en formato PDF e de números de contacto para solucionar dúbidas, mais todos coñecemos o fastío que pode provocar un tutorial en PDF e o difícil que resulta, case sempre, contactar coa Consellaría. Por sorte, na actualidade, hai outros métodos máis axeitados para que os que temos como profesión a ensinanza, nos formemos en todos os anteriores procedementos. Un deles é Youtube. O formato audiovisual ofrece unha serie de vantaxes fronte a outro tipo de tutoriais: os vídeos poden verse as veces que for preciso, permiten volver a momentos sobre os que teñamos dúbidas;

os vídeos emitidos en directo, que unha vez rematados se poden ver como un vídeo máis e que, polo tanto, acaban tendo as mesmas vantaxes ca estes, abren unha oportunidade a maiores ao permitiren facer preguntas no chat que poden ser resoltas con total inmediatez.

TIPOS DE VÍDEOS QUE OFRECE YOUTUBE

a) Os curtos (Youtube shorts)

Este tipo de vídeos teñen unha duración máxima de 60 segundos e permiten inserir ligazóns na súa propia descrición para ampliar o contido. Pola súa curta extensión non precisan dun guión e son sinxelos de realizar, xa que cun teléfono móbil e un soporte para suxeitalo será suficiente.

Na miña canle de Youtube, a información de actualidade trasládase mediante estes vídeos curtos, que están restrinxidos a aquelas novas que a Consellaría de Educación non publica na súa web, coma por exemplo: as vacantes para o CXT que as Xefaturas Territoriais envían aos sindicatos, as convocatorias de docentes no exterior, os cambios legislativos, a información das reunións entre sindicatos e Consellaría etc.

b) Os vídeos

Este é o formato rei. Youtube contén millóns de vídeos con duracións que van desde un par de minutos ata incontables horas (máis de 13 mil horas ten o vídeo máis longo que podemos atopar). E tamén no noso caso vai ser o formato máis habitual, xa que estamos falando dos vídeo-tutoriais, que son os que máis traballo implican. Estes, cunha duración que pode variar entre os tres minutos, para os procedementos máis sinxelos, como cambiar o nú-

mero de conta, e os 40 minutos para un dos máis complexos, como pode ser o do CXT, na miña canle aparecen divididos en varias seccións: mobilidade (CXT, permutas etc.), substitucións (como entrar nas listas e o seu funcionamento, habilitarse para o ensino privado etc.), oposicións (como inscribirse nelas, a documentación que hai que achegar cando se superan etc.), trámites habituais (cambiar o número de conta, subir partes médicos etc.), aplicacións e produtos para profesorado (amplificadores de voz, punteiros láser etc.), trámites coa administración (como presentar documentación no rexistro electrónico, como pagar taxas etc.) e correo electrónico (como configurar o correo corporativo en distintos xestores de correo).

En canto á súa elaboración, son os máis afanosos. Requieren unha preparación en varias fases. A primeira consiste na recollida de información de diversas fontes para despois poñelas en común nun guión. A segunda fase sería converter en audio e vídeo o dito guión. Para isto precísase un ordenador cun software específico de edición de vídeo, no meu caso Filmora X, ademais doutros complementos como micrófono e auriculares. A última fase sería a produción do vídeo unha vez rematada a súa edición. De media, estamos falando dunhas seis horas por vídeo.

c) Os directos

Youtube (e tamén Twitch, onde, desde hai uns meses, comecei a facer tamén emisións en directo nas que varias veces por semana resolvo dúbidas) ofrece a posibilidade de realizar emisións en directo que poden ser seguidas en vivo por espectadoras que poden usar

un chat para comunicarse coa persoa que as realiza. E esta, a interacción case en tempo real, é a principal vantaxe deste tipo de vídeo.

No meu caso, nos directos, que son complementarios aos tutoriais e, polo tanto, temáticos (sobre oposicións, sobre comisións de servizo, sobre os distintos concursos de mobilidade etc.), o profesorado pode formular no chat todas as dúbidas, as cales son solucionadas durante a transmisión en vivo. Teñen unha duración moi superior a calquera dos restantes vídeos da canle, achegándose habitualmente ás dúas horas. Todos adoitan ter a mesma estrutura: unha introdución onde se explica a temática e como se vai organizar o directo, a explicación de como funciona o procedemento en cuestión, acompañada dunha participación en vivo, e a parte final, onde se responden as dúbidas que as docentes deixan no chat.

Os directos, a pesar de ter unha duración media de dúas horas, moito maior que a dos anteriores, son tamén bastante doados de preparar. Aquí habería que falar de dúas etapas. Novamente, a primeira é o guión, que loxicamente aproveitaremos do tutorial complementario, é dicir, se o directo é sobre o Concurso Xeral de Traslados, cómpre aproveitar o guión do tutorial sobre o mesmo procedemento. E a segunda fase sería a propia emisión do directo, para a que é preciso un ordenador, unha plataforma que permita emitir vídeo en directo, coma Youtube, un software para facelo, no meu caso OBS Studio, e tamén elementos complementarios como cámara web, micrófono, auriculares ou altosfalantes, focos led etc.

O PROCESO DE DIFUSIÓN DOS VÍDEOS

A difusión dos vídeos é común a todos eles e tamén a todos os creadores de Youtube. Consiste en espallalos nas redes sociais co obxectivo de que cheguen ao maior número de persoas posible. Este proceso de difusión dos vídeos de calquera canle de Youtube é importante e debe de estar ben preparado e organizado.

No meu caso, cada tipo de vídeo ten un proceso de espallamento común e outro diferente en función do tipo de vídeo. O común está en que todos se publican automaticamente en Discord (a única aplicación que avisa en tempo real das publicacións da Consellaría de Educación, con máis de 8700 usuarios) e nas miñas redes sociais persoais (sobre 2000 seguidores). A automatización conséguese grazas a unha aplicación de pago chamada Zapier. E as diferenzas en función do tipo de vídeo son:

- 1) As curtas: estes vídeos, ao ser informativos e de actualidade, poden publicarse en calquera momento. Desde que saen á luz, a difusión consiste en copiar a ligazón e compartila nos estados de Whatsapp. Nalgún caso, se a información é moi importante, poden ser compartidos tamén no grupo de Facebook (máis de 19000 membros) e na canle de Telegram (máis de 5900 membros).
- 2) Os vídeo-tutoriais: a publicación destes vídeos está programada para cada sábado ás 19 horas. Despois da súa publicación compártense en Facebook, onde son fixados na parte superior do muro para máis visibilidade, en Telegram e nos estados de Whatsapp. Ademais, publícanse durante unha semana, ata o próximo vídeo.



deo, na portada da páxina web ProfesoradoGalicia.com.

3) Os directos: normalmente emítense na fin de semana, ás 19 horas, e teñen exactamente o mesmo proceso de difusión que os vídeo-tutoriais anteriores.

Como anécdota relacionada coa difusión dos vídeos, é moi interesante poder comprobar que Facebook é a rede social onde máis profesorado chega a eles. Concretamente, no ano 2021, o 41,4% das persoas que viron os meus vídeos chegaron



de Facebook, o 14,1% fíxoo desde Discord, o 10,9% desde Telegram, o 7% desde Whatsapp, o 6.5% desde Google Search e só un 0,9% do propio Youtube.

AS ESTADÍSTICAS DA CANLE CONFIRMAN A SÚA UTILIDADE

A canle botou a andar en pleno confinamento, concretamente en maio do 2020. Nos restantes seis meses do ano, subíronse 40 vídeos que acadaron 115.155 visualizacións e un total de 8927 horas de reprodución. En decembro dese mesmo ano xa eran 4091 as persoas que gratuitamente se subscribiran á canle.

No ano 2021 todas as cifras anteriores víronse incrementadas. O total de vídeos ascendeu a 201, o tempo de visionado a 24.148 horas, as visualizacións a 368.368 e as docentes subscritas a 8082.

As anteriores cifras non pasaron inadvertidas para Youtubebeiras, o certame que premia as mellores creadoras de contidos en galego en Youtube, que

outorgou á canle o Premio do público no ano 2020 e o Premio impacto no 2021, ademais doutra nominación ao Premio comunicación.

O FUTURO DA CANLE

Non hai dous sen tres, así que no ano 2022 a canle seguirá a pleno rendemento e intentarase seguir coa publicación dun vídeo por semana como se leva facendo desde o ano 2020. Loxicamente, a canle de Youtube terá un final que cada día que pasa está máis preto; así que, antes de que chegue, bule a coñecer a canle de tutoriais para o profesorado galego! ■

BΔLEΔ



Divulgar Ciencia en Twitch: unha experiencia cos novos formatos

INTRODUCCIÓN: ANTECEDENTES E MOTIVACIÓN DO PROXECTO

A partir da década de 2010, co auxe dos blogs ou bitácoras, a divulgación científica pasa de ser un contido minoritario e marxinal nos medios de comunicación a volverse un foco de interese cada vez máis frecuente para as persoas que participan deste tipo de redes de difusión da información. Tamén institucións públicas como universidades e institutos de ensino medio crean as súas propias plataformas en formato blogue para divulgar os seus estudos e investigacións (López Nicolás, 2014). Aínda que segue a ser unha temática que fica moitas veces fóra dos medios de información xeralistas, cada vez son máis as persoas que demandan este tipo de contidos. Ao mesmo tempo, tamén cambia a percepción do labor de divulgación dentro da propia profesión científica: de consideralo un traballo subsidiario de pouco prestixio, mesmo coa connotación negativa de popularizar ou bastardear o coñecemento científico, a cobrar conciencia de que é imprescindible trasladar o coñecemento especializado á poboación xeral.

Isto reflíctese, por exemplo, no número de artigos publicados e indexados na plataforma PubMed coas palabras "scientific dissemination": pasamos de 102 entradas en 1993 a 4467 en 2021, o que

Francisco Javier Brea Balea


Químico e divulgador
franjabreba@gmail.com

Iria Veiga Ramos

Psiquiatra e divulgadora
iveigaramos@gmail.com

REVISTAGALEGA
DE EDUCACIÓN
INSTITUCIÓN DE GALICIA

ISSN: 1132-8932
Páx. 21-24



Número de artigos indexados en PubMed coas palabras-chave "scientific dissemination".

dá idea do crecente interese da comunidade científica na divulgación do coñecemento.

Aparece a preocupación sobre de que xeito se divulga, así como sobre o papel da comunicación científica fronte ás noticias falsas e á desinformación (Iyengar & Massey, 2019).

As novas plataformas audiovisuais, como Youtube, Instagram ou TikTok, toman o relevo dos blogues e dan cabida a unha nova fornada de creadores de contido científico na que o perfil se diversifica: aparecen numerosas mulleres divulgadoras (Soto Salom, 2019) nun campo antes eminentemente masculino. Por outra parte, a comunicación adquire un formato máis dinámico e coloquial, fuxindo á mantenta dos estereotipos da ciencia como algo elitista e dunha grave seriedade. Moitas destas novas figuras da divulgación están relacionadas con institucións universitarias por cursar estudos de doutoramento ou postdoutoramento nas súas respectivas disciplinas, pero non realizan comunicación institucional nin se recoñecen necesariamente no ámbito universitario.

No caso galego, aínda que existen divulgadores de orixe galega e que de xeito ocasional realizan actividades en lingua galega, a divulgación científica especificamente en galego é escasa e pouco vi-

sible. Nomes como Deborah García, divulgadora coruñesa que exerce a súa actividade fundamentalmente en castelán, participan en galego no programa *Galicia por Diante*, de Radio Galega, cada martes (Pereira, Silvia & Nova, Kiko, n.d.). Podemos citar tamén o programa veterano *Efervescencia*, na mesma emisora dende 2006 (Vicente, 2006). Porén, trátase de espazos semanais e breves, no caso de Galicia por Diante, ou relegados a franxas de moi baixa audiencia, como no caso de *Efervescencia*.

Posteriormente e ante a falta de referentes e alternativas, as divulgadoras e divulgadores galegos comezan a empregar os novos medios e ferramentas para dar a coñecer os seus contidos. Xorden así iniciativas como a de Xacobo de Toro, *CienciaClip* (de Toro, 2009) ou a de Darío Lago, *O Son das Ideas* (Lago, 2019), con formato de vídeo breve na plataforma YouTube.

Neste panorama aparecen os nosos propios proxectos individuais, un blogue de divulgación científica *O Outro Lado do Espello* (Veiga, 2006), no caso de Iria Veiga, e un proxecto de divulgación no campo da química en Twitter e Instagram, *Moléculas en Galego* (Balea, 2015), no caso de Javier Balea. Tras coincidir en iniciativas arredor da divulgación e da normalización lingüística,

como o evento LGX15 (Coordinadora de Traballadores/as de Normalización Lingüística, 2015), decidimos poñer en marcha un proxecto conxunto, nun primeiro momento en formato de vídeo breve, *Concienciadas* (Balea & Veiga, 2019). Esta iniciativa difundíuse en Youtube e noutras plataformas de vídeo como Vimeo, coa colaboración do xornal dixital Praza Pública (Lombao, 2012).

BALEA VERMELLA E OS NOVOS FORMATOS DE STREAMING

Temos claro que a divulgación científica nestes momentos pasa polos formatos audiovisuais, sen negar a relevancia doutros medios como os escritos. Con esta idea en mente, comezamos a explorar as posibilidades que ofrecen as plataformas de emisión en directo como Twitch. Aínda que se lanza en 2011, é a partir da súa adquisición pola empresa Amazon en 2014 cando Twitch presenta un crecemento exponencial. Orientada nun primeiro momento cara a eventos relacionados con e-sports e videoxogos, axiña se populariza e diversifica os seus contidos, conseguindo que moitos creadores de contido de vídeo migren dende outras plataformas, principalmente YouTube. No momento actual a plataforma recibe unha media de 26 millóns de visitas diarias.

A especificidade deste medio é a emisión en directo e a interacción cos espectadores en tempo real. Isto obriga a realizar un contido moito menos guionizado e máis espontáneo, dado que non existe a posibilidade de montaxe ou edición posterior dos medios en diferido, como si acontece no caso de Youtube. A aplicación inclúe unha fiestra conversacional que media a interacción en directo cos espectadores e que permite a súa participación nos contidos ofrecidos.

Dado que Twitch é un medio orientado exclusivamente á emisión en directo e non permite manter os contidos máis aló de 15 días para a súa visualización en diferido, optamos por empregar Youtube para albergar de xeito permanente as gravacións das nosas emisións, empregando tamén a plataforma Ivoox para acceder unicamente ao audio, e posibilitando así o seu consumo en formato podcast.

Balea Vermella comeza as súas emisións en febreiro de 2021, cando xa o proxecto levaba uns meses madurando pero animados tamén pola situación de pandemia e novas restricións á mobilidade. Neste sentido, cremos que Balea Vermella nace en parte froito das limitacións dun momento histórico moi concreto máis con vocación de continuidade.

O formato inicial é o de entrevistas a persoas destacadas da investigación científica, tratando de visibilizar os proxectos punteiros que se realizan no país e que en moitas ocasións non se coñecen, ademais de loitar contra o prexuízo de que a ciencia se fai fóra ou fana outros e outras. Intentamos tamén desmontar o estereotipo da persoa que se dedica



Transmisión de Balea Vermella.


á investigación como alguén afastado da realidade e centrada única e exclusivamente no seu obxecto de estudo. Neste sentido, falamos da parte estrutural, social e política que media e limita a investigación e o desenvolvemento científico: os orzamentos, a precariedade, a discriminación de xénero.

Con respecto a este último punto, non foi necesario explicar a nosa vontade de manter a paridade de xénero entre as persoas entrevistadas, isto deuse de xeito natural, en parte polos nosos presupostos sobre a cuestión, ao ser ambos persoas feministas. A isto tamén contribuíu o feito de que no ámbito da investigación haxa unha maioría de mulleres, especialmente na rama biosanitaria. Esta tendencia, desgraciadamente, acostuma a invertirse a medida que subimos nos chanzos de responsabilidade e toma de decisións.

Podemos dicir que Balea Vermella xorde como un proxecto claramente feminista, e aliñado coas reivindicacións do colectivo investigador e en contra da precariedade, a explotación laboral e en particular da discriminación que sofren as mulleres.

Por outra banda, cabe destacar que non entendemos o coñecemento científico como exclusivamente centrado no ámbito biomédico e das ciencias exactas, por iso abordamos tamén contidos como o marco legal dos investigadores e investigadoras, ou a loita do colectivo trans e as cuestións científicas arredor deste tema. Ademais a pedagogía e o ensino foron obxecto dun directo centrado nas tarefas para a casa e a súa eficiencia educativa. Nesta dirección, pretendemos continuar a incorporar contidos que soborden as marxes do que xeralmente entendemos como ciencia e que afiancen a idea de que calquera tema pode ser abordado cunha ollada crítica e perspectiva científica.

Conforme o proxecto foi trazando o seu percorrido, incorporamos novos formatos que alternan coas entrevistas a persoas relevantes na ciencia. Grazas ao patrocinio de Punto.gal e á colaboración de Edicións Xerais de Galicia, puidemos introducir entrevistas con autores da colección Básicos Ciencia de Xerais, incluíndo un sorteo entre a audiencia de exemplares da colección, e tamén concursos tipo *quiz* con outros agasallos cortesía de Punto.Gal e a par-



ticipación ocasional doutras editoras e proxectos culturais relacionados coa ciencia. Ademais, puidemos contar, grazas ao patrocinio desta entidade, cunha serie de colaboradores e colaboradoras fixas que unha vez ao mes presentan a sección *Cóctel Científico*, cun formato breve e ameno de exposición de aspectos concretos dos seus ámbitos de coñecemento.

RESULTADOS

Despois dun ano, valoramos esta experiencia como moi positiva e estimamos que acadamos maior repercusión da que agardabamos nun principio. Como exemplo, os espectadores do trimestre setembro-novembro de 2021 mantivéronse por riba de 150, chegando a acadar os 316. En canto ás reproducións en diferido, as visualizacións na canle

de Youtube superaron as 2000 e as escoitas en Ivoox foron máis de 500.

FUTURO

A boa acollida do noso proxecto e o afecto que sentimos por parte do público e das persoas entrevistadas faínos prever que Balea Vermella se converterá nun proxecto a longo prazo e que, a pesar de nacer no contexto da pandemia, ten vocación de continuidade. A nosa intención é ensaiar novos formatos e sinerxias con outros medios, como a nosa nova colaboración coa editorial Belagua arredor da recente publicación do álbum ilustrado *Galegas na Ciencia* (Blanco, 2021) ou co podcast *Café Derby*, da revista *Luzes* (Café Derby, 2022). Ademais, agardamos poder experimentar con formatos diferentes en canto a prudencia así o acon-

selle, abordando eventos con público presencial.

Sexa cal sexa o camiño que tome Balea Vermella, sabemos que o espírito co que naceu e que nos anima a realizar este traballo, permanece inalterado: somos dúas persoas unidas pola amizade ás que lles encanta falar de ciencia. ■

REFERENCIAS

- BLANCO, I. (2021). *Galegas na Ciencia*. Belagua.
- BALEA, J. (2011). "Moléculas en Galego".
- BALEA, J. & VEIGA, I. (2019). *Concienciadas*.
- "Café Derby 21 – Luzes" consultado o 31 de xaneiro de 2022.
- COORDINADORA DE TRABALLADORES/AS DE NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA (2015). "LGX15 Ideas para o futuro da lingua".
- DE TORO CACHARRÓN, X. (2022). "Cienclip." consultado o 31 de xaneiro de 2022.
- IYENGAR, SHANTO, E DOUGLAS S. MASSEY (2019). "Scientific Communication in a Post-Truth Society." *Proceedings of the National Academy of Sciences of the United States of America* 116,16 (16 de abril s.d, 2019): 7656–61.
- DE LARA, A. (2019). "Divulgación científica en redes sociais".
- LOMBAO, D. (2012). "Praza Pública".
- LÓPEZ NICOLÁS, J.M. (2014). "Los blogs universitarios de divulgación científica en el marco de la Ley de la Ciencia." *Cuadernos de Cultura Científica* (blog).
- "O Son das Ideas - YouTube." Accessed January 31, 2022.
- PEREIRA, SILVIA AND NOVA, KIKO. "Galicia por Diante." CRTVG: Radio Galega, s.d.
- FRANCO, R.; CARREAZO PARIASCA, J.; AGUILAR MADRID, J. & ESPINOZA HERRERA, D. (2018). Scientific dissemination in the field of public health. The experience of The National Health Institute. *Revista Peruana De Medicina Experimental Y Salud Pública*, 35(3), 515-522.
- SOTO SALOM, M. (2019). "El auge de las divulgadoras científicas en YouTube." *Huffinton Post*, February 11, 2019.
- VEIGA, I. (2022). "O outro lado do espello." O outro lado do espello. Accessed January 31, 2022.
- VICENTE, M. (2006). "Efervescencia." CRTVG: Radio Galega, 2006.



entra no futuro



UNIVERSIDADE DA CORUÑA

www.udc.gal



A radio na escola: cando o proceso conta

Lucía Abarrategui Amado

Universidade de Santiago de Compostela
lu.aba@hotmail.com

Sergio Pascual Espinilla

Universidade da Coruña
sergiopascual29@gmail.com

A radio escolar ancora as súas orixes na alfabetización das comunidades rurais, como fórmula de formación a distancia e, máis tarde, como medio que converte o alumnado no centro da súa aprendizaxe. Esta evolución, alentada polas novas metodoloxías educativas e unha maior accesibilidade técnica, abriu un amplo abano de experiencias que sinalan a importancia do proceso perante o resultado. Pero como se xesta o proceso?

1. INTRODUCCIÓN: POR QUE A RADIO NA ESCOLA?

A radio é unha ferramenta estimulante para traballar non só os diferentes contidos curriculares, senón tamén como xeito de mellorar as actitudes e habilidades sociais e comunicativas das persoas participantes. O alumnado ten voz propia e entra en contacto coa comunidade e con outras realidades a través do diálogo. Isto supón que o traballo colaborativo e a escoita activa sempre están presentes e que cada persoa desenvolve unha función significativa, en liña coas súas necesidades. Os propios procesos que demanda a radio facilitan que se promova o compromiso coa sociedade e unha perspectiva crítica perante as diferentes realidades que existen no planeta, incluíndo o propio contexto local.

Alén do papel que xoga o alumnado, para levarmos adiante unha radio escolar precisamos que o profesorado se involucre no pro-

REVISTAGALEGA
DE EDUCACIÓN

ISSN: 1132-8932
Páx. 26-29

ceso. Despois de máis de oito anos coa nosa iniciativa, Laboratorio de Radio, e desenvolvermos a actividade en diferentes contextos educativos, atopamos varios retos presentados polo profesorado durante as formacións. O primeiro céntrase no medo a traballar cos medios técnicos, o segundo ten que ver coa dificultade que supón motivar o alumnado cun medio tradicional como é a radio.

Como resposta a esa primeira preocupación, salientamos que na escola podemos facer radio cun teléfono, pois o primordial é tirar partido do que nos ofrece o proceso de crear contidos a través do xogo co silencio, a música, os efectos e a voz dende o traballo colaborativo. Obviamente, o uso dunha mesa de son pode abrir novos camiños educativos, motivar o alumnado e dar maior calidade de son. Secasí, a nivel técnico, estes son aparellos cada vez máis intuitivos e só de utilidade se van acompañados dun proceso. En relación á dificultade de motivar o alumnado a través da radio perante a posición preferente que ten a imaxe, cómpre salientar como agromou desde deste medio tradicional unha dimensión emerxente como é o podcast, que permite unha distribución por aqueles lugares virtuais por onde discorren os vieiros das novas xeracións.

2. A IMPORTANCIA DO PROCESO

Na creación dun contido sonoro, estruturarmos a aula en grupos de acción e asignarmos a cada un deles un labor que garante o desenvolvemento dun proceso inclusivo. A radio non é só falar diante dun micrófono, existen numerosas tarefas que podemos aproveitar para axustar a activi-



Os roles nunha radio escolar.

dade aos diferentes intereses, habilidades e capacidades do alumnado. Con todo, é positivo que o alumnado vaia mudando de rol e sexa quen de realizar todas as funcións que se desenvolven dentro da radio, as cales explicarémolas a continuación. Para establecer unha comparación coñecida, pensemos nunha emisora de radio local. O equipo humano é limitado, polo que todo o mundo ten que facer funcións de todo tipo: control técnico, produción ou redacción e locución de diversos contidos.

En termos prácticos, dentro do grupo que estea no apartado técnico, repártense funcións como a edición de audios, a montaxe do equipo antes da gravación e, durante a mesma, o manexo dos equipos.

En segundo lugar, está o equipo de produción. Este grupo terá como obxectivos a procura de persoas susceptibles de ser convidadas en coherencia coa temática e a xestión dos

tempos e espazos de gravación. Será tamén o equipo que exerza de relacións públicas do grupo, acompañando as persoas convidadas desde a entrada ao centro escolar ata a súa marcha, e estarán pendentes de calquera eventualidade que poida xurdir durante a gravación para solucionarla do xeito máis rápido e efectivo.

O terceiro grupo será o encargado da identidade sonora e visual do contido final. Respecto á cuestión sonora, referímonos á creación de cuñas, é dicir, publicidade que conciencie sobre temas cos que estea vencellado o programa. Alén das cuñas, existen os indicativos ou, dito doutro xeito, o nome da nosa radio e o lema que a identifica. Sirva de exemplo o do realizado no CPI Virxe da Cela: "RTVEnxebre, exprésate con nós!". Este indicativo pode ser cantando, entón falaremos de jingle. Tamén estará a careta, que é unha montaxe sonora que identifi-



Alumnado do CPI Virxe da Cela (Monfero) traballando nun programa de radio sobre a igualdade.

ca un contido e que adoita ir acompañada dunha sintonía e dos créditos. Na parte visual, o alumnado encargado elaborará o logo da nosa emisora e tamén haberá espazo para unha dimensión fotográfica ou de ilustración, que apoie os contidos.

En canto aos pasos que compoñen o proceso, coma se dunha casa se tratase, imos comezar polos cimentos: a idea e o seu enfoque. Unha idea que pode partir dos intereses do profesorado en relación, por exemplo, ao proxecto que se estea traballando no colexio ao longo do curso ou, pola contra, xurdir das propias inquietudes do alumnado. Se optamos pola segunda, será de interese facer unha reunión de contidos onde cada persoa expoña as súas propostas dun xeito argumentado. Unha vez que temos a temática elixida, é o momento de decidir desde que xénero a traballamos, por exemplo: informativo, en-

trevista, ficción sonora, reportaxe ou tertulia. O resultado da reunión de contidos (temáticas e enfoques) concretarase nun documento que chamaremos pauta e que non deixa de ser a relación inicial de cuestións a tratar no programa que tomará corpo no guión coas partes textuais e as indicacións técnicas. Iso si, antes de chegar a termos o guión, haberá unha fase de investigación na que nos documentaremos sobre os temas, unha de produción na que realizaremos as gravacións necesarias e acudiremos ás fontes precisas e, de seguido, daremos coherencia a todo ese volume de información nun guión escrito e coreografiado co resto de elementos (música, efectos de son) a través de indicacións técnicas. A gravar!

3. PROPOSTAS DE APLICACIÓN

A radio no eido escolar é unha ferramenta, como reflexionamos ao longo deste artigo,

que privilexia o proceso -todo o que aprendemos facéndo-a perante o resultado. Nese proceso incentívase o pensamento crítico, a creatividade, a participación activa, a estrutura e organización da información, a toma de decisións, a investigación, a responsabilidade social, o traballo colaborativo e as habilidades lecto-escritoras e comunicativas. Beneficios xa sinalados en investigacións como as de Abarrategui e Pascual (2021), Catalán (2015), Aguaded e Contreras (2011), Gutiérrez e Rodríguez (2010), Perona et al. (2007).

O traballo co medio subliña, ademais, a importancia de escoitármolos de xeito activo.

A radio é un medio tradicional renovado a través da súa versión emerxente, o podcast, o que suxire unha ponte interesante para a interxeracionalidade. A radio interxeracional, como xa se amosou noutros artigos (Abarrategui, 2018; Arias y Rubo, 2008), sitúa a mocidade e persoas maiores a un mesmo nivel suscitando unha aprendizaxe compartida.

O medio radiofónico ten as súas orixes na comunidade, onde a escola debe estar integrada. A creación de contidos sonoros pasa por establecer un diálogo con fontes diversas e recoller distintas voces e perspectivas. Nesta liña, hai un amplo abano de posibilidades para conectar, en definitiva, a escola e a vida porque, á fin, "a radio é un proceso que dá como resultado un instante emocionante de posta en escena, de recompensa do traballo feito, de comunidade" (Abarrategui e Pascual, 2021, p. 12).

O grande volume de información ao que está exposta a sociedade e a súa volatilidade



Actividade de radio no CEIP Víctor Sáenz (San Cosme de Antes, Mazaricos).

dificulta a conciencia crítica e a capacidade de reflexión e "(...) pode servir como soporte para traballar a lectura crítica das mensaxes dos mass media" (Blanco et al., 2007, p. 1). A radio ofrece un proceso reflexivo e fundamentado para poder cumprir o obxectivo último, que é a gravación dun contido.

A multitude de tarefas precisas para completar o proceso que esixe a creación dun contido radiofónico, ofrece ao alumnado unha oportunidade para achegarse aos contidos a través das súas habilidades ou intereses para incentivar que "(...) poidan inserirse aos diversos espazos que elixan no futuro con ferramentas sólidas que respondan aos múltiples escenarios que deberán enfrontar, xa sexa como actores protagonistas ou secundarios" (Catalán, 2015, p. 114).

O traballo coa radio na aula fomenta unha nova forma de diálogo entre o profesorado e o

alumnado, conclusión explicada por Moreno (2015). Xorde, por tanto, unha mellora na comunicación entre ambas partes, conclusión á que tamén chegou Romero (2015, p. 970) cando aduce que "o traballo cooperativo fortaleceu a relación entre os estudantes do grupo e cos docentes, pois xerou un ambiente de confianza baseado no respecto, ademais fortaleceuse a comunicación e a participación". ■

REFERENCIAS

- ABARRATEGUI, L. E PASCUAL, S. (2021). Guía metodolóxica RTV Enxebre. Manual para profesorado. Ayuda en Acción. https://ayudaenaccion.org/ong/wp-content/uploads/2021/07/Guia-RTV-ENXEBRE_v02_ver-sio%CC%81n-corporativa.pdf
- ABARRATEGUI, L. (2018). Radio intergeneracional en la escuela: una propuesta para el envejecimiento activo. *index. comunicación*, 8(2), 211-228. <https://dialnet.unirioja.es/servlet/articulo?codigo=6459850>
- ARIAS, E., GÓMEZ, S. E RUBIO, B. (2008). La radio como herramienta de aprendizaje: «Miradas», una experiencia de radio intergeneracional. *Papeles Salmantinos de Educación*, 10. <https://summa.upsa.es/high.raw?tid=0000029434&name=0000001.original.pdf>
- ROMERO, M. (2015). Posibilidades de la radio escolar como medio para dinamizar el currículo. *Opción*, 31(2), 962-971. <https://www.redalyc.org/articulo.oa?id=31045568052>
- BLANCO, E., GÓMEZ, B. E PANIAGUA, F. (2007). La utilización de la radio como herramienta didáctica. *FISEC Estrategias*. Año III (6). 35-50. http://www.cienciared.com.ar/ra/usr/9/369/n3_m3pp35_50.pdf
- CATALÁN, G. (2015). La radio escolar digital y su aporte al aprendizaje en la asignatura de Lenguaje y Comunicación en el Colegio Altazor. *Comunicación y Medios* n° 31 (2015). Instituto de la Comunicación e Imagen, ICEI, Universidad de Chile. <file:///C:/Users/luaba/Downloads/Dialnet-LaRadioEscolarDigitalYSuAporteAlAprendizajeEnLaAsi-5294847.pdf>
- PERONA, J., E BARBEITO, M. (2007). Modalidades educativas de la radio en la era digital. *Revista ICONO 14. Revista Científica De Comunicación y Tecnologías Emergentes*, 5(1), 225-251. <https://doi.org/10.7195/ri14.v5i1.378>
- GUTIÉRREZ, I., E RODRÍGUEZ, M. T. (2010). Haciendo historia del podcast. Referencias sobre su origen y evolución. *MAD. Eduforma*.
- GÓMEZ, J. I. A., & PULIDO, P. C. (2011). La radio universitaria como servicio público: modelos de programación. En J. I. Aguaded e P. Contreras (Ed.) *La radio universitaria como servicio público para una ciudadanía democrática* (pp. 3-11). Netbiblo.

Podcast

Somos Historia

Historia de España

para 2º Bac e ABAU^{GALICIA}

Por Miguel Abraira



Somos Historia: a clase no Spotify do alumnado

Miguel A. Abraira Pérez

IES San Paio, Tui

miguelabraira@edu.xunta.gal

Sé tolo cando a ocasión cho reclame. Catón.

O ESTÍMULO. O PODER DA RADIO

Se hai un medio de comunicación próximo, versátil, eficaz e inmediato, é a radio. Ademais de ofrecer unha voz amiga ou bandas sonoras para a vida, a diferenza do que sucede cun artigo de prensa ou un vídeo, a radio permítenos lavar a louza, conducir, saír a correr ou pechar os ollos mentres a escoitamos. Seguramente por iso, a radio (e os podcast non deixan de selo) é a gran supervivente. Sobreviviu á morte do disco compacto e os soportes anteriores, á irrupción do dixital, á internet, e moi especialmente á actual tiranía do visual. A radio ten *algo...* e había que aproveitalo.

A IDEA. SOMOS HISTORIA

Da seguridade no poder da radio e do interese por lle ofrecer unha axuda extra ao alumnado de 2º Bacharelato, en outubro de 2019 comecei o proxecto *Somos Historia: Historia de España para 2º Bac e Selectividade*. Unha serie de podcast na que, en corenta episodios breves, explico toda a Historia de España, desde o Neolítico aos gobernos de Felipe González. En galego, cun relato ameno e cos contidos do currículo e as probas ABAU como referencia.

REVISTAGALEGA
DE EDUCACIÓN

ISSN: 1132-8932

Páx. 30-33

OBXECTIVOS. DISFRAZARSE DE OCIO


Pero por onde comezar? Empecei tratando de anotar nun papel o que quería conseguir. A intención e obxectivos de *Somos Historia* eran poucos e podían contarse cos dedos dunha man:

- Construír unha serie que fose de axuda para explicar a materia de Historia de España a todo ese alumnado cun pesadelo no horizonte: as ABAU.
- Xerar un material didáctico novo, plenamente dixital e que resultase útil e fresco (linguaxe coloquial, amenidade, referencias cruzadas e duración breve, de entre 15 e 30 minutos). Tendendo ademais unha rede de apoio (rede social, *Instagram*) para facilitar a posibilidade de contactarmos, case como nunha titoría.
- E disfrazalo todo de ocio. Metendo a serie no *Spotify* do alumnado, entre a súa música, para que emerxese como unha posibilidade alí onde eles están. Demostrando a validez das novas tecnoloxías como recurso para elaborar materiais didácticos e achegalos ao alumnado a través dos medios que forman parte da súa vida.

Foron estes obxectivos os que guiaron a gravación e publicación sucesiva de cada episodio desde o inicio do curso 2019-20. Pouco despois, en marzo de 2020, a inesperada irrupción dunha pandemia mundial dotaría dun sentido e unha utilidade extraordinaria todo o proxecto.

OS MEDIOS TÉCNICOS. FEITO NA CASA (E SEN CARTÓN DE OVOS)

Vale, pero... como podía facelo? Acaso era eu Gabilondo ou un friki do podcasting? Tiña eu un estudo, un equipo radiofónico ou experien-



Cada episodio aborda unha das posibles preguntas no exame de ABAU.

cia? En absoluto. O que si tiña era un móbil. E, no apartado técnico, se non queres complicarte (e eu non quería), non se precisa máis. Elaborei toda a serie desde o propio teléfono, pousándoo sobre a mesa e usando a aplicación gratuíta *Anchor* para gravar e, unha vez rematado o relato, engadir un título, unha imaxe e distribuír cada episodio, cun único clic, a varias das principais plataformas para a escoita de podcast. Entre elas *Spotify*, a xoia da coroa. No técnico, sen máis.

Pero, e o contido? Como estruturar unha materia para facer un podcast...? A resposta, pensando no alumnado.


ESTRUTURA. UN EPISODIO, UNHA RESPOSTA

A serie vai do *Episodio 1. O Neolítico* ata o *Episodio 40. A consolidación da democracia*, ao que se engadiu un extra baixo o título *Episodio 0. Como facer o exame de Historia da ABAU*, que tanto pode servir para rematar como para

iniciar a serie. Meter nun podcast oito mil anos de Historia asustaba un pouco á hora de decidir como estruturalo ou presentalo... Pero o máis coherente parecía axustarse aos contidos e modelo de exame fixado pola CIUG para as probas ABAU nesta materia. Se o que quería era axudar ao alumnado, que mellor que pensar cada episodio como unha resposta a cada unha das posibles preguntas? E así foi como dividín a estrutura en tres partes:

1. Dezaseis episodios para as dezaseis preguntas teóricas que van desde o Neolítico ata o século XVIII. Son preguntas que o alumnado ten que desenvolver como un tema, redactando nunhas corenta liñas máximo, e que deben tratar aspectos concretos, recollidos nas orientacións do Grupo de Traballo de Historia da CIUG.

2. Vinte e dous episodios para as vinte e dúas composicións de texto histórico po-



Algunhas mensaxes de oíntes descoñecidos de *Somos Historia*.

las que lles poden preguntar, e que abarcan desde os inicios do século XIX (*A crise da monarquía absoluta*) ata o solpor do século XX (*A consolidación da democracia*). Cada podcast é un intento por explicar como abordar esas composicións, atendendo a contextos, razóns, características, consecuencias e todo o que permita ofrecer unha resposta completa, detallada e axustada, en canto a contido, ao solicitado.

3. E un episodio extra, o *Episodio 0: Como facer o exame de Historia de ABAU*, que pode funcionar tanto como un Epílogo coma a modo de Prólogo para quen inicie o emprego deste material.

MÉTODO. SI-SI-NON, PROBANDO

Vale, teño o móbil e teño unha materia. E agora que? No metodolóxico, a preparación parécese bastante á dunha clase. Facer cada episodio requiriu apenas de cinco pasos. Pero

ollo, todos igual de importantes que o número tres:

1. Realizar un guión sobre os contidos a explicar. Facendo un esquema dos contidos que os estruturase, tomando como base as orientacións do Grupo de Historia na CIUG. Este guión non era para ler (sería un audiolibro), senón para evitar improvisar (sería un desastre).
2. Buscar na rede apoios sonoros á explicación, que puidesen axudar ao oínte a entrar, empatizar, meter en contexto ou ver estimulado o seu interese. Estes apoios (un minifragmento dunha canción, unha minisequencia dunha película, un miniextracto dun discurso...) preparábaos tendo diante un ordenador no que os dispoñía en orde para ser introducidos chegado o momento, a golpe de clic. Remarco o de *mini*: queremos axudar ao alumno con recursos que o estimulen ou capten a súa atención, non ter un problema de *copyright* con ningún.

3. Facer a locución e gravar o episodio. Abondou un *smartphone*, uns auriculares con micrófono e a aplicación gratuita *Anchor*, que permite gravar, facer edicións sinxelas e subir directamente o episodio (con título e imaxe) ás principais plataformas de podcast en España, tales como a propia *Anchor* ou *Spotify*. Todas de uso gratuito e libre.

4. Promocionar para achegalo ao alumnado. Isto saíu practicamente só ao publicarse os episodios nunha plataforma de uso tan común entre os adolescentes e público adulto novo como é *Spotify*. Axudou tamén anunciarlo cun *post* ou unha historia, na miña conta en *Instagram*, esa outra rede social de cabeceira da xente á que ía dirixido.

5. Responder ás interaccións que chegaban unha vez publicados os episodios. Neste sentido, sorprendeume o goiteo frecuente de mensaxes desde toda a xeografía galega. Alumnado que non coñecía persoalmente pero que se dirixía a min para preguntar dúbidas, para pedir máis episodios, para compartir sensacións ao saír dun exame ou para, unha vez publicadas as notas, achegarme a cualificación obtida, sempre cun agradecemento sentido pola axuda que os podcast supuxeran para eles.

Estes foron os 5 elos da cadea de traballo con cada episodio de *Somos Historia*.

INTEGRACIÓN. A AULA INFINITA

Ao cubrir de inicio a fin todos os contidos da materia, pódese dicir que o resultado é expresión sonora de todo o currículo da materia. Por iso, co meu alumnado, os podcast funcionan como un comple-

mento extra absolutamente opcional, de escoita aconsellable unha vez traballados eses contidos na clase, a modo de actividade de reforzo, xa que permiten case recuperar ou revivir aquela sesión. Iso si: sempre como unha opción, nunca como unha obriga.

Porén, este tipo de material podería funcionar tamén perfectamente con outro tipo de metodoloxías, como a da *Flipped Classroom* ou Clase ao revés, un modelo pedagóxico co que se busca inverter os espazos e tempos de explicación e o traballo na aula e na casa (o alumnado escoitaría o podcast na casa antes da sesión de clase, onde o profesor resolvería dúbidas e podería traballar co alumnado aspectos concretos ou máis prácticos).

Sorprendente, por inesperado, foi o alcance acadado. Máis de cento vinte mil reproducións, con episodios que pasan das sete mil escoitas (xaneiro 2022) e un 95% dos oíntes do *Somos Historia* que non son alumnos meus. A serie funciona para o alumnado alleo como unha oportunidade de achegarse á materia, da man dun profesor extra: cunha organización, uns contidos e unha forma de tratalos posiblemente diferente, que pode complementar e enriquecer o que xa teñen.

Sorprendente é tamén a calidade das interaccións recibidas a través das moitas mensaxes que este alumnado usuario fai chegar en ocasións, demostrando que o uso do galego ou a orientación a un curso concreto non é en absoluto obstáculo para que calquera oínte poida descubrir ou engancharse á serie.

Ademais, *Anchor*, a aplicación usada para gravar e publicar cada episodio, permite obter

Por qué esa nota? Cal dos 2 recursos che gustou máis e por qué?

22 respostas

entender todo como se fose a clase, un tv

As clases de historia foron as mellores, o que mais me gustaron foron os podcast por que era un recurso moi bo para estudar e tamén os esquemas era a maneira perfecta de estudar sen ter a cabeza a tope

Os podcasts resultaronme moi útiles, porque permitían escoitar a clase en calquer momento e ir asimilando conceptos. O instagram pareceume unha ferramenta tamen moi útil porque a través del podíanse plantear dúbidas e as veces as publicacións servían como repaso

Os dous están moi ben. Gústanme máis os podcast porq a min me gusta mais escoitar, pero q están os dous super ben

Os podcast son moi cómodos para repasar o temario a vez que vas caminando pola rúa o estas facendo alguna actividade.
É unha idea brillante

Creo que non es consciente del todo do increíbles que son os Podcast, de verdade o digo... É impresionante como escoitando 15 minutos podes reter tanta información, eternamente agradecida por este descubrimento. E bueno, pola parte das redes, nada que dicir, chapó!

Valoracións de alumnado propio na avaliación do podcast (curso 2020-21).

estadísticas moi interesantes. Sei, por exemplo, que o 91% dos oíntes acceden a través de *Spotify*. Que o 30% da audiencia ten entre 18 e 22 anos, un 20% é menor de 18, ou que un 10% ten entre 45 e 59 anos! Que o 60% da audiencia é feminina. Ou que o día con máis escoitas (12.907) foi o 27 de maio de 2021, a moi poucos días das ABAU dese ano. Pero quizais as cifras, sendo curiosas, non sirvan por si mesmas para avaliar a utilidade dos podcast como recurso educativo...

AVALIACIÓN. ALUMNADO AGRADECIDO

Non hai mellor avaliación que a que poida facer o alumnado, que á fin e ao cabo é o interesado. Desde o meu primeiro ano como profesor, ao remate de cada curso, entrego un cuestionario para avaliación das clases; trátase dun formulario de 15 preguntas que o alumnado recibe por correo electrónico cando as clases xa remataron e xa foron avalia-

dos. Cubrilo é opcional e, en todo caso, anónimo, e unha vez rematado envíanse as respostas e comentarios, permitindo xerar automaticamente estadísticas. No cuestionario do último curso (2020-21), a pregunta 15 indagaba precisamente na opinión sobre *Somos Historia* e o uso da rede social Instagram como recurso educativo, e a valoración do podcast era moi positiva.

Valoración á que se suman os comentarios dese outro alumnado, oíntes que non coñezo persoalmente e que descubriron *Somos Historia* por si mesmos. Como dicía o inefable José Luis Sampedro: acaso hai algo mellor para un profesor que o afecto dos que un día sentiron e valoraron todo o que aprendían con el? ■



Internet e pantallas na escola. Algunhas consideracións

Alfonso Gutiérrez Martín

Catedrático de Universidad Valladolid

alfonso.gutierrez.martin@uva.es

A necesidade de recorrer ao ensino virtual durante a pandemia da COVID-19 puxo de manifesto polo menos dúas importantes fendas. Por unha banda, a chamada fenda dixital, que é case sempre unha manifestación da fenda social xerada sobre todo polas diferenzas de poder adquisitivo entre o alumnado. Por outra banda, púxose de manifesto a enorme distancia entre o profesorado que usa habitualmente as tecnoloxías no ensino e outros moitos que nin sequera teñen (ou non tiñan) un nivel de alfabetización dixital básico.

A chegada da WEB 2.0 supuxo un aumento significativo do potencial didáctico e educativo de Internet. Xorde a posibilidade de compartir na REDE recursos educativos abertos (REA) e a necesidade de educar non só para a recepción crítica senón tamén para a produción responsable de produtos mediáticos.

Os dispositivos conectados, ademais de ser útiles recursos didácticos, pasan a formar contornas virtuais de aprendizaxe (EVA) que complementan a contorna física da aula, e preséntanse mesmo como alternativa á presencialidade na educación formal e, sobre todo, na non formal. Internet en xeral e as redes sociais en especial, constitúen á súa vez contornas de educación informal que contribúen a unha “multialfabetización sen muros na era da converxencia” (Tyner, Gutiérrez & Torrego, 2015).

REVISTAGALEGA
DE EDUCACIÓN

ISSN: 1132-8932

Páx. 34-36

PRODUCIMOS OU REPRODUCIMOS?

En época de pandemia a maioría do profesorado non estaba preparado para a utilización das plataformas virtuais de ensino-aprendizaxe. As plataformas virtuais, como Moodle, existentes en moitos centros, utilizábanse a modo de repositorios onde deixar documentos cos contidos de cada materia do mesmo xeito que podía facerse con Google Drive: textos en “pdf” e algunha que outra presentación (en Power Point, como non!), onde tamén predominaba o texto. Para a comunicación síncrona, que se utilizaba para emular o ensino presencial, mantendo incluso o mesmo horario, xurdiron numerosas aplicacións de videoconferencias que souberon aproveitar o momento para buscar un lugar e o correspondente negocio no mundo da educación: Zoom, Webex, Teams, Meet, etc. Con todo iso chegouse a unha “plataformización” da educación e da sociedade en xeral, que, segundo Aparici, Bordignon e Martínez-Pérez (2021, p. 45) “alimenta o capitalismo da vixilancia e iso non é bo para o sistema educativo público nin para os cidadáns, porque os fins están máis próximos aos do capitalismo informacional que a brindar unha mellor educación”. Os contidos que se crean para estas plataformas son moi similares aos creados tanto polo profesorado como polo alumnado no ensino presencial, e adoitan xirar ao redor de tarefas que se asinan, envíanse e corríxense. Os mozos, usuarios habituais de redes sociais, si utilizan plataformas como Instagram, Youtube, Facebook ou TikTok para as súas producións máis espontáneas, pero asumen que no ensino formal



se prima máis a reprodución que a orixinalidade e a capacidade expresiva, e a súa participación adoita reducirse ao necesario para aprobar. A situación vivida de obrigado ensino a distancia si debería polo menos servir para cuestionar modos de ensino enciclopédico que poden implementarse igual ou mellor a distancia. A resposta non está, como é lóxico, en virtualizar o ensino, nin sequera o universitario, senón en saber aproveitar a coincidencia en tempo e espazo, a convivencia, para levar a cabo actividades de aprendizaxe colaborativo e construción conxunta do coñecemento.

INNOVACIÓN EDUCATIVA OU INNOVACIÓN TECNOLÓXICA?

A profusión de novas plataformas e recursos tecnolóxicos para a educación trouxo consigo certa confusión ao redor do que supón a innovación educativa fronte á innovación meramente tecnolóxica. En principio non podemos considerar innovación calquera cousa polo feito de ser nova. Enténdese como innovadora

se ademais contribúe de forma fiable e válida a mellorar procesos ou situacións, ou a solucionar problemas. Se nos centramos no ensino, poderíamos falar de innovación didáctica ou metodolóxica sempre que utilicemos unha nova tecnoloxía para favorecer os procesos de ensino-aprendizaxe. Con todo, como sinalan Martínez e Rogero (2021, p. 76), hai innovacións didácticas “que se afastan do sentido profundo da educación, que non é o mesmo que o de escolarización e ensino”. Se con innovación didáctica o que se pretende é unha instrución competitiva e eficaz a calquera prezo, ao servizo dos sectores empresariais e produtivos, poderíamos estar a nos afastar da innovación verdadeira educativa que estaría ao servizo do pleno desenvolvemento do ser humano e do progreso social. A verdadeira innovación educativa vai máis aló da didáctica e, con novas ou menos novas tecnoloxías, contribúe á formación dunha cidadanía crítica e participativa, e ao respecto aos dereitos humanos.



DA TECNOLOXÍA EDUCATIVA Á EDUCACIÓN MEDIÁTICA

A resposta do mundo da educación ao desenvolvemento tecnolóxico centrouse sobre todo en aproveitar para o ensino as posibles vantaxes dos novos medios. A ubicuidade de dispositivos como o computador persoal e outros dispositivos móbiles converte en inevitable a súa introdución nas aulas. Cando da mera introdución se pasa á integración curricular dos novos medios, esta adoita facerse contemplándose como posibles recursos para favorecer a aprendizaxe das materias escolares. A tecnoloxía educativa ocúpase de partir da innovación tecnolóxica para conseguir unha verdadeira innovación metodolóxica e didáctica, e pasa a ser parte fundamental da formación inicial e permanente do profesorado. Nun primeiro momento, dada a escasa alfabetización dixital dos docentes, primaba a dimensión tecnolóxica na capacitación do profesorado para utilizar o computador, o vídeo ou o ta-

boleiro dixital como ferramentas máis comúns. A chegada destas tecnoloxías ao ensino trouxo consigo a preocupación dos gobernos por implementar numerosos plans de formación dixital do profesorado. Á capacitación tecnolóxica e instrumental para o manexo de dispositivos e aplicacións, uníase, como é lóxico, a dimensión didáctica, específica do docente. Valóranse posibles vantaxes e inconvenientes das TIC para favorecer os procesos de ensino-aprendizaxe. A crecente importancia dos medios na sociedade e a súa importante función como axentes de educación informal fixéronse cada vez máis evidentes e non pasaron desapercibidas para o profesorado que, como sinalan Gutiérrez, Pinedo e Gil (2022), agora reclama máis formación en alfabetización mediática que sobre o uso das TIC. Do mesmo xeito que non podemos reducir a educación ao ensino, non podemos reducir a integración curricular das TIC e os medios á súa utilización como recursos didácticos. É función da escolaridade obriga-

toria educar para a sociedade da información e a desinformación, para as redes sociais, os algoritmos, a economía dos datos, a incerteza, a realidade virtual... É función da escola, en definitiva, proporcionar ao alumnado unha educación mediática onde se contemple a tecnoloxía dixital non só como recurso senón tamén, e sobre todo diría eu, como obxecto de estudo, de análise, de reflexión. Se non queremos seguir educando para un mundo que xa non existe, é imprescindible para todos, alumnado e profesorado, unha adecuada alfabetización mediática e informacional (AMI). (Grizzle et al., 2021). É necesario pasar da tecnoloxía educativa á educación mediática como obxectivo preferente da formación para un mundo no que a importancia dos medios como axentes educativos supera con fartura a utilidade didáctica, que non é pouca, das ferramentas tecnolóxicas. ■

REFERENCIAS

- APARICI, R., BORDIGNON, F.R.A Y MARTÍNEZ-PÉREZ, J. (2021). Alfabetización algorítmica basada en la metodología de Paulo Freire. *Perfiles Educativos*. Vol. XLIII, número especial, 2021. P. 36-54. DOI: <https://doi.org/10.22201/ii-sue.24486167e.2021.Especial.61019>
- GRIZZLE ET AL. (2021). *Media and information literate citizens: think critically, click wisely! Media & Information Literacy Curriculum for Educators & Learners*. UNESCO.
- GUTIÉRREZ-MARTÍN, A., PINEDO-GONZÁLEZ, R., & GIL-PUENTE, C. (2022). Competencias TIC y mediáticas del profesorado. Convergencia hacia un modelo integrado AMI-TIC. *Comunicar*, 70. <https://doi.org/10.3916/C70-2022-02>
- MARTÍNEZ BONAFÉ, J. Y ROGERO ANAYA, J. (2021). El Entorno y la Innovación Educativa. *REICE*, 2021, 19(4), 71-81. <https://doi.org/10.15366/reice2021.19.4.004>
- TYNER, K., GUTIÉRREZ-MARTÍN, A., & TORREGO-GONZÁLEZ, A. (2015). "Multialfabetización" sin muros en la era de la convergencia. La competencia digital y "la cultura del hacer" como revulsivos para una educación continua. *Profesorado, Revista de Currículum y Formación del Profesorado*, 19(2), 41-56.

VII MOSTRA MUSICAL EIXO ATLÁNTICO

Interreg España - Portugal

EIXO ATLÁNTICO

FERROL

14-15 MAIO · 2022
AUDITORIO DE FERROL

SOCIEDADE MIXTA DE TURISMO DE FERROL

XAN VILAÑO

XUNTA DE GALICIA

+INFO www.ferrol.gal

VII MOSTRA MUSICAL EIXO ATLÁNTICO

· HOMENAXE ·

ISABEL SOVERAL

Compositora de sons

Interreg España - Portugal

EIXO ATLÁNTICO

FERROL

SOCIEDADE MIXTA DE TURISMO DE FERROL

XAN VILAÑO

XUNTA DE GALICIA





Creación de contidos dixitais co alumnado de infantil

Impresión 3D.

Alba Presedo Arnosó

albapresedo@edu.xunta.gal

Maria Lema Fernández

marialema@edu.xunta.gal

EEl Barrionovo

Para comezar é fundamental facer unha breve introdución que faga referencia á metodoloxía do centro e ao contexto do mesmo.

A EEI de Barrionovo é unha escola do segundo ciclo de Educación Infantil situada no núcleo urbano de Pastoriza, no Concello de Arteixo. A situación sociocultural da mesma reflicte o contexto do Concello, onde a maioría da poboación se dedica ao sector servizos centralizado no polígono de Sabón. Tamén responde ao carácter demográfico predominante nos últimos anos en Arteixo, onde atopamos un aumento da poboación procedente doutros países.

Na escola avógase por unha metodoloxía didáctica enfocada ao traballo por proxectos, a cal vertébrase a través da Biblioteca Escolar e dos proxectos e programas que forman parte dela. Así, cada curso académico o Proxecto Documental Integrado do centro céntrase nunha temática relacionada co PLAMBE da escola, a través da cal nacen dentro das aulas diferentes centros de interese e investigacións. Todo isto coordínase estreitamente cos demais plans de centro: TIC, Voz Natura, Proxecto Plurininfantil, Dinamización da Lingua Galega e Actividades Extraescolares e Complementarias. Todo o claustro forma parte de todos os equipos mencionados, o que favorece a coordinación e a colaboración entre os mesmos.

REVISTAGALEGA
DE EDUCACIÓN

ISSN: 1132-8932

Páx. 38-40

Así, sendo o punto de partida unha metodoloxía innovadora, aberta e flexible, e coordinada entre todo o profesorado do centro; os recursos materiais que atopamos na escola resultan tamén parte fundamental para levar a cabo a práctica docente. No referente a recursos dixitais, a escola conta cunha importante dotación de medios adquiridos con diferentes partidas relacionadas con proxectos da biblioteca escolar (Plan LIA.2, Biblioteca Creativa) e o proxecto Arteixo Innovación promovido polo Concello de Arteixo. Durante toda a traxectoria, dentro destes programas seguiuise unha liña de traballo común na xestión e adquisición dos recursos dixitais, promover o uso e coñecemento de dispositivos innovadores adaptados ás necesidades do alumnado.

Estes dispositivos van dende os l-pads, a través dos cales o alumnado pode ter acceso a diferentes aplicacións educativas (meteoGalicia, TinyTap, Doodle3D, StopMotion, Realidade aumentada...) centrando o uso en aplicacións de creación audiovisual e de xestión ou obtención de información; a impresora 3D, a través da cal o alumnado diseña e obtén recursos para materiais como os Escornabots, materias de xogo, creación de minimundos, elaboración de agasallos relacionados con conmemoracións e tamén recursos artísticos (moldes, estampación...); os robots, cos que se inician en programación; o estudo Croma, para a elaboración de vídeos de contido relacionado co proxecto a traballar; cámaras reflex e dixitais, e accesorios de fotografía; mesas multitáctiles; EDIs e equipos informáticos, a través dos cales realizan actividades rutinarias e de busca de información.



Estudio CROMA.

Aproveitando así estes recursos dixitais, e as súas posibilidades na aula, tentamos dinamizar con eles moitas das actividades sistemáticas implementadas ao longo de cada curso escolar e sempre relacionadas co PDI que esteamos a desenvolver. Entre elas poderíamos destacar as Poésías Express, unha actividade semanal na que tentamos dar máis visibilidade ao texto poético, e na que moitas veces empregamos recursos tecnolóxicos para a súa difusión; Ateliers temporais, que resultan unha actividade fantástica para a manipulación e experimentación con materiais dixitais; elaboración co alumnado de mapas dixitais; EncontXos nos que realizamos encontro aos redor dun conto, os cales, de cando en vez, apoiamos con creacións dixitais etc.

Neste punto, poderíamos dividir a creación e xestión dos recursos da escola en:

- Recursos audiovisuais.
- Recursos creativos.

Dentro dos *recursos audiovisuais* atopamos vídeos realizados coa técnica croma dentro de diferentes contextos (acti-

vidades en colaboración coas familias, celebración de conmemoracións, interpretación de contos etc.).

<https://bibliobn.blogspot.com/search/label/Croma>

Vídeos realizados a través do programa de edición iMovie e nos que o alumnado conta información recollida durante a fase de investigación dos proxectos e que serven como parte do produto final do mesmo.

<http://obarrioazul.blogspot.com/2019/06/montes-con-historia-rai-monticano.html>

Atopamos tamén dinámicas incluídas dentro de noso espazo creativo relacionado coa biblioteca denominado o "Espazo fedelleiro", como son os Ateliers Creativos, mediante os cales o alumnado experimenta e crea con diferentes materiais: minimundos, robótica, creación fotográfica, electrónica básica etc.

<https://bibliobn.blogspot.com/search/label/Atelier%20creativo>

O alumnado tamén crea contidos dixitais a través da aplicación Thinglink, mediante a cal recolle a través de mapas



Atelier fotográfico.



Impresión 3D.

dixitais a información obtida a través de diferentes investigacións.

<https://www.thinglink.com/scene/978937854598053890?button-Source=viewLimits>

<https://bibliobn.blogspot.com/search/label/thinglink>

Na parte de *recursos creativos* contamos con diferentes dinámicas que proporcionan o contexto ideal para que o alumnado traballe a creatividade a través da creación dixital. Dentro da biblioteca contamos con dúas actividades sistemáticas, os Venres de Encurtas e os Martes de Poesía-Express, a través das cales as alumnas e os alumnos crean diferentes contidos como son: vídeos coa técnica StopMotion, que se converten na curta para visionar o venres e materiais de apoio ás propostas coa impresora 3D.

<https://bibliobn.blogspot.com/2018/11/venres-de-encurtas-semente.html>

<https://bibliobn.blogspot.com/2020/03/poesia-express-paxarina.html>

<https://bibliobn.blogspot.com/2019/02/martes-poesia-express-chove-en-santiago.html>

As conmemoracións e celebracións son tamén contextos nos que o alumnado crea diferentes recursos a través de medios dixitais: materiais para estampación, creación de agasallos ou creación de carautas.

<https://bibliobn.blogspot.com/2021/12/estampando-constelacions-en-3d-postais.html>

<https://bibliobn.blogspot.com/2018/11/agasallo-encontxo-25-n.html>

<https://bibliobn.blogspot.com/2019/03/atelier-iii-carautas-de-entroido.html>

Gustaríanos destacar tamén a importancia que ten a creación de recursos dixitais como medios de divulgación do traballo realizado durante o PDI. Así o alumnado participa na creación destes vídeos, mediante os cales expresa de diferentes maneiras os contidos traballados.

Un aspecto importante dentro da creación dos recursos dixitais é darlle protagonismo ao alumnado, poñendo ao seu alcance as ferramentas axeitadas e adaptando ás súas necesidades o proceso, facendo fincapé en que o uso deses recursos cada vez sexa máis autónomo.

Debido a que o centro leva anos traballando diariamente con diferentes ferramentas e recursos, o alumnado xa os atopa integrados no traballo do día a día.

Ademais, todos os anos inclúese no proxecto TIC unha secuenciación de contidos para poder coñecer, aprender a usar e elaborar creacións coas diferentes aplicacións e recursos dixitais de uso habitual e outros máis innovadores.

Dentro deste traballo temos tamén presente a importancia de que, cando teñen acceso á rede ou recursos dixitais como fontes de información, fágano traballando o sentido crítico, consultando varias fontes dentro da busca de información e cotexando e analizando os datos obtidos.

En definitiva, a filosofía da nosa escola radica no "aprender a aprender", no "aprender facendo" e os recursos dixitais son unha fonte de motivación fantástica para os nenos e nenas, que aproveitamos para que constrúan a súa propia aprendizaxe. ■



Ao longo destes máis de quince anos e á vista da validez pedagóxica e da acollida nos ámbitos académicos -xa coa denominación explícita Modelo Burela- fomos recibindo tanto do goberno galego como de diversas entidades sociais outros recoñecementos que nos deron azos para continuar en activo.

Entre as múltiples áreas de traballo do Modelo Burela (educación, cultura, sanidade, deporte, relixión, comercio, xustiza e notariado...) están a comunicación xornalística, a atención á diversidade dos tipos NEE e NEAE, intercambios educativos, xornadas de animación á lectura e aínda as actividades destinadas ao conxunto da cidadanía dentro do marco de colaboración entre escola e sociedade.

1) ESCOLA DE COMUNICACIÓN

Con esta iniciativa de colaboración con Radio Burela (en materia de radio educativa) e co Portal Galego da Lingua (en materia de xornalismo no soporte dixital) realizamos un traballo en dobre dirección: a da escola de comunicación entendida como un mecanismo

de reforzo da didáctica das linguas que se realiza dentro do currículo, e a da inclusión social de persoas excluídas ou en risco de exclusión.

Á vista da habitual incorporación de alumnado adolescente de diversas razas e nacionalidades -con escasa o nula escolarización-, mantemos o noso plan de atención específica a estas persoas con necesidades educativas básicas para: a) reforzar a súa socialización, b) fomentar entre a audiencia os valores positivos da interculturalidade.

No ámbito da radio escolar, o profesorado directamente implicado participa en tarefas de coordinación da programación e organización de actividades; na produción, guionización e realización dos programas de periodicidade semanal, e na supervisión do traballo de comunicación feito a través das redes sociais. O resto do profesorado implícase ocasionalmente en tarefas de comunicación escrita e audiovisual, e colabora no proceso de produción e de realización do programa radiofónico (nalgúns dos programas participando como entrevistados/as).

A responsabilidade principal recae nun grupo de alumnos e alumnas que participan constantemente en tarefas de comunicación corporativa nas plataformas de redes sociais e cada semana en produción e locución. Por norma xeral, en todos os programas participan como invitados alumnos e alumnas de calquera grupo do IES Perdouro ou doutros centros educativos de nivel semellante ou superior, e, para efectuar os convites, ademais dos méritos da persoa convidada, téñense en conta os criterios de xénero e resposta positiva á interculturalidade.

Programas de radio

Con estes criterios, cada semana realizamos dous programas de radio: Proxecto Neo e Grandes Voces do Noso Mundo.

- **Proxecto Neo**, a intervención destinada á incorporación á cultura galega de persoas que non tiveron a nosa como a súa primeira lingua (neofalantes). Desde o mes de xaneiro de 2012 mantemos unha emisión radiofónica de **1 hora semanal** (durante o curso académico) na que damos a coñecer experiencias de neofalantes que poden servir de modelo para outras persoas que necesitan estímulo para iniciar ese proceso.

O primeiro dos obxectivos de Proxecto Neo é puramente didáctico. Antes de nada, é unha actividade práctica de aprendizaxe significativa, de práctica lingüística oral e escrita, de fomento da responsabilidade individual nos traballos colaborativos. Alén diso, é tamén un medio de divulgación dun modelo de educación inclusivo e un referente da interculturalidade. Noutras palabras: con Proxecto Neo ensinamos Lingua, Literatura e Cul-

tura dun xeito moi práctico; coñecemos experiencias de aprendizaxes de segundas e terceiras linguas; ofrecemos modelos de incorporación de neofalantes, e facilitamos a participación de mozos e mozas en risco de exclusión.

- **Grandes Voces do Noso Mundo** é un programa radiofónico de contido musical, dirixido por Marco Pereira Oliveira, un estudante cego que chegou ao Instituto Perdouro para cursar Administración e Finanzas e que seis anos máis tarde -cando está a punto de completar o Grao en Ciencias da Comunicación na USC- continúa colaborando coa nosa sección de atención á diversidade. O **Grandes Voces** é unha hora semanal feita con idéntico criterio que o **Cantos na Maré**, o festival que se celebra anualmente en Pontevedra -dirixido por Uxía Senlle- e que reúne na nosa terra os e as artistas máis representativos do mundo de raíz galega. Precisamente coa sintonía dos **Cantos na Maré** na cabeceira, todas as semanas propiciamos unha ponte musical bidireccional entre as dúas beiras do Atlántico, unindo Europa con África e América. É un diálogo musical feito cos pés na terra, partindo da música galega e fortalecendo os vínculos co noso mundo lingüístico.

Isto concrétase en que emitimos música comentada -con criterio divulgativo- tendo en conta que: 1) debe ser música cantada -non só instrumental- e 2) debe ser cantada nunha das variantes do noso idioma.

Como o programa está feito na nosa terra, as nosas músicas son o elemento nuclear e as outras son diferentes "complementos". Todas as semanas están Sés, Guadi, Xavier Díaz, Pucho Boedo, Uxía Sen-



lle ou Miro Casabella... e con eles o Zeca Afonso, Mafalda Veiga, Dulce Pontes ou Capicua... Roberto Carlos ou Gilberto Gil ou Adriana Calcanhoto... e Cesária Évora e Karina Gomes e Maira de Andrade... e Aline Frazão e Yara da Silva.

Nesta altura, levamos emitidos douscentos sesenta e catro programas, todos eles feitos "ao vivo" e lanzados no sistema analóxico para unha parte dos cascos urbanos de Burela, Ferrol, Coruña, Vigo e São Paulo (Brasil) e en dixital para todo o mundo, tanto ao vivo como a través da radio á carta. Iso implica que pode ser sintonizado no momento de ser emitido ou a posteriori, tanto desde a rede informática como desde o sistema de telefonía.

En consonancia coa pedagogía Modelo Burela, con este programa pretendemos: ofrecer unha visión universalista da nosa cultura; dar a coñecer a nosa música na nosa terra e proxectala para o exterior; recoller o eco doutras músicas mundiais que teñen a raíz na nosa; establecer diálogo coas persoas que as compoñen, producen ou interpretan; ofre-

cer un modelo alternativo de estabilidade lingüística; mellorar a formación e a integración da poboación invidente, e sensibilizar a comunidade no referente ao establecemento de relacións coas persoas con necesidades educativas especiais.

2) PROGRAMA EDUCATIVO DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

Como desde setembro de 2014 traballamos con alumnado en situación de fracaso escolar extremo, impulsamos unha intervención educativa estábel durante varios anos, ao longo dos cales elaboramos e avaliamos un protocolo de actuación que atende prioritariamente:

1º.- á interlocución coas familias, para facelas participes da educación e tamén para ter nelas unha fonte de información sobre os alumnos e alumnas.

2º.- á mediación cos servizos sociais e asociacións culturais, deportivas e recreativas, como axentes de inclusión social, complementarios da educación escolar.



3º.- á adecuación dos obxectivos curriculares e a metodoloxía didáctica ao nivel real do alumnado, moi distanciados dos marcados oficialmente para ese curso.

3) DOS INTERCAMBIOS EDUCATIVOS Á ANIMACIÓN Á LECTURA

Durante todos estes anos de aplicación vimos mantendo colaboracións estabéis con outros institutos da nosa terra, de lugares que teñen circunstancias parecidas (como Cataluña ou Euskadi) e do Estado Español. Mais todos os anos nos mantemos en contacto cos países anglófonos e francófonos e, obviamente, con Portugal.

Con respecto á animación á lectura, sexa presencial nos centros educativos, a través da radio, ou sexa a través de colaboracións con outras entidades públicas ou privadas, propiciamos o encontro de escritores e escritoras co público escolar e adulto. Ademais das numerosas actividades dirixidas a grupos específicos, realizamos xornadas máis completas dedicadas a Xosé Neira Vilas, Carlos Reigosa, Séchu Sende e Antía Yáñez (ex-alumna do centro).

4) INTERVENCIÓNS EDUCATIVAS DESTINADAS AO CONXUNTO DA CIDADANÍA

Como xa adiantamos na cabeceira deste relatorio, no noso proxecto educativo as actividades realizadas fóra do recinto escolar -por exemplo os traballos de campo- son tanto ou máis importantes que as realizadas dentro. As nosas liñas de traballo continuado fomentan o uso da lingua galega nos escritos do ámbito familiar (convites, recordatorios, lápidas...), das comunicacións comerciais e empresariais, das comunidades de edificios de vivendas (liña de traballo cada vez menos interesante, porque nesta altura o sector profesionalizouse e a emisión recae nun reducido conxunto de empresas) e das actuacións xurídicas e notariais. ■

REDES SOCIAIS ESPECÍFICAS

- Blogue do programa: www.modeloburela.blogspot.com
- Perfil de Facebook: <https://www.facebook.com/modeloburela/>
- Blogue do programa: www.proxectoneo.blogspot.com
- Perfís de Facebook: <https://www.facebook.com/proxecto.neo.3> (perfil) <https://www.facebook.com/groups/proxectoneo/> (grupo) <https://www.facebook.com/proxectoneoenfotos/> (crónica fotográfica)
- Perfil de Twitter: <https://twitter.com/ProxectoNeo>
- Perfil de Instagram: <https://www.instagram.com/proxectoneo/>
- Radio á carta: https://www.ivoox.com/podcast-podcast-proxecto-neo-sq_f1131749_1.html

REFERENCIAS

- BASANTA VAL, ALICIA. 2021. *Educación dos caboverdianos e caboverdianas en Burela: integración, formación e abandono escolar*. TFG Traballo presentado na Facultade de Formación do Profesorado da Universidade de Santiago de Compostela para a obtención do Grao en Mestre/a de Educación Primaria.
- BIRMINGHAM, NICOLA. 2021. *Language Ideologies and Transnational Migration: A Study of Cape Verdeans in Galicia*. Languages 6:99. <https://doi.org/10.3390/languages6020099>
- DePALMA, RENÉE, AND ANTÍA PÉREZ-CARAMÉS. 2018. *Galician Migrations: A Case Study of Emerging Super-Diversity*. Edited by Renée DePalma and Antía Pérez-Caramés. Berlin: Springer.
- GIL CORDIDO, SARA. 2020. *Historias de la comunidad caboverdiana en Burela. De los dez graozinho di terra a la costa gallega*. TFM en Periodismo Avanzado. Reportarismo presentado na Universidade Blanquerna – Ramon Llull, Barcelona.
- LÓPEZ VALE, AIDA. 2011. "Aplicación da metodoloxía do "modelo Burela" no Vicedo: un novo éxito desta estratexia normalizadora", in *Lingua e sanidade, VII Xornadas sobre lingua e usos* (2011. A Coruña), Xesús M. Mosquera Carregal (ed.). A Coruña: Universidade da Coruña, 2011, p. 159-167. ISBN: 978-84-9749-479-3
- MARTÍNEZ GARCÍA, MARÍA. 2021. *Voces ausentes no currículo: unha análise crítica a través da poboación caboverdiana de Burela*. TFM de Psicopedagogía presentado na Facultade de Ciencias da Educación da Universidade da Coruña.
- PENABADE, BERNARDO. 2011. "A normalización lingüística na sanidade: a estratexia "modelo Burela", in *Lingua e sanidade, VII Xornadas sobre lingua e usos* (2011. A Coruña), Xesús M. Mosquera Carregal (ed.). A Coruña: Universidade da Coruña, 2011, p. 149-157. ISBN: 978-84-9749-479-3 Tomado de: <http://ruc.udc.es/bitstream/2183/8891/1/CC121art11.pdf>
- PENABADE, BERNARDO. 2011. "Ricardo Carvalho Calero: planificador da lingua galega", in *Ricardo Carvalho Calero: ciencia, literatura e nación*, 2011: 147-156. ISBN: 978-84-9749-475-5
- PENABADE, BERNARDO. 2018. "The Neo Project: An Educational Radio Program to Promote Social Cohesion", in DePalma, Renée, and Antía Pérez-Caramés. 2018. *Galician Migrations: A Case Study of Emerging Super-Diversity*. Edited by Renée DePalma and Antía Pérez-Caramés. Berlin: Springer.
- SAN JOSÉ OVEJERO, NATALIA. 2021. *Los centros educativos como contenedores culturales. La creación de un proceso innovador de participación de la comunidad escolar en el conocimiento*. Máster Universitario en Formación del Profesorado de Educación Secundaria Obligatoria y Bachillerato, Formación Profesional y Enseñanza de Idiomas. Universidad Nebrija.

DOCENTES

por Xosé Tomás

QUE TAL, XENTE? ATOPÁMONOS NUN
NOVO PODCAST DO PROGRAMA
"APRENDER A APRENDER".
HOXE COMEZAMOS COA
PREGUNTA:
"QUEN APRENDE MÁIS?
O QUE APRENDE OU
O QUE ENSINA?"





Para sabermos algo máis...

Marcos Chavarría Teijeiro

marcos.chavarria@edu.xunga.gal

Patricia Digón Regueiro

patricia.digon@udc.es

Ao longo deste monográfico sobre creadoras de contidos, pretendemos facer unha pequena fotografía sobre o estado da cuestión actual no noso país. Debido ao espazo limitado que ten a RGE, quedaron moitas experiencias sen narrar e é neste espazo específico no que pretendemos facer unha breve referencia das mesmas. Ademais, tamén queremos facer unha pequena recompilación de titoriais, recursos e ferramentas informáticas para que aqueles lectores que queiran elaborar contidos, ben por eles mesmos ou ben co seu alumnado, saiban por onde empezar.

REDES DE CREADORAS

Primeiramente toca falar de redes de creadores de contidos que, se ben están interrelacionadas entre elas, pretenden ser unha base para axudar á creación de contido nos diversos medios.

- **YouTubeir@s:** O concepto Youtubeiras naceu no ano 2017 como un premio aos creadores de contido en galego na plataforma YouTube, creado a partir da colaboración dos servizos de normalización lingüística de diversos concellos galegos. Ademais do premio, ofrécese formación e a visibilidade de ter unha plataforma común onde difundir os contidos. O éxito da iniciativa foi tal que o termo youtubeiras substituíu no ámbito galego ao anglicismo *youtubers* e pretende nomear a comunidade de creadores de contido en galego en YouTube. A súa web é youtubeiras.gal.
- **Twitch en galego:** Pretende ser unha plataforma que agrupa as diferentes usuarias de Twitch que usan a lingua galega na súas retransmisións. A súa web é twitchengalego.gal.

REVISTAGALEGA
DE EDUCACIÓN

ISSN: 1132-8932

Páx. 46-49

- **PodGalego:** Rede de podcast en lingua galega. Ademais de ser un directorio onde se comparten distintos podcasts realizados na nosa lingua, ofrece recursos en forma de titoriais e ligazóns sobre que ferramentas empregar e como empregalas. A súa web é podgalego.agora.gal.
- **#galituiter, #instagramengalego, #tiktokengalego:** Estes cancelos empréganse para designar as distintas comunidades galegas en Twitter, Instagram e TikTok. Se ben hai iniciativas ao redor destes conceptos, non hai unha web con recursos e que agrupe todos os membros da comunidade.
- **Rede ESPORA:** Trátase da rede de Escolas pola Radio. Un grupo de escolas e IES de toda Galiza. Na súa web (espora.eu) podes atopar recursos ferramentas e titoriais sobre como empezar unha radio escolar.
- **Ponte... nas Ondas!** Asociación Cultural e Pedagóxica nada no 1995 que promove actividades de promoción do patrimonio cultural común aos falantes de galego e portugués. Entre as súas actividades está unha rede de "escolas nas ondas". A súa web é pontenasondas.org.

ALGUNHAS PROPOSTAS

Entre as diferentes propostas existentes en lingua galega na rede queremos destacar algunhas que consideramos interesantes en diferentes categorías:

Literatura

- **Un ollo de vidro:** Neste podcast podemos escoitar contos e fragmentos de obras máis longas, tanto de autores galegos como internacionais, narradas por Isidro Cea. Podemos atopar este podcast en

podgalego.agora.gal/un-ollo-de-vidro.

- **Libros para as medras:** Neste podcast podemos atopar recensións de literatura infantil e xuvenil da man de Pilar Sampedro. Forma parte dos podcast de Radio Ateneo e pódese atopar en podgalego.agora.gal/libros-para-as-medras.
- **A voz do demo:** Espazo de divulgación cultural da man de Demo Editorial en forma de podcast. Centrado na banda deseñada galega. Pódese atopar en podgalego.agora.gal/a-voz-do-demo.
- **O baleiro perfecto:** Espazo de conversa en forma de podcast sobre a fantasía e ciencia ficción. Forma parte do magazine cultural A que cheira papa. Pódese atopar en podgalego.agora.gal/baleiro-perfecto.



Ciencia

- **Ecos de xigantes:** Proxecto de divulgación científica en galego. Ten unha canle en Twitch onde realizan emisións semanalmente e tamén publican estas emisións en YouTube. Podemos atopar a súa canle en twitchengalego.gal/ecosdexigantes.
- **Xacobo de Toro Cacharrón:** Canle de Youtube con materiais escolares e didácticos

en forma de vídeo elaborados polo profesor Xacobo de Toro. Centrado sobre todo no mundo da xeoloxía, foi galardoado cun premio Youtubeiras no ano 2018.

- **Naturiza:** Proxecto de divulgación científica e sobre educación ambiental en galego. Recibiu un premio no ano 2020.
- **O son das ideas:** Nesta canle de youtube, achegan a ciencia a base de animacións. Os seus vídeos tratan sobre todo do mundo da ciencia. Recibiu un premio YouTubeiras no ano 2020.
- **AstroXabi:** Neste proxecto, Xabier divulga a astronomía dende a súa canle de YouTube.

Historia


- **Descifrando a historia:** Defínese como un espazo para a análise da historia da Gali-

za. Ten unha canle de Twitch e un podcast. Pódese atopar en podgalego.agora.gal/descifrando-a-historia.

- **Facemos historia:** Un pequeno achegamento á historia universal en formato podcast e en galego. Ten unha web onde se realiza un pequeno resumo de cada capítulo coas referencias usadas. Pódese ver en facemoshistoria.gal.

Charla/Debate

- **Café Derby 21:** sobremesa cultural en forma de podcast. Cun programa semanal, os tres anfitrións e mais o invitado semanal charlan de forma distendidas sobre todo tipo de temáticas. Da man de Praza Pública, pódese atopar en podgalego.agora.gal/cafe-derby-21.



- **As womansplainers:** palabra en forma de podcast e canle de Twitch da man da revista Luces. Pódese atopar en podgalego.agora.gal/as-womansplainers.

- **O tigre do futuro:** un podcast que da man do magazine cultural A que cheira papa!, fai unha pequena charla sobre temas diversos e ás veces orfos en cada programa. Pódese atopar en podgalego.agora.gal/o-tigre-do-futuro.

Arte, música e cultura

- **A que cheira papa!:** Magazine cultural. Á parte dos dous podcast xa mencionados (O tigre do futuro e o Baleiro Perfecto), conta cunha canle de Twitch onde fan directos de forma semanal.



- **Cousxs:** Espazo de divulgación de Carlos Barcia en forma de canle de YouTube. Conta con tutoriais, recensións de cancións actuais ou versións de cancións.

- **Espazo brétema:** Espazo de difusión da arte galega e da historia da arte en forma de podcast. Pódese atopar en podgalego.agora.gal/espazo-bretema.

- **Un punto ao día con Luís Prego:** Nesta canle de YouTube o seu autor explícanos como facer moitos puntos de baile tradicional galego.

Videoxogos

- **Recuncho gamer:** espazo onde se fala sobre videoxogos de forma desenfadada. Conta cunha canle de Twitch, unha canle de YouTube e un Podcast. Pódese atopar en twitchengalego.gal/recuncho-gamer.

- **A gruta de Gizamaluque:** trátase do podcast da revista Morcego (revistamorcego.com) que fala sobre videoxogos empregando para iso o galego.

Variedades

- **Orgullo galego:** este espazo, que se presenta como a maior comunidade de galegofalantes, produce contido para a meirande parte das redes:

YouTube, Instagram, TikTok, Twitch. Pódese atopar máis información na súa web orgullo-galego.gal.

- **Prado Rúa:** Canle de YouTube e de TikTok. Coa súa canle de YouTube foi gañadora dun premio YouTubeiras no ano 2020. Podemos atopar temas literarios, entrevistas, colaboracións con outras creadoras, maquillaxe e coidado do cabelo, entre outras.

- **Olaxonmario:** Mario crea contido de moi diverso tipo (entrevistas, reaccións a publicacións artísticas de diferente tipo etc.) e tamén en varios formatos, pois conta cunha canle de YouTube pero tamén publica en formato podcast e ten contidos nas súa conta de TikTok. Foi galardoado cun premio YouTubeiras no ano 2021.

- **Nubes baixo ti:** canle de YouTube da man de Eira e con contido moi variado. Versións de cancións, tutoriais, colaboracións con outras canles, recomendacións literarias etc.

RECURSOS LIBRES

Á hora de crear un contido dixital podemos, ademais de crearmos vídeos, sons ou imaxes nós mesmos, empregar algún que están publicados como de libre uso. Nas seguintes páxinas podemos atopar algúns. É importante

ter en conta o que se indica en cada páxina sobre se hai que dar crédito da autoría destes recursos e como facelo.

- **Imaxes:** Podemos atopar imaxes en FreePixels (freepixels.com), Pxfuel (pxfuel.com), Pexels (pexels.com), entre outros. No caso de querer ilustracións o ideal é optar por páxinas como FreePik (www.freepik.es) ou unDraw (undraw.co), e se queremos imaxes animadas ou GIFs, Giphy (giphy.com) é a referencia.

- **Sons:** Se queremos algo de música para os nosos vídeos ou para poñer de fondo no podcast que estamos facendo, as web máis consultadas son Jamendo (jamendo.com), WhatFunk (whatfunk.com), CC Mixer (dig.ccmixer.org) ou FreeSound (freesound.org).

- **Vídeos:** No caso dos vídeos, podemos obter recursos libres de dereitos en Videvo (videvo.net), Mixkit (mixkit.co), Videezy (videezy.com), Life of vids (lifeofvids.com) e Coverr (coverr.co).

TITORIAIS E GUÍAS

A seguinte relación de titoriais e manuais en diversos formatos pode axudar a crear unha canle de YouTube, un podcast ou a empezar unha emisión en directo en Twitch ou noutra plataforma semellante.

- **“Introdución a OBS: Como configurar OBS para os teus streamings”:** este videotutorial de Recuncho Gamer explícanos o básico do funcionamento de OBS Studio, a ferramenta máis empregada para facer emisións en directo en Twitch ou en YouTube. Na mesma canle pódese atopar outras guías máis avanzadas. Pódese ver en youtu.be/GyoYrnmMQ00.

- **“Edición de vídeo con Shotcut”:** Este videotutorial foi creado pola produtora galega Illa Bufarda para os premios YouTubeiras. Podemos atopar este recurso en youtu.be/K4r8PCJ3U78. Na web de YouTubeiras (youtubeiras.gal/recursos) tamén se pode atopar máis formación sobre diversos aspectos da creación de vídeos.

- **“Formación sobre Audacity para PodGalego” e “Hardware para podcasting”:** estes dous videotutoriais realizados por Jorge Lama son unha clara guía sobre como gravar podcasts. Podemos atopar ligazóns a estes vídeos en podgalego.agora.gal/recursos.

- **“Curso de radio escolar: Aula de Radio”:** a rede de escolas pola radio ten na súa web unha serie de videotutoriais sobre como crear unha radio escolar. Pódese atopar en espora.eu/videotutoriais.

- **“Guía metodolóxica RTV Enxebre”:** guía sobre a creación dunha radio por parte de Laboratorio de Radio. Pódese atopar en ayudaenaccion.org/ong/rtv-enxebre.

- **“Como hacer una radio”:** manual sobre como crea unha radio traído da man de Radio Guerrilla. Pódese atopar en edu.xunta.gal/biblioteca/blog/files/Como-hacer-una-radio.pdf

PROGRAMAS INFORMÁTICOS

Para poder elaborar os contidos dixitais precisamos do uso de programas informáticos. Afortunadamente, temos opcións que son programas libres e gratuítos e das que podemos atopar multitude de guías e titoriais sobre como instalalos e empregalos.

- **Edición de vídeo:** para a edición de vídeos para You-



Tube ou outras redes temos KDeLive, ShotCut ou OpenShot todos eles software libre e gratuíto e tamén temos solucións máis profesionais e caras como pode ser Adobe Premiere.

- **Edición de imaxe:** no que respecta á edición de imaxe, os programas gratuítos máis coñecidos son Gimp, Krita e Inkscape, e se imos a opcións de pago, están Adobe Photoshop e Corel Draw.

- **Edición de son:** se falamos de edición de audio, falamos fundamentalmente de Audacity, que é un programa libre e gratuíto.

- **Emisión de vídeo en directo:** no caso da emisión en directo, o rei é o OBS Studio e tamén a súa versión máis sinxela Streamlabs OBS.

- **Videokonferencia:** ás veces, é preciso crear contido con persoas que non están con nós. Neste caso os programas de videokonferencia son indispensables. Entre estos gustaríanos destacar a Jitsi, Zoom, Google Meet ou Skype como os máis empregados. ■



ENTREVISTA

Acompañar unha educación dixitalizada

Benjamín Salgado Gómez

Entrevista realizada por:

Patricia Digón Regueiro

Profesora Titular da Universidade da Coruña

REVISTAGALEGA
DE EDUCACIÓN

ISSN: 1132-8932

Páx. 50-54

Docente, asesor de formación, director, xa xubilado. Colaborador de Pé de imaxe e de Preescolar na casa, cunha longa traxectoria de traballo na integración do audiovisual e as tecnoloxías na escola.

– Sendo testemuña de todos os distintos materiais e recursos que teñen pasado pola escola dende que iniciaches a túa andadura como docente, que consideras que achegan os recursos dixitais e na rede tanto aos docentes como aos estudantes?

Pois a primeira reflexión é que son recursos, coma calquera outros. Non creo que haxa recursos mellores ou peores polo soporte e o formato que teñan. O que condiciona un recurso é o xeito de utilizalo e a repercusión na aprendizaxe do alumnado. Un libro en papel pode ser o mellor recurso

a imaxe e o son na aula, logo dun tempo no que pelexamos por introducir a televisión na escola, sen éxito.

Co paso do tempo, a medida que adquiría experiencia, sen desprezar ningún tipo de recurso, deime conta de que non podía haber volta atrás pola propia evolución da sociedade. A escola non pode vivir á marxe desta evolución. O nosos alumnos e alumnas, en moi pouco tempo convertéronse en usuarios e usuarias dixitais de dispositivos e recursos no ámbito familiar, pero cunha dificultade importante: as súas familias non tiñan a mesma facilidade e preparación para poder facer un acompañamento educativo con eses recursos. Polo tanto, a escola tiña un novo reto para asumir a importancia de educar nos novos medios e cos novos medios.

de formación, nun primeiro momento autodidacta e se cadra moi centrada nos aspectos máis técnicos do traballo. Logo, pouco a pouco, a administración foi asumindo algunhas responsabilidades nesa formación (non sempre de xeito adecuado e con éxito).

Finalmente descubrimos que, máis que a tecnoloxía e as ferramentas, o importante era a metodoloxía, para conseguir que realmente o cambio fose efectivo. E iso precisou tamén de moita formación, a máis importante no día a día cos compañeiros e compañeiras, a través de debates, reflexións, experimentacións...

E paralelamente a todo isto foi evolucionando o problema das dotacións. Ao principio foi todo grazas ao esforzo persoal do profesorado, equipos directivos e ANPAS. Nun mo-

“Non creo que haxa recursos mellores ou peores polo soporte e o formato que teñan. O que condiciona un recurso é o xeito de utilizalo e a repercusión na aprendizaxe do alumnado”

na aula, mentres que un documento dixital pode ser o maior tostón do mundo.

Ao principio, cando descubrín as ferramentas dixitais, do que me decatei era do enorme atractivo que tiñan para a xuventude e a infancia por dous motivos, basicamente: a novidade, a facilidade e a intuición para o seu manexo por parte do alumnado; pero tamén a posibilidade para o profesorado de traballo colaborativo. Tivo moito peso, ademais, a economía para facerse con estes recursos e compartilos na contorna profesional na que algúns mestres e mestras nos moviamos. Outra achega importante era que por fin tiñamos posibilidade de introducir

Esta evolución provocou un cambio de rol nos profesores e profesoras que decidimos incorporar as ferramentas dixitais na aula, coas súas vantaxes e dificultades. Démonos conta de que xa non eramos o centro do coñecemento na aula. Xa non se trataba de transmitir os contidos do mesmo xeito que o viñamos facendo. Agora abríanse grandes posibilidades para provocar unha aprendizaxe máis participativa do alumnado, coa investigación, o traballo en equipo e a creación dos seus propios recursos como eixos fundamentais. Pero tamén implicaba unha maior preparación do profesorado, o que nos obrigou a dedicar moitas horas

mento foi o condicionante básico para poder desenvolver experiencias efectivas. Logo viñeron os proxectos Abalar, Edixgal... que solucionaron en parte o tema das dotacións, non como ao profesorado lle gustaría, pero que polo menos nalgúns centros descargáronnos desa preocupación. Certo é que foi inxusto e discriminatorio, na medida en que non todos os colexios tiveron as mesmas oportunidades.

– Que recursos priorizan os docentes, cales consideran máis útiles nas súas aulas e por que?

Actualmente hai moitas evolucións diferentes no profesorado e en moitos casos prodúcense distintas fases nas



mesmas, como nos pasou a todos. Ao principio pesa moito a formación tecnolóxica e nesa fase depéndese moito dos recursos alleos, os que propoñen as editoriais, os elaborados e testados por outros compañeiros e compañeiras... Se esa práctica leva a unha fase na que a importancia está na metodoloxía, o profesora-

ambiente de aprendizaxe moi motivador no alumnado e no profesorado. O certo é que tamén é moito máis esixente a nivel profesional, moitas veces agravado polo desfase co currículo e mesmo coa actitude da administración, burocratizada en exceso e sempre por detrás da realidade das aulas.

– Condiciona dalgún xeito a utilización de recursos alleos fronte á posibilidade de crear os propios?

Como dixen, creo que depende da fase de evolución, vinculada á práctica de cada centro, pero sinceramente penso que, se a práctica educativa é correcta, o medio, os recursos, non son definitivos. Teño visto experiencias xeniais con recursos de editoriais que facilitaban o traballo coa diversidade

que os elabore o alumnado, séntese moito máis a gusto e satisfeito dos resultados na aprendizaxe do seu alumnado. Pero a realidade é que é imposible elaborar todo o que precisas para traballar na aula, polo que o traballo en equipo no propio centro e o traballo colaborativo, a facilidade para compartir recursos na rede, son claves en todo este proceso.

Por outra banda, caer no erro de premer sobre os compañeiros e compañeiras con que só hai un xeito de traballar cos recursos dixitais, é un perigo. O que temos que evitar é facer aulas tradicionais con recursos modernos, iso non vale pero é posible. Porén, sacarlle partido aos recursos para optimizar a tarefa profesional dos mestres e mestras é un paso

“Máis que a tecnoloxía e as ferramentas, o importante era a metodoloxía, para conseguir que realmente o cambio fose efectivo”

do preocúpase máis por formarse para elaborar os seus propios recursos e utilizar ferramentas que permitan ese cambio de rol do mestre do que falei antes. Na miña experiencia esta fase é a máis atractiva e efectiva: o traballo con redes sociais, mapas colaborativos, webquest... e incluso as ferramentas de avaliación, como as rúbricas, provocan un

da aula e que permitía ao profesorado centrar o esforzo na atención individual, pois perfecto. Grazas a iso o profesorado descobre unha das vantaxes dos recursos dixitais e posibilitaralle dar outros pasos, e teño observado que se dan. É verdade que a calidade dos recursos condicionan moito o resultado e o cumprimento de obxectivos, esa é responsabilidade do profesional, escoller correctamente, pero non ten que condicionar que non sexan de elaboración propia se o recurso é bo. Un claro exemplo disto é o uso da biblioteca, onde a maioría dos recursos son de elaboración allea.

Dito isto, o que teño observado e experimentado é que o profesorado que elabora os seus recursos ou que provoca

importante. Os equipos directivos teñen a responsabilidade de facilitar as experiencias e debates que permitan a evolución permanente no equipo docente para chegar aos obxectivos dos proxectos TIC, paso a paso.

– Que opinas das ferramentas de creación que se promoven dende a administración, do tipo de Exe-learning e outras anteriores?

Como bo galego diría que “depende”. Depende do uso que fagamos de cada ferramenta. Por exemplo, coa que comentades vós, Exe-learning, podemos crear materiais moi útiles para que o alumnado traballe en equipo, facendo unha investigación a partir de propostas do profesorado, e que logo elaboren os seus



recursos, incluso con pautas de avaliación a través de rúblicas. Pero tamén podemos facer unha unidade didáctica do máis clásico e aburrido, para ler, memorizar e logo cualificar.

Polo tanto, reafirmome en que a ferramenta é un medio, non un fin. Do uso que fagamos dela teremos conseguido uns obxectivos ou outros. Pasa o mesmo coa ferramenta de autor de E-Dixgal, co Edilim ou coa que temos traballado tanto hai anos, o JavaClic.

O importante é que lle permita ao profesorado crear o que deseñe para os seus fins sen esixencias extremas de formación que o obriguen a dedicarlle demasiado tempo en comprender os aspectos técnicos, priorizando as posibilida-

des metodolóxicas de boas prácticas coas TIC. Se un profesional quere facer unha webquest, por exemplo, buscará a ferramenta máis doada tecnicamente para creala, sempre que lle permita incluír os pasos que precisa, e hoxe, por sorte, hai moitas.

rede hai moitas páxinas web que permiten crealos sen ter que ser un experto. Pero volvemos ao de antes, se non está contextualizada a proposta, perderá todo o interese do alumnado; pero, se ten sentido nun proxecto, pode ser moi motivador resolver, individualmente ou en equipo, algunha destas actividades.

Outras posibilitan crear espazos de comunicación moi interesantes, como o Padlet e outras similares. Durante o confinamento a min permitiúme desenvolver proxectos de comunicación no grupo moi motivadores e divertidos. É verdade que moitas propostas son comerciais e hai que pagar por algunha mellora (sacar publicidade, por exemplo), pero a maioría teñen versións gratuítas que para o ensino po-



den ser abondo. de por experiencias relevantes que amosan que poden ser alternativas. Mesmo o confinamento obrigou o profesorado a ser máis creativo nas súas propostas e estas metodoloxías amosaron ter enganche e resultados moi interesantes. Unha das súas virtudes é que posibilita unha atención máis individual do alumnado, po-

“O que temos que evitar é facer aulas tradicionais con recursos modernos, iso non vale pero é posible”

– *Que opinas sobre estas metodoloxías asociadas ao uso das TIC como a clase invertida, a gamificación etc.?*

– *Que opinas do uso de recursos dixitais comerciais na escola, do tipo Genially, Educaplay, Puzlet, Wordwall, Padlet e moitas outras?*

den ser abondo. Son un paso máis, no proceso de traballo coas TIC, moi interesantes. Partindo de que o currículo do noso sistema educativo, tanto en Primaria como en Secundaria, ten un grave exceso de contidos, estas metodoloxías propoñen unha práctica moi innovadora que pode axudar a mellorar o seu tratamento e aproveitamento.

– *Que opinas do uso de recursos dixitais comerciais na escola, do tipo Genially, Educaplay, Puzlet, Wordwall, Padlet e moitas outras?*


– *Que opinas do uso de recursos dixitais comerciais na escola, do tipo Genially, Educaplay, Puzlet, Wordwall, Padlet e moitas outras?*

A “clase invertida” estase experimentando con éxito por parte dalgún profesorado. Creo que é unha metodoloxía que todos temos probado algunha vez, incluso antes de coñecerla como agora, e que está collendo popularida-

dado dedicarlle máis esforzos ao tratamento da diversidade e mesmo das emocións, algo que cada vez máis reclama a sociedade.

Outras, como a gamificación, están moi xustificadas nas propias características da infancia. O profesorado de Educación Infantil sempre o tivo máis claro que o doutras etapas. O ser humano comeza descubrin-





do o mundo a través do xogo; porén, pouco a pouco, parece que esa faceta queda reducida ao lecer. Pois ben, o xogo permite en calquera etapa do

terísticas de cadaquén, potenciar o mellor de nós mesmos para beneficio colectivo, pero con progresos persoais e individuais e cunha importante recompensa, a aceptación e valoración dentro do grupo.

– *Que pensas sobre a creación de contidos por parte dos estudantes? Cóntanos algunha experiencia que consideres relevante.*

Pode ser unha das experiencias máis enriquecedora, entretida, divertida e ao mesmo tempo educativa, se somos quen de deseñar un proxecto suficientemente atractivo para o alumnado.

As tecnoloxías dixitais están facendo unha serie de achegas importantes que obrigan ao cambio metodolóxico nas aulas, queirámolo ou non. Xa non temos que depender tanto da memorística para ter información, o que permite que o individuo poida establecer

borar a revista tiñamos que desenvolver distintos cometidos para abarcar todas as seccións da mesma: entrevistas, reportaxes, noticias, pasatempos... Cada mes faciamos un monográfico sobre cuestións que nos permitían, ao mesmo tempo, traballar o currículo. E cada mes os equipos cambiaban de funcións, para poder traballar todos os aspectos importantes durante o curso. Realmente, o resultado sobordou positivamente as miñas expectativas, polo entusiasmo, compromiso e resultados por parte do alumnado. Por suposto traballamos lingua, e literatura... perfeccionaron a escrita, leron outras revistas, traballaron distintos tipos de textos, relacionáronse con outros protagonistas fóra das aulas e incluso chegaron a entrevistar, vía correo electrónico, persoeiros que a eles lles interesaban. E, evidentemente, manexaron ferramentas e

“Pois ese é o camiño, educar nos medios, cos medios”

desenvolvemento a resolución creativa de problemas que estimulan e motivan dun xeito moi diferente a como se presentaba tradicionalmente a adquisición de coñecementos na escola. Esta metodoloxía pretende darlle un envoltorio baseado no xogo a proxectos de aprendizaxe que provocan a investigación, o traballo en equipo, a experimentación e a creatividade para a resolución de problemas que permiten tamén o desenvolvemento do currículo.

O máis importante é que todas elas permiten potenciar o traballo colaborativo, o que provoca unha mellor adaptación de cada unha das individualidades en calquera proxecto, é dicir, respectando as carac-

preferencias no que lle gusta aprender, pero sempre ten acceso inmediato a calquera outra información que precise. Ese acceso inmediato é xenial no ensino, en calquera punto dunha investigación podemos obter resultados para a resolución de dúbidas sen ter que aprazar o proceso. Isto dá moito xogo á hora de presentar proxectos nos que o alumnado sexa o protagonista e finalmente o creador dos contidos.

A experiencia particular que máis me gustou, das que fixen, foi a de converter a área de Lingua e Literatura Galega nunha editorial para sacar mensualmente unha revista dixital. Ese era o fin, pero o proceso foi realmente o importante. Para conseguir ela-

dispositivos dixitais, ademais da propia Internet, aprendendo e respectando as normas fundamentais do traballo na rede (e todo sen gastar un peso).

– *Como ves o mundo dixital no que nos movemos e o papel da escola neste?*

Moi relacionado co que dicía antes, cada vez a tecnoloxía dixital está máis ao alcance dos nenos e nenas en idades moi temperás, e a sociedade en xeral non tivo unha educación no uso dos medios. Ademais de que este mundo vai moi rápido, cada vez os avances tecnolóxicos, para ben e para mal, avanza a pasos máis axigantados. Isto xera

problemas, evidentemente. Estamos xa afeitos a escoitar falar da dependencia das pantallas e dos dispositivos e dos abusos que se fan a través da rede. Pois, se sempre estiven convencido da importancia de traballar na escola coa tecnoloxía, agora aínda máis.

Cando unha familia, ou incluso compañeiros/as, utilizan estes argumentos negativos da tecnoloxía como escusa para minimizar a súa integración na aula, procuro poñer o exemplo da seguridade viaria: cada vez hai máis vehículos, menos espazo para os peóns, máis velocidade nas estradas... e polo tanto máis inseguridade. Que facemos ante iso?, recluirnos?, evitar que os cativos e cativas saian á rúa? Evidentemente non, o que facemos

é acompañar, amosar os perigos, establecer normas e pautas, crear espazos seguros, ata que o neno ou nena sexa autónomo para asumir e enfrontarse a esas situacións. É dicir, educamos en seguridade viaria.

Pois ese é o camiño, educar nos medios, cos medios. Acompañando no proceso, poñendo os recursos precisos, coñecéndoos, analizando e creando a autonomía precisa para utilízalos correctamente.

Pero a escola non é a única responsable deste proceso. As familias tamén precisan apoios. É fundamental o papel dos concellos, das ANPAS, das escolas de pais e nais, e mesmo do resto de institucións para que desde a casa tamén

poidamos desenvolver procesos semellantes ao que intentamos facer desde os centros educativos. Pero si, o ensino ten un reto importante e teno que asumir. ■

PUBLICIDADE

Para que serve o que aprendo?

Operación Mundo, o novo proxecto de Anaya para Educación Primaria, propón unhas claves pedagóxicas que sitúan o alumnado no centro da aprendizaxe.

Unha aprendizaxe para a vida.



Comprende,
respecta
e transforma
o teu contorno.

Operación
mundo

ANAYA



Traballar o plurilingüismo dende Galicia e dende o galego



Carme Hermida Gulías

Universidade de Santiago de Compostela

mdocarme.hermida@usc.es

REVISTAGALEGA
DE EDUCACIÓN

ISSN: 1132-8932

Páx. 56-58

1. PLURILINGÜISMO E MULTILINGÜISMO

No ano 2001, o Consello de Europa publicou o documento titulado *Marco común europeo de referencia para as linguas: aprendizaxe, ensinanza e avaliación (MCER)* que pretende servir de patrón internacional para medir o nivel de comprensión e de expresión oral e escrita nas diferentes linguas.

No capítulo 1, o MCER (2005:31) dedica a epígrafe 3 a precisar o concepto de plurilingüismo que, advirte, non debe ser confundido co de multilingüismo. Este é definido como “o coñecemento de varias linguas ou a coexistencia de distintas linguas nunha sociedade determinada”. Pola contra, segundo o dicionario do Centro Virtual Cervantes, o plurilingüismo fai referencia “á presenza simultánea de dúas ou máis linguas na competencia comunicativa dun individuo e á interrelación que se establece entre elas”.

O plurilingüismo ten a súa manifestación práctica máis evidente na competencia plurilingüe ou capacidade de empregar as linguas para fins comunicativos e de participar nunha relación intercultural en que unha persoa, en canto axente social, domina -con distinto grao- varias linguas e posúe experiencia de varias culturas. Xa que logo, o obxectivo principal da aprendizaxe dunha lingua dende un enfoque plurilingüe non é conseguir dominar con plena corrección unha lingua non nativa, senón poñer en práctica os diferentes recursos que permiten a comunicación, aínda que o dominio só sexa parcial ou imperfecto (MCER, 2005:237).

Dende esta óptica, os emigrantes galegos que marcharon en masa para Europa non son bilingües nin trilingües nin tampouco multilingües porque hai destrezas do galego, do castelán e da lingua do país receptor que non dominan, mais si son plurilingües porque souberon utilizar os seus coñecementos das estruturas previas e das que foron adquirindo para comunicárense nunha nova lingua sen realizaren un estudo regrado.

Meu tío, Antonio Hermida Félix, marchou a finais de agosto do 1962 a Lucerna, na Suíza de fala alemá, para traballar e vivir nunha granxa. O seu descoñecemen-

to do idioma levouno a mercar material bibliográfico -un diccionario bilingüe e un método rápido de aprendizaxe do alemán- que lle permitise entenderse. Malia a esta axuda, as dificultades persistiron polas notorias diferenzas entre o alemán padrón e o suízo e, principalmente, polo descoñecemento da relación entre grafía e pronuncia. Por iso, coa axuda dunha moza que sabía algunhas palabras de castelán, dedicouse a facer listaxes de palabras. Dun xeito ou doutro, ó cabo dun ano, conseguiu entenderse en alemán. Cando pasou a traballar á zona francófona, os seus problemas comunicativos minguanon porque, ó ser unha lingua románica, éralle máis fácil comunicarse.

O exemplo do meu tío fai verdade a indicación de que “a competencia plurilingüe e pluricultural presenta un perfil transitorio e unha configuración evolutiva”. Dependendo das circunstancias persoais, “prodúcese cambios significativos na súa biografía lingüística e cultural” que alicerzan a súa identidade (MCER, 2005:194).

2. O PLURILINGÜISMO EN GALICIA

Despois dunha intensa e virulenta campaña nas rúas e nos medios de comunicación en contra da lingua galega, a Xunta de Galicia presentou no ano 2010 o Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia cos obxectivos de “garantir a competencia plena e en igualdade nas dúas linguas oficiais” e de “acadar a adquisición dun coñecemento efectivo en lingua(s) estranxeira(s)”. Os mecanismos establecidos para logralos son dous: distribuír as

materias ó 50% entre as dúas linguas oficiais e impartir “materias en lingua(s) estranxeira(s), principalmente en inglés, co obxectivo de que, de maneira progresiva e voluntaria, os centros educativos poidan chegar a ofrecer ata un máximo dun terzo do seu horario semanal en lingua(s) estranxeira(s)” (art. 22.1)^[1].

Á vista do dito no apartado 1, o Decreto 79/2010 confunde o multilingüismo (coñecemento de varias linguas) co plurilingüismo (capacidade para interrelacionar as varias linguas das que o individuo ten coñecementos para mellorar a súa competencia comunicativa). Ademais, prima conseguir a expresión correcta en tres linguas, pero non menciona a necesidade de poñer en marcha a competencia plurilingüe. Este posicionamento contradí o MCER, que afirma que “a finalidade da educación nunha lingua queda profundamente modificada. Xa non se entende como o simple logro do ‘dominio’ dunha ou dúas, ou mesmo tres linguas, cada unha considerada de forma illada, co falante nativo ideal como modelo fundamental. No canto disto, o obxectivo é o desenvolvemento dun repertorio lingüístico no que estean implicadas todas as capacidades lingüísticas” (MCER, 2005:31-32).

O decreto galego sinala na exposición de motivos que “a realidade social europea en que vivimos, nun contexto de globalización e de mobilidade laboral, sitúanos nun espazo internacional de plurilingüismo. Esta nova realidade exige un marco educativo que atenda esta necesidade so-

[1] Unha análise detallada do que supuxo para o ensino en galego o Decreto pode verse no número 79 (decembro, 2020) da Revista Galega de Educación.



Diccionario bilingüe castelán-alemán, alemán-castelán mercado por Antonio Hermida no 1962.



Método rápido de aprendizaxe do alemán mercado por Antonio Hermida no 1962.



Listaxe de palabras en alemán, coa súa equivalente castelá, realizada por Antonio Hermida entre 1962 e 1963.

cial, posibilitando a capacitación efectiva do alumnado nas dúas linguas oficiais e nunha ou varias linguas estranxeiras”, aspecto este que tamén entra en contradición co sinalado no MCER, para quen o ensino de varias linguas na escola ten as finalidades de construír a identidade lingüística e cultural da



Fotografía de Bibliotecas Municipais da Coruña.

persoa e de “desenvolver a súa capacidade de aprender a partir desta mesma experiencia plural de relacionarse con varias linguas e culturas” (MCEr, 2005:195).

En conclusión, o Decreto 79/2010 deturpa o significado de plurilingüismo ó confundilo con multilingüismo, esquece a competencia plurilingüe e insiste en buscar o dominio dunha lingua estranxeira para facerlle fronte á globalización e á mobilidade laboral. Por iso, cando algunha persoa especialista ve un centro co rótulo ‘plurilingüe’ hai que informala de que aí non se aprenden as linguas dende unha nova perspectiva, senón que ten unha materia -varias xa é máis raro- que se imparte en inglés, maioritariamente ‘Arts’.



3. A IMPORTANCIA DE TRABALLAR A COMPETENCIA PLURILINGÜE

Cando se conversa en relación cos coñecementos de idiomas con persoas de diferentes ámbitos, un tema que sempre se menciona é a cantidade de tempo que se dedicou ó estudo dunha lingua e o pouco dominio que se adquiriu dela. Nesas conversas tamén hai referencias ó medo ó erro e ó ridículo, ambos relacionados coa falta de confianza no aprendido e inducidos pola percepción de que a comunicación só é posible co dominio correcto dunha lingua. Estes medos poden resultar paralizantes cando, ademais, se ten o convencemento, inducido externamente, de que a lingua de partida non é útil para entenderse máis aló das portas da casa, como acontece co galego.

Un/unha falante dunha lingua románica coa competencia plurilingüe ben desenvolvida ten asegurada certa capacidade comunicativa en calquera outra lingua románica por causa da herdanza común. Ás persoas galegofalantes dá igual que se lles diga que se van entender mellor en italiano ca outras que só falan castelán, pois os prexuízos inducidos fanlles imposible asimilalo ata que descubren que, en “se non è vero, è ben trovato”, cinco das sete palabras son iguais ás do galego. O mesmo acontece con outras familias de linguas. Sempre é máis doado realizar algúns fonemas do inglés dende o galego que dende o castelán, caso por exemplo da fricativa palatal grafada como <sh>, ou da nasal velar, con grafía <ng>, que moito alumnado aínda se esforza en reproducir ortograficamente por

non ser informado de que esa grafía é a equivalente do <-n> galego.

Con estes exemplos básicos procurouse aludir ós beneficios de traballar a competencia plurilingüe en tanto que simplifica o proceso de ensino e aprendizaxe de linguas estranxeiras, axuda a eliminar de forma eficaz as pexas prexudiciais que poidan sentir as persoas falantes de galego e, finalmente, contribúe a fomentar o respecto das falantes de castelán polo galego, incentivando o seu interese por aprendelo. E un magnífico xeito de traballar o plurilingüismo dende a propia lingua é facelo coas palabras de uso cotián que proceden doutros idiomas, cos préstamos. ■

REFERENCIAS

- MCEr = Marco Común Europeo de referencia para as linguas: aprendizaxe, ensinanza e avaliación. 2001. Consello de Europa-Xunta de Galicia, 2005.
- XUNTA DE GALICIA (2010): “Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia”, *Diario Oficial de Galicia*, 25 de maio do 2010. Versión dixital en https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2010/20100525/Anuncio196D2_gl.html.
- CENTRO VIRTUAL CERVANTES: *Diccionario de términos clave de ELE. Plurilingüismo*. https://cvc.cervantes.es/ensenanza/biblioteca_ele/diccionario_ele/diccionario/plurilinguismo.htm. Data da última consulta: 19.04.2021.

UNIVERSIDADE DA CORUÑA

**MESTRADO UNIVERSITARIO EN INVESTIGACIÓN E INNOVACIÓN EN DIDÁCTICAS
ESPECÍFICAS PARA EDUCACIÓN INFANTIL E PRIMARIA**

FACULTADE DE C. DA EDUCACIÓN

CURSO 2022-2023

Título conxunto das Universidades da Coruña, Santiago de Compostela e Vigo

DURACIÓN: 1 curso académico (60 ECTS)

NÚMERO DE PRAZAS: 20 por Universidade

1ª PREINSCRICIÓN: do 2 de maio ao 18 de xullo

2ª PREINSCRICIÓN: do 22 ao 30 de agosto

INFORMACIÓN

Telf.: 881014660 - susana.gbarros@udc.es<http://estudios.udc.es/gl/study/start/4534V01> - <http://www.educacion.udc.es/mestrados/didacticas-especificas/>

Telf. 88101 + Ext. 4608,4699 e 4607

administracion.educacion@udc.es

UNIVERSIDADE DA CORUÑA

**MESTRADO UNIVERSITARIO EN ESTUDOS AVANZADOS SOBRE A LINGUAXE,
A COMUNICACIÓN E AS SÚAS PATOLOXÍAS**

FACULTADE DE C. DA EDUCACIÓN

CURSO 2022-2023

Título conxunto das Universidades da Coruña, Salamanca e Zaragoza

DESTINATARIOS: Licenciados/Diplomados/Graduados en: Psicoloxía, Maxisterio, Logopedia, Terapia Ocupacional, Pedagogía e Piscopedagogía

DURACIÓN: 1 curso académico (60 ECTS)

NÚMERO DE PRAZAS: 20 por Universidade

1ª PREINSCRICIÓN: do 3 de maio ao 20 de xullo

2ª PREINSCRICIÓN: do 23 ao 31 de agosto

INFORMACIÓN

vieiro@udc.es - Telf.: 881011876<http://estudios.udc.es/gl/study/start/4498V02> - <http://www.educacion.udc.es/mestrados/linguaxe/>

Telf. 88101 + Ext. 4608,4699 e 4607

administracion.educacion@udc.es

Videoxogos, ludificación e aprendizaxe baseada en xogos dixitais: un repaso á V Fenda Dixital



Cabeceira da web do congreso e acceso ao libro de actas
https://5e0f0c523e307_site123.me/

Tania Caamaño Liñares

Universidade de Santiago de Compostela
 taniacaamano.linares@usc.es

Elvira Rodríguez

ESAG, Matosinhos; CITCEM/FLUP
 elvirarodrigues.8500@esag-edu.net



ISSN: 1132-8932
 Páx. 60-63

Foi un 5 setembro do 2005 cando viu a luz o I Congreso Ibérico “A Fenda Dixital”, e xa daquela, as autoras das conclusións deste evento, enmarcadas na *Revista Galega de Educación*, indicaban como valores iniciais desta xuntanza, a creación dun contexto no que “*reflexionar, compartir e intercambiar ideas e experiencias sobre as Tecnoloxías da Información e da Comunicación e sobre as repercusións das mesmas na educación de hoxe, abrindo camiños comúns cara a superación dos retos que nos presenta o futuro*” (Pose & Zapico, 2006, p 71).

Hoxe, “A Fenda Dixital” segue a ser un espazo de encontro internacional no que debater sobre o estado da tecnoloxía no contexto educativo, implicándose neste obxectivo institucións como a Universidade de Vigo, a Universidade Federal do Paraná, a Universidade de Santiago de Compostela, a Universidade da Coruña e a ESE de Paula Frassinetti de Portugal.

Esta última edición, en modalidade online por mor da pandemia da COVID-19, tivo como principal intención analizar as posibilidades ofrecidas polos videoxogos, a ludificación e a aprendizaxe baseada en xogos dixitais, focalizando o papel destes elementos na mellora dos procesos de ensino e aprendizaxe.

A consolidación dos videoxogos como recursos educativos, e non só lúdicos, é unha realidade que comeza a consolidarse. Pero son moitos os aspectos que precisan ser analizados e reflexionados: cales son as necesidades das novas xeracións de alumnado e como poden estas tecnoloxías responder a elas?; como se establece a formación do profesorado e cales son as axudas ou recursos que poden guiar o seu desenvolvemento?

Estas e outras cuestións foron abordadas nesta V edición de “A Fenda Dixital”. Ao longo dos dous días contouse con catro relatores principais. O Dr. José Peirats Chacón da Universitat de València protagonizou a conferencia inaugural que levaba por título “*Gamificación, inclusión educativa y brecha digital*”. Reflexionou sobre o uso da ludificación como estratexia metodolóxica para a inclusión educativa nos niveis educativos do ensino primario. Se ben as tecnoloxías tamén favorecen novas formas de exclusión deri-

vadas da fenda dixital, que son a base e prioridade deste congreso, Peirats recalcou o valor específico da estratexia didáctica innovadora que supón a gamificación e a súa capacidade de apoio, accesibilidade e adaptabilidade. E, especialmente no marco dunha educación inclusiva e nunha escola dixitalizada, a comprensión, a actitude positiva e as boas prácticas dirixidas cara á diversidade do alumnado poden sen combinados adecuadamente con estratexias e recursos tecnolóxicos que camiñen cara á plena participación dos e das cidadás.

A Dra. Silvia López Gómez, da Universidade de Santiago de Compostela, recolleu o testemuño do Dr. Peirats co seu relatorio titulado: "Deseño e análise pedagóxica de videoxogos desenvolvidos para a educación". Se iniciabamos o Congreso falando da necesidade de valorizar a gamificación como recurso didáctico sen esquecer a combinación doutros elementos, a Dra. López Gómez adentrouse directamente nun deles: a formación do profesorado, especificamente no tocante ao deseño de recursos.


Foi esta unha conferencia que foi incidindo nas diferentes fases que debemos seguir se queremos crear un xogo dixital. Dende a concepción do mesmo, e a reflexión obrigada en torno a idea, o argumen-



Mostra de relatores e relatoras.

to, a necesidade á que dará resposta, a meta, os obxectivos ou o público ao que será dirixido; pasando polo guión multimedia ou o documento de deseño do xogo, onde debe especificarse ao detalle o funcionamento do mesmo así como o que ocorre en cada unha das pantallas que crearemos; e culminando no desenvolvemento da aplicación, onde guiaremos o traballo dos/as encargados/as de dar vida ás ideas planeadas; e as probas finais onde realizar a validación da calidade do xogo.

Outro dos elementos esenciais deste relatorio foi dar a coñecer unha guía para o análise de videoxogos elaborados con intencións educativas, que foi creada pola autora do relatorio e aplicada na súa tese de doutoramento (López-Gómez, 2018). Nela recóllense máis de 200 ítems sobre elementos que nos permitirán valorar activamente o recurso, tales como a identificación do xogo, información lúdico-pedagóxica, o deseño instrutivo ou a aplicación didáctica, entre outros.



Captura de pantalla da inauguración da Fenda Dixital.



Captura de pantalla da intervención do Dr. Gustavo Abib.

Xa no segundo día, as conferencias correron a cargo do Dr. Francesc Josep Sánchez i Peris, da Universitat de València, e do Dr. Gustavo Abib, da Universidade Federal do Paraná, centradas na "Metodoloxía ludificada en educación superior" e nos "Serious Games: desafíos e oportunidades" respectivamente.

A metodoloxía ludificada, como introduce o Dr. Sánchez i Peris, procura crear unha situación de calidade onde o alumnado poida desenvolver as actividades curriculares destinadas á aprendizaxe de contidos. A motivación ou a adaptación aos estilos de aprendizaxe son tamén esenciais neste proceso. Neste relatorio puidemos coñecer de primeira man como un grupo de mestres e mestras de Antropoloxía da Educación da Universitat de València desenvolveu unha metodoloxía ludificada nos graos de Pedagogía e Educación Social. Xogos para cada sección dunha materia onde o alumnado debería crear un *rap*, xogos dixitais, simulación de programas de televisión, construción de xeroglíficos, chirigotas ou maquetas das coñecidas fallas de Valencia. Unha serie de xogos en equipos de traballo, recursos e procesos denominados aventuras a través das cales recibirán insignias que se-

rán intercambiable por puntos para a cualificación final. Claro está, á vez que asimilan contidos propios da materia. Un xeito de acadar os obxectivos académicos á vez que un estado físico e mental que leva o alumnado a sentirse feliz e integrado no grupo.

O Dr. Gustavo Abib debateu sobre a utilización de "serious games" a través da triangulación de catro aspectos de procura: pedagogía/educación; tecnoloxía; metodoloxía/deseño e mercado educativo e corporativo. Varios dos exemplos presentados destacaron a importancia e relevancia dos "serious games", cuxa xustificación para o seu uso figuraba en 7 temas, a saber: activar o lado social (sociabilidade); converter unha situación aburrida en diversión; mellorar a retención do coñecemento; facer do alumnado un pólo activo e facilitar o proceso de ensino e aprendizaxe, introducir novos conceptos; permitir a resolución problemas; e permitir a análise en tempo real.

Estas conferencias iniciais deron paso ás dúas mesas redondas. A primeira, baixo a temática "Oportunidades educativas dos videoxogos e da aprendizaxe baseada en xogos" correu a cargo do Dr. António J. Osório, da Universi-

dade do Minho, e do profesor Marco Bento, da Escola Superior de Educación de Coimbra. O primeiro deles, a través de "Aprender e jogar, desafíos tão sérios como brincar" procurou dirixir o foco sobre o verdadeiro potencial interxeracional ofrecido polas tecnoloxías dixitais nun paradigma participativo. As dificultades actuais do alumnado pasan pola falta de motivación e interese, dificultades de atención ou os diversos estilos e ritmos de aprendizaxe. Ante un contexto así, a gamificación ou ludificación preséntanse como un recurso máis que interesante.

A tecnoloxía na que vivimos e a que levamos dentro fan que xogar, brincar e aprender sexan sinónimos. O profesor Marco Bento, pola súa banda, falounos de "Oportunidades educativas da integración digital em cenários de gamificação e jogos digitais". Sitúanos nunha realidade onde unha sociedade dixital agarda polo avance dun sistema escolar eminentemente analóxico. Unha situación que podemos equilibrar a través de modelos activos de aprendizaxe que, se ben integren a parte dixital e lúdica do uso de tecnoloxía, non abandonen elementos necesarios dese concepto analóxico da educación. A calidade deste proceso dependerá en gran parte, do papel do profesorado e da súa planificación previa, e por suposto do xeito en que se establezan espazos que promovan oportunidades para unha aprendizaxe personalizada.

A segunda das mesas, titulada "Múltiples ollares sobre os videoxogos e a aprendizaxe baseada en xogos", contou coa participación da Dra. Carmen Ricoy Lorenzo e da profesora Jennifer Fernández Rodríguez,

ambas as dúas da Universidade de Vigo. A Dra. Ricoy propuxo "Múltiples miradas sobre la gamificación: análisis sistemática", un estudo que ofrece como conclusións a necesidade de potenciar a alfabetización dixital dende a infancia. As TIC, entre outros recursos, axudan a desenvolver prácticas que reforzan e melloran esta alfabetización. Por iso é importante deseñar intervencións gamificadas para desenvolver nos centros educativos, nas que poida participar a familia dende o fogar. Jennifer Fernández Rodríguez reflexionou sobre a aprendizaxe baseada en xogos e presentou exemplos do seu uso e optimización en contextos educativos.

Todo isto sumado ás máis de 30 comunicacións organizadas entre diversas liñas temáticas como foron: as oportunidades e riscos dos videoxogos; dinámicas e recursos na ludificación; intervención educativa e investigación arredor da aprendizaxe



A profesora Jennifer Fernández explicando o seu breakout educativo.

baseada en xogos dixitais; o deseño, implementación e avaliación dos xogos serios ou experiencias e boas prácticas.

Un gran evento no que se debateu sobre os potenciais e as capacidades dos videoxogos e das denominadas metodoloxías baseadas na ludificación e nos xogos dixitais. Un ámbito da tecnoloxía que irrompe con forza nas escolas, nos fogares e na sociedade en xeral, e a través do que, coa precisa análise e reflexión, poderemos

convertelos nun elemento que facilite a motivación, a flexibilización e adaptación ao alumnado. É dicir, un elemento máis a favor da calidade educativa. ■



REFERENCIAS

- POSE BLANCO, A. M., & ZAPICO-BARBEITO, M. H. (2006). Conclusións I Congreso Ibérico A Fenda Dixital-Silleda. *Revista galega de educación*, (35), 71-72.
 - LÓPEZ-GÓMEZ, S. (2018). *Análise descritiva e interpretativa do deseño e contido dos videoxogos elaborados en Galicia*. Tese de doutoramento, Universidade de Santiago de Compostela, España.
- Dispoñible en <https://minerva.usc.es/xmlui/handle/10347/16695>

PUBLICIDADE

Biblioteca de Pedagogía

Unha colección imprescindible para educadoras e educadores



A Asociación Socio-Educativa Antonio Gandoy: o legado de Preescolar na Casa posto ao día



Sementando o futuro.

M^a Luísa Rey Otero

Mestra/Orientadora de Preescolar na Casa e da Asociación Antonio Gandoy

antoniogandoyeducacion@gmail.coms

REVISTAGALEGA
DE EDUCACIÓN

ISSN: 1132-8932

Páx. 64-67

"[...] Hai necesidades humanas vitais que poden ter unha resposta axeitada, como é o caso da educación en xeral, da educación nos primeiros anos e, desta educación, na familia. No 1977 chegou á vida educativa Preescolar na Casa, para contribuír a unha mellor educación infantil na casa".

A sí comeza o limiar da publicación *Preescolar na Casa: educación infantil familiar. Unha utopía realizable* (Paz e Armesto, 1999). En efecto, Preescolar na Casa (en adiante PnC) foi un proxecto educativo nacido en resposta á preocupación polo desenvolvemento integral das persoas; ideado e coordinado polo cura "obreiro" Antonio Gandoy Díaz, auspiciado por Cáritas Diocesana de Lugo, e desenvolvido por un grupo de persoas voluntarias (principalmente, curas e monxas), nos seus inicios pretendía compensar a inexistencia no medio rural galego de educación infantil formal.

Durante a súa longa existencia, PnC, en consonancia coas transformacións que foi experimentando a realidade social, especialmente das comunidades rurais, e facendo uso do saber que as/os seus profesionais foron atesourando, percorreu un camiño que, presidido permanentemente polo principio da mellora da educación das/dos máis pequenos nas aldeas, foi renovando obxectivos, contidos de formación, métodos, materiais de traballo e mesmo os seus destinatarios máis directos. Así, pasou depender da Fundación Preescolar na Casa, adoptou unha perspectiva totalmente laica, estendeuse tamén a zonas urbanas e a colectivos de especial vulnerabilidade social, centrou a súa atención máis nos maiores que nos pequenos da familia, etc.

Os encontros quincenais coas familias (que tiñan crianzas menores de seis anos) chegaron a numerosos concellos de Galicia, mesmo a algúns de Asturias e Zamora. Un programa de emisión semanal na Televisión de Galicia, varios programas de radio en distintas emisoras de ámbito autonómico e local, a publicación dunha revista bimensual, unha ludobiblioteca itinerante, a edición de distintas publicacións con temas relacionados coa educación infantil familiar, a organización e participación en seminarios, xor-

nadas de formación, cursos e congresos tanto de referencia estatal como internacional etc, fixeron que PnC se convertese nun modelo de intervención socioeducativa no rural pioneiro, orixinal, preventivo e vertebrador do territorio, que procuraba favorecer o sentido de "comunidade" e fomentar a implicación das familias na educación de fillas e fillos, traxectoria recoñecida con diversos premios internacionais.

Unha parte de historia de educación galega débese a todo o traballo realizado no decurso de 35 anos por máis de 150 profesionais da educación e outros tantos voluntarios, e milleiros de familias que crearon neste proxecto, que o seguiron e apoiaron. Mais este traballo de continua interpretación das necesidades educativas e sociais, das constantes adaptacións do proxecto para responder ás necesidades educativas latentes nas familias e na sociedade, foi condenado no ano 2012 coa non renovación da contribución económica que percibía da administración autonómica, o que provocou irremediabilmente a desaparición da Fundación Preescolar na Casa, nun momento no que atendía case 4.000 familias.

Coa intención de evitar que esa experiencia, ese saber facer e todos os recursos da fundación se perdesen sen máis



Gozando do noso.

no tempo ou no lixo, un grupo de dez das persoas que formaron parte do extenso equipo de PnC tomamos a decisión de crear unha asociación, que non podería levar outro nome que o do impulsor, ideólogo e alma máter do programa: nace así en 2013 a Asociación Socio-Educativa Antonio Gandoy.

Grazas á súa constitución formal, a nova entidade puido conseguir en poxa pública os bens da antiga fundación, que inclúen a propiedade da marca "Preescolar na casa" e todo o fondo documental e material que o proxecto foi xerando ao longo da súa traxectoria. Ademais, por xentileza do Concello de Lugo, segue ocupando o mesmo local que xa empregaba a fundación.

Seguindo a estela de PnC, son valores da nova entidade:

- O compromiso coa educación, a cultura e o saber, como bens imprescindibles para o desenvolvemento das persoas.
- A defensa e reivindicación da importancia educativa dos primeiros anos e do papel educativo da familia.
- O respecto polo propio: as persoas, a lingua, o medio, a cultura.
- A solidariedade cos sectores de poboación máis desfavorecidos.
- A cooperación cos outros profesionais e organizacións/institucións relacionadas coa infancia e a familia.
- O compromiso coa mellora continua e a competencia profesional.

Sen perder estas premisas de vista, a asociación márcase como obxectivos:



Xogando coas pompas de xabón.



Participando no Entroido.



Compartindo xogos.

- Preservar e difundir o legado material e inmaterial do programa PnC.
- Promover unha educación que capacite a persoa para comprender a realidade, intervir nela e vivir en harmonía consigo mesma, coas demais e coa natureza.
- Difundir unha cultura da infancia, das súas necesidades, potencialidades e dereitos de acordo coa Convención dos Dereitos do Neno e da Nena, promovendo o exercicio da parentalidade positiva.
- Impulsar a creación de servizos de atención socioeducativa a crianzas e familias de diferentes colectivos, do ámbito rural, poboación dispersa e contornos familiares de especial vulnerabilidade, co fin de promover a igualdade de oportunidades e a conciliación da vida familiar e laboral.
- Fomentar o estudo, conservación e difusión da cultura tradicional, así como o empre-



Descubrinto a contorna.

go e promoción da lingua galega.

Para acadar os obxectivos descritos, a asociación ofrece basicamente dous servizos. Por unha parte o **Centro de Documentación e Difusión Antonio Gandoy**, que se crea desde o convencemento de que o investimento público que durante tantos anos foi realizado en beneficio do proxecto PnC non pode quedar desaproveitado, senón que debe ser ofrecido á cidadanía (pais, nais, investigadoras, formadores...) na idea de dar a coñecer esta experiencia educativa e poñer en valor o seu legado material e inmaterial. Este legado materialízase nunha variada e rica información sobre a evolución social e educativa de Galicia desde a década dos 70, concretada:

- Nunha biblioteca especializada en educación infantil familiar, que conta con máis de 3.000 títulos, alén de diversas coleccións de revistas educativas.
- Nunha videoteca con máis de 700 programas educativos de televisión elaborados por profesionais de PnC, emitidos pola TVG durante 22 anos.
- Nunha serie de programas de radio emitidos en diversas antenas ao longo de máis de 20 anos.

A segunda prestación é o **Servizo de Orientación ás Familias**, cuxa actividade central, a que move e sustenta a maioría de accións da asociación, son os "Espazos das Familias", encontros semanais de nais, pais e crianzas cunha orientadora da asociación, cos que se trata de ir construíndo colectivamente unha nova cultura sobre a infancia, que integre a crianza, os coidados e a educación. Os Espazos das Familias constitúen un lugar de encontro para a formación de nais

e pais sobre a primeira infancia, e un tempo para o intercambio de experiencias onde uns aprenden doutros, e nenas e nenos poden xogar con iguais. Nos Espazos, e a través das diversas actividades ou a observación, as familias poden chegar a coñecer e comprender o desenvolvemento das súas fillas e fillos, enriquecendo a relación con elas/eles e dando respostas adaptadas ás súas necesidades e posibilidades.

Os Espazos das Familias posibilitan a interacción de familias con crianzas menores de tres anos dunha área xeográfica concreta, con profesionais da asociación. Estas xuntanzas deséñanse e organízanse para dar resposta ás inquiredanzas educativas das familias e ás necesidades relacionais de nenas e nenos. Lévanse a cabo nun ambiente distendido, tranquilo e de goce, co fin de dialogar, reflexionar e analizar a vida cotiá e a súa influencia na educación das miúdas e miúdos, ofrecendo:

- Apoio ás familias na súa acción educadora, facilitándolles información, formación e experiencias que fomenten o desenvolvemento da parentalidade positiva, e afondando no coñecemento do proceso de desenvolvemento das nenas e dos nenos para comprendelos mellor e así ter con eles actuacións máis axeitadas, recoñecéndolos como cidadás ou cidadáns activos, creativos e competentes.
- Un modelo de relación baseado no respecto, a cooperación e a colaboración, nun ambiente lúdico no que persoas adultas e crianzas participen en situacións de aprendizaxe que permitan adquirir coñecementos e desenvolver capacidades, realizando un achegamento á realidade

e vivencias de cadaquén, ao tempo que se facilita o coñecemento do contorno, establecendo lazos afectivos con persoas diferentes á propia familia.

- Un camiño cara ao recoñecemento e respecto social da infancia, das súas necesidades e do importante papel que a familia ten na súa educación.
- Unha contribución á revitalización da cultura galega, da súa lingua e das súas tradicións.
- Un espazo de comunicación, debate, reflexión, creación e potenciación para as persoas adultas, sabendo que os procesos de educación permanente ou continua deben ir sempre ligados ao desenvolvemento comunitario.

Desde a creación da asociación e ata 2021, participaron nos Espazos das Familias case 1.950 crianzas menores de tres anos xunto cos seus proxenitores, ademais das que participaron en distintos obradoiros, festas xogueteiras, contacontos, concertos e outras actividades organizadas tamén pola asociación en colaboración con distintas entidades públicas e privadas de toda Galicia.

En termos xeográficos, os Espazos das Familias desenvólvense fundamentalmente nas provincias de Lugo e A Coruña, aínda que a asociación tamén ten asinado un convenio de colaboración co CDR O Viso (Lodoselo, Sarreaus, Ourense) para a formación e apoio ao persoal do seu proxecto de Educación Infantil Familiar na Limia. Á marxe do territorio concreto que cobre na actualidade, a asociación está disposta a levar as súas actividades alí onde sexan demandadas, concedéndolles sempre preferencia ao medio rural e ás familias máis desfavorecidas.

Con todo, o preocupante despoboamento do noso país fai moi complicado organizar grupos de familias con crianzas menores de tres anos; por iso, na maioría dos casos os Espazos das Familias sitúanse nas cabeceiras de concello ou de comarca, a onde se desprazan as familias, logrando así un contorno rico en experiencias no que se produce debate e reflexión conxunta sobre o papel do grupo familiar no desenvolvemento integral das crianzas, e onde estas poden compartir coas súas iguais momentos de xogo e lecer que lles axuden a medrar sas e equilibradas.

Despois da desfeita acontecida coa desaparición de PnC, sen que as familias galegas contasen cunha oferta institucional alternativa axeitada ás necesidades de apoio e formación na tarefa de educar as súas fillas e fillos, a Asociación Socio-Educativa Antonio Gandoy intenta dar resposta, igual que outras semellantes, ás demandas das familias, ofrecendo un servizo de calidade, ollando o futuro con ilusión, e loitando por lograr a dignificación da nosa lingua, a nosa cultura e o noso medio rural. Ademais tamén reclama a mellora dos servizos educativos no rural para contribuír ao asentamento poboacional nas aldeas, moitas das cales, se non nos movemos, poderían desaparecer en pouco tempo.

E é que, en definitiva, seguimos facendo nosa aquela reflexión de Antonio Gandoy, o "cura da bicicleta", de que "o que é necesario ten que ser posible e, ademais, é realizábel". ■

Asociación Socio-Educativa Antonio Gandoy
Carril das Flores, 54-1ª 27002 LUGO
Tfnos.: 982 216 001 / 629 612 897
<http://antoniogandoyeducacion.blogspot.com/>
antoniogandoyeducacion@gmail.com



Escoitando o conto do Polo Pepe.



Experimentando coa masa.

REFERENCIAS

- FERNÁNDEZ, ERMITAS E REY, M. LUÍSA (2000). Preescolar na casa: la educación infantil-familiar (Galicia). *Revista de educación*, 322, 143-158.
- FERRADÁS, R. LOIS (2004). *Medrando na comunidade: a contribución de Preescolar na Casa á educación infantil en Galicia*. Lugo: Fundación Preescolar na Casa.
- FERRADÁS, R. LOIS E FRANCO, J. PABLO (2018). Preescolar na casa: de preparación para a escola a educación familiar no medio rural de Galicia (España). *Historia y Memoria de la Educación*, 7, 363-389. En <http://revistas.uned.es/index.php/HMe/article/view/18740/17506>
- MESA GALEGA DE EDUCACIÓN NO RURAL (2006). *A educación no rural en Galiza*. Sada: Eds. do Castro.
- PAZ, M. SARA E ARMESTO, CELIA M. (coords.) (1999). *Preescolar na Casa: educación infantil familiar. Unha utopía realizábel*. Lugo: Cáritas Diocesana de Lugo.



Feira Científica Virtual SMM

Susana Vázquez Martínez

Colexio Santa María do Mar (Xesuítas)

suvarmar@csmm.es

REVISTAGALEGA
DE EDUCACIÓN

ISSN: 1132-8932

Páx. 68-71

CONTEXTO DA FEIRA CIENTÍFICA VIRTUAL SMM

A proposta xurdiu despois de ter participado durante varios anos no evento "Día da Ciencia na Rúa", que se celebra todos os anos na Coruña. Coa experiencia acadada, desde o Departamento de Ciencias decidimos desenvolver, no ano 2015, unha Feira Científica dirixida á comunidade educativa da nosa escola.

A Feira de Ciencias, como proxecto educativo anual, facilita a adquisición de habilidades de indagación, creatividade e comunicación na aprendizaxe das distintas disciplinas científicas, e promove as vocacións científicas, polo que se constitúe como un dos eixos vertebradores do Departamento.

Na primeira fin de semana de maio celébrase a Feira, na que participa todo o alumnado, desde infantil a 2º de Bacharelato, cunha grande participación das familias.

Neste contexto, a pandemia provocada pola COVID 19 supuxo un reto creativo e metodolóxico para trasladar o evento ao ámbito virtual e conseguir motivar o alumnado a "contar ciencia" nun escenario tan diferente.

OS ESPAZOS E MATERIAIS: UN LABORATORIO NA COCIÑA

En pleno confinamento, o primeiro reto foi conseguir un lugar adecuado de traballo que suplise os laboratorios. O noso laboratorio ía ser a cociña.

A cociña é un excelente contexto para a aprendizaxe da química na ESO (Solsona, 2012), xa que é en si mesma un espazo de formación STEAM, onde o alumnado poder construír unha parte da

súa formación en ciencias, en tecnoloxía e noutros aspectos culturais como a gastronomía.

Por outra banda, é tamén un medio que favorece a resolución de problemas "auténticos" e permite que o alumnado comparta os modelos que utilizan para explicar distintos procesos e compáralos co modelo científico (Jiménez-Áleixandre, 2011).

Outro reto era poder dispor do material adecuado para as experiencias, polo que as propostas tiñan que utilizar materiais de uso común na cociña co que poder desenvolveselas.

A PROPOSTA

En xaneiro do 2019 comezamos un proxecto en que, por parellas, os alumnos e alumnas achegaban unha receita que servise como contexto para traballar paralelamente cos conceptos da materia escolar de Física e Química de 2º de ESO.

Cada equipo tiña un nome e un logo e, unha vez elixida a receita, proporcionábanse lle recursos didácticos para desenvolver as distintas tarefas que se propoñían: pequenas investigacións, preguntas abertas..., e por último tiñan que desenvolver unha experiencia no laboratorio.

Como exemplo de tarefas indicamos as seguintes: converter unidades de medida, comprobar de que factores depende a solubilidade de gases e sólidos, calcular a concentración de disolucións de concentrado de zume, facer unha emulsión, clasificar distintos coloides, xogar con densidades ou esfesificar diferentes líquidos. Tamén investigaron a importancia do cloruro sódico e o azucre na conservación de alimentos e determinadas reaccións quími-



Facendo ciencia na cociña.

cas e físicas, así como a transmisión do calor.

As tarefas subíanse quincenalmente á plataforma colexial en Teams e animábase as familias a participar.

Durante o confinamento seguimos traballando e decidimos facer unha Feira Científica Virtual, nas mesmas datas que todos os anos, para normalizar, no posible, a situación que estabamos a vivir.

Así, e a partir duns consellos de gravación e unha rúbrica de avaliación, cada alumno ou alumna faría un vídeo para explicar un tema relacionado co que tiñamos traballado ou ben aplicar o aprendido a unha experiencia cotiá na cociña.

O PRODUTO FINAL

Creouse a canle de Youtube "Feira Científica Virtual SMM" e publicáronse no período de festas colexiais os vídeos que cumprían coas especificacións técnicas e de seguridade na rede, na lista de reprodución "Química na cociña" e os deste curso na lista "Feira Científica Virtual".

O link á canle é <https://cutt.ly/GmO-7P7y>



Canle de Youtube da Feira Científica Virtual SMM.

OS CONTIDOS

A proposta xorde desde 2º da ESO, un curso no que a programación de Física e Química semella estar deseñada para tratar culinariamente os contidos: mesturas, cambios físicos e químicos, factores de conversión, coloides, disolucións ou propiedades da materia atopan na cociña o seu lugar habitual.

Os contidos traballados pertencen aos bloques 1 (a actividade científica), 2 (a materia), 3 (os cambios) e 5 (a enerxía).

AS COMPETENCIAS

O proxecto permitiu desenvolver e avaliar distintas competencias clave.

O desenvolvemento da competencia científica necesita de tres habilidades: describir, explicar e argumentar (Sanmartí, 2007), ás que necesariamente o alumnado tivo que enfrontarse á hora de preparar os vídeos para a Feira. Así, aprenderon a diferenciar a linguaxe coloquial da científica, onde a palabra "sal" fai referencia a un grupo de substancias e non só ao cloruro de sodio, argumentar por que a fermentación é un fenómeno químico, ou diferenciar "fusión" de "disolución", entre outros moitos asuntos e conceptos.

Antes de gravar o vídeo era obrigada a elaboración dun guión da experiencia, onde se especificase que concepto ou proceso ían explicar, en que se baseaban e de onde recolleran a información, ademais do aprendido nas aulas. Este proceso contribuíu ao desenvolvemento da competencia lingüística e TIC.

Respecto á competencia lingüística, o alumnado de Santa María do Mar fala castelán, polo que o feito de ter que facer a exposición en galego contribuíu ao desenvolvemento da oralidade en galego e ao fomento do seu uso no eido das ciencias.

Traballáronse as competencias sociais e cívicas, posto que o alumnado tiña que colaborar entre si para o desenvolvemento das experiencias, e as de iniciativa e espírito emprendedor, xa que os rapaces e rapazas podían escoller os seus experimentos dentro da temática xeral de química na cociña, valorándose especialmente a creatividade e orixinalidade das propostas.

A propia creación do vídeo, coas características especificadas na rúbrica de avaliación, colaborou no desenvolvemento da competencia dixital e ao finalizar a Feira os nenos

e nenas tiñan que cubrir un formulario de Google, onde reflexionaban sobre o aprendido e se lles pedían suxestións de mellora para traballar a competencia de aprender a aprender.

A competencia de conciencia e expresión culturais traballouse tanto na elaboración de receitas tradicionais como a través de pequenas investigacións sobre o método de salgadura utilizado nas conservas e na matanza do porco.

A AVALIACIÓN

Desde o inicio da proposta de Feira Científica Virtual, o alumnado dispuxo dunha rúbrica de avaliación. A participación na Feira Científica tiña un peso do 20 % na nota e o desenvolvemento das tarefas, dun 40% na segunda e na terceira avaliación.

A resposta do alumnado foi moi positiva e volveuse repetir durante o curso 20/21.

Neste curso, debido ás restricións nos laboratorios, optouse porque elixisen como base calquera dos temas tratados, e apareceron experiencias sobre as leis dos gases que non apareceran no curso anterior.

Unha vez que vimos as posibilidades didácticas que xurdiron da primeira e segunda edición, imos estender estes procesos de construción do coñecemento por parte do alumnado a todos os cursos, independentemente da celebración presencial da Feira no curso 21/22.

Moitos dos vídeos realizados na primeira edición utilizaráronse como apoio e introdución nas aulas de Física e Química deste curso, e a nosa idea é crear un repositorio de recursos elaborados polo alumnado de distintos cursos. ■



% na nota do traballo	Criterio	F	E	D	C	B	A
10%	Guión	Non presentou guión	Guión sen estrutura e confuso. Máis de tres faltas de ortografía.	Guión pouco estruturado e claro. Menos de tres faltas de ortografía.	Guión estruturado, claro e con menos de tres faltas de ortografía.	Guión estruturado, conciso e con menos de tres faltas de ortografía.	Guión estruturado, claro, conciso e sen faltas de ortografía.
15%	Contido teórico e procedementa	Non utiliza ningún tipo de contido teórico.	Non expresa ideas e detalles do tema nin do procedemento.	Exprés algunhas ideas e os detalles do tema e do procedemento.	Exprés con claridade, pero con pouca fluidez, ideas e detalles do tema e do procedemento a seguir.	Exprés con claridade e fluidez ideas e detalles do tema e do procedemento seguido.	Exprés con claridade e fluidez ideas e detalles do tema e do procedemento seguido e afofada na parte teórica.
30%	Explicación	Non hai explicación do fenómeno que amosa.	A explicación é confusa.	A explicación é clara pero un pouco rebuscada.	A explicación é clara e precisa.	A explicación é clara e precisa, e fai alusión á Feira Científica.	A explicación é clara e precisa, e fai alusión á Feira Científica con moito rigor e xustificación..
15%	Orixinalidade	O vídeo carece de orixinalidade.	Usa ideas doutras persoas, pero non as cita como fonte de inspiración.	O vídeo amosa certa orixinalidade. O traballo amosa uso de novas ideas e de perspicacia. Cita as súas fontes de inspiración.	O vídeo é orixinal pero moi similar aos dos seus compañeiros/as.	O vídeo amosa bastante orixinalidade. As ideas son creativas e enxeñosas.	O vídeo amosa moita orixinalidade. As ideas son creativas e enxeñosas. Sorprende.
15%	Imaxe e Son	O vídeo non está ben adaptado. O formato non é o pedido e a claridade e calidade son malos.	O vídeo non está ben adaptado. O formato é o pedido, pero a claridade e a calidade son malos.	O vídeo está ben adaptado e é apropiado en formato, pero a claridade e calidade son regulares.	O vídeo está ben adaptado e é apropiado. O formato é o pedido e a claridade e calidade son bastante boas.	O vídeo está ben adaptado e é apropiado. O formato, claridade e calidade son bos.	O vídeo está ben adaptado e é apropiado. O formato, claridade e calidade son moi bos.
15%	Cumpre requisitos	Non se axusta aos requisitos solicitados nin entrega en prazo.	Axústase parcialmente aos requisitos solicitados, pero non entrega en prazo.	Axústase parcialmente aos requisitos e entrega en prazo.	Axústase totalmente aos requisitos e entrega en prazo.	Axústase totalmente aos requisitos e entrega antes do prazo.	Axústase totalmente aos requisitos e entrega antes do prazo. Entrega varios vídeos.

Rúbrica de avaliación dos vídeos.

PUBLICIDADE



LIBROS DE DIVULGACIÓN



Raiceiros, 20 anos de asociacionismo educando no patrimonio



Inauguración exposición "As pontes do río Ulla".

Sofía Riveiro Oliveira

Asociación Raiceiros

sofiadoson@gmail.com

REVISTAGALEGA
DE EDUCACIÓN

ISSN: 1132-8932

Páx. 72-75

*Xa estás ti con mandangas,
qué cousas máis graciosas se che ocorren,
fai polo menos vinte anos que non sabes nada del
e queres reconocé-lo agora así coma así*

Xohana Torres, *Adiós, María* (1971)

Da Asociación Raiceiros, con sede fisicamente en San Miguel de Sarandón (Vedra, A Coruña), poderíamos dicir que é "unha de tantas", outra asociación máis, desas que polo paso imparabile do tempo nos fixo descatalogarnos de xuvenís e etiquetarnos como culturais, nin máis nin menos.

Poderíamos dicir que sabemos onde nos metiamos cando hai 20 anos un grupo de rapaces se xuntaron para argallar algo relacionado cun instrumento musical especial e propio da comarca da Ulla: a requinta; para planear algo que permitiese saber máis do instrumento, de onde vén, quen o tocaba, por que apareceu nos grupos de alí... pero non sería verdade. Poderíamos tamén comentar que as persoas que ao longo desta vintena de anos pasaron por Raiceiros tiñan e temos perfís profesionais ou afeccións comúns ou semellantes, e tampouco sería certo, porque pasamos por esta asociación persoas do máis variado.

A verdade é que, o que somos, xurdiu case por casualidade -por xente coñecida que quere saber-, pero por causalidade tamén -as persoas que aparecemos despois fixémoslo por atracción e convencemento-. Como escribiu o noso prezado Xosé Neira Vilas na súa novela *Querido Tomás*, "todo está en querer, a vontade e a forza de moitos pode arrincarlles zume ás pedras".

Resulta que unhas persoas foron tirando doutras, comentando o que fas con quen coñeces, buscando apoios de quen sabes, aclarando dúbidas con quen pode resolvelas, e así, chegamos a darlle forma ao que hoxe somos:

"unha asociación sociocultural, constituída en outubro de 2001. Realizamos a nosa actividade por todo o país, con especial incidencia na comarca natural da Ulla.

Somos un grupo de xente que nos xuntamos para facer cousas en común, aproveitando o noso tempo libre

para compartir experiencias, aprender cousas novas, coñecer outras realidades ademais da nosa, divertirnos... nun clima de igualdade, inclusión e solidariedade.

Entre os nosos obxectivos adquire principal relevancia a recuperación e difusión do patrimonio cultural, a través de calquera tipo de actuación encamiñada á promoción da cultura en todos os seus aspectos e manifestacións, e fomentando a participación activa das persoas no desenvolvemento social e cultural da comarca" (raiceiros.org).

PRIMEIROS PASOS

Como avanzabamos, foi coa requinta co que empezou todo. O primeiro gran proxecto da asociación ía destinado a recuperar a requinta da Ulla, unha fruta traveseira propia desta comarca galega. Como resultado do traballo elaboráronse uns folletos informativos ("A requinta da Ulla" e "Descrición dunha requinta") e no 2003 estreamos o documental *Requinteiros. Músicos da Ulla*.

Grazas a unha subvención europea puidemos iniciar esta investigación, que pasou por realizar un traballo de campo entre as persoas do lugar, desenvolver obradoiros, exposicións e xogos con instrumentos musicais tradicionais, e por preguntarlles ás persoas estudosas do tema Todas elas accións que permitiron deseñar o proxecto audiovisual que logo serviu de alicerce para futuros traballos da Asociación.

OS PROXECTOS

Con ese mesmo afán que recollía *Delors*^[1] no seu informe

A Educación pecha un tesouro (Unesco, 1996) queriamos e queremos manter eses catro principios da educación como os nosos piares para:

1. Aprender a coñecer.
2. Aprender a facer.
3. Aprender a convivir.
4. Aprender a ser.

E sen ser conscientes disto ata hai ben pouco, pero dando os pasos todos, coñecemos, fixemos, convivimos e somos Raiceiros, marcando claramente unha diferenza entre outras asociacións culturais.

En 2002 organizamos unha "Mostra activa de fotografía". Consistiu en organizar unha exposición de fotografía de Xesús Mougán Castelao, un dos fotógrafos referentes da bisbarra con fotos moi relevantes para a investigación da requinta, onde quixemos que a xente puidese identificar as persoas, lugares e recursos que nelas aparecían. Fíxose en Santa Cruz de Ribadulla, Vedra, parroquia onde vivira o fotógrafo.

En 2007 saíu á luz *O Val do Ulla, unha comarca natural*, unha publicación sobre a comarca natural da Ulla, que inclúe parte dos concellos da Estrada, Boqueixón, Teo e Vedra e mais algunhas das parroquias limítrofes dos concellos de Padrón, Touro, A Vila de Cruces e Silleda. Quixemos así coñecer o territorio no que a entidade estaba asentada. Revisamos a orixe do topónimo Ulla e falamos da historia, da cultura e do ambiente de todas estas terras.

Mentres tanto, nunca quedou aparcado o proxecto da requinta, que promovemos en



Proxecto: a requinta da Ulla.

cada ocasión lúdica e socioeducativa que encontramos.

En 2008, co apresuramento dun cambio na paisaxe e no territorio ullán pola construción dunha nova ponte do tren, presentamos o proxecto "Gundián. Achegamento a unha paisaxe natural e humana"; un estudo sobre a construción do viaduto ferroviario do Gundián (Vedra-A Estrada) rematado en 1958, cando se cumprían 50 anos da súa creación. O máis interesante deste proxecto (fixemos un audiovisual, uns paneis expositivos e un pequeno libro), foi o traballo de campo por todas as casas da Ponte Ulla (Vedra) e arredores. Gravadora en man, pasamos momentos de café e parola con moitas persoas que participaron ou lles contaron algo sobre esa construción. Historias vividas e algunhas aínda vivas son as recollidas neste pequeno traballo antropológico.

En 2010 chegou "Cántigas da Ulla", unha recollida de coplas no Val do Ulla -sobre unhas 700 coplas- en formato libro, 50 das cales foron publicadas acompañadas por ilustracións noutro libro -en formato horizontal-. Os dous libriños

[1] Jacques Delors é un político francés que ademais de presidir a Comisión Europea (1985-1995) realizou o informe "A educación pecha

un tesouro" sobre a perspectiva da educación no mundo de cara ao século XXI, a petición da UNESCO (1993-1996).



Obradoiros escolares, caderno de campo, Ulla oralmente.

forman unha composición estética única, grazas ao deseño das portadas que simulan o Pico Sacro e o río Ulla.

Ademais, elaboramos un audiovisual coa recollida de coplas ás persoas do lugar e fixemos 50 paneis coas coplas con cadansúa ilustración.

E seguímonos facendo preguntas: "cantas pontes cruzan o río Ulla?". Saíunos estoutro proxecto "As pontes do río Ulla" (2013), onde fixemos un percorrido polo río Ulla a través de 71 pontes, pontellas, pasos e pontes en ruínas, desde o seu nacemento ata a desembocadura. Como nos proxectos que o precederon, o interesante deste traballo foi o proceso (fins de semana,

quilómetros pola beira do río, gravadoras e cámaras, testemuñas que contan historias...) e ver cos nosos propios ollos as diferenzas xeográficas e paisaxísticas ao longo do país.

De aí xurdiu o xogo didáctico, "De ponte en ponte arredor do Ulla", que ao estilo do clásico xogo da Oca, a través de preguntas —clasifícanse en catro temas: arquitectura, gastronomía, cultura e natureza— avanzamos ata o final, ata a desembocadura, na ría de Arousa, nun taboleiro onde se representan as míticas pontes de Gundián, Ponteledesma e Pontevea, e outros símbolos da zona como son o salmón, a barca do Ulla, as Torres do Oeste de Catoira, o pemento de Padrón ou a cuncha dos Camiños de Santiago.

En 2016 vímonos con outro proxecto entre mans. Nese ano, outro dos fotógrafos emblemáticos do lugar, Luis Ballesteros Martínez^[2] (San Pedro de Vilanova, Vedra, 1916 -

2018), celebraríase o seu centenario e nós queríamos renderlle homenaxe cunha festa onde poder felicitalo en persoa. E así foi! O 16 de agosto de 2016 inaugurouse a exposición "Ballesteros. O fotógrafo", co fotógrafo presente. Nesta ocasión, o noso traballo completouse con:

- Libro 'Ballesteros. O fotógrafo'.
- Exposicións: en sala e ó aire libre.
- Obradoiros de fotografía.
- Audiovisuais 'Ballesteros. O fotógrafo', 'Baixada do Pico' e 'Así era, así é'.

Xa en 2019, presentamos "Ulla naturalmente", un caderno de actividades dirixido a alumnado de Educación Primaria dos concellos ribeiráns do río Ulla, e acompañado por unha caixa de lapis de cores. Pero sobre todo, acompañado de obradoiros realizados nos coles ou na propia beira do río Ulla no tramo que lle tocasse, co xogo "De ponte en ponte", cos chalecos reflectantes de *Patrulláns* e con calquera recurso didáctico que permitise coñecer e recoñecer a fauna e a flora da contorna do Ulla.

Namentres, unha cuestión ecolóxica e social nun tramo do río Ulla (Touro) preocupábanos e preocupáanos, polo que, desde o anonimato e sen ningún deveso de protagonismo, lanzamos o proxecto "#MáisMenosUlla" (2019), que consistiu en lanzar seis pequenos vídeos para mover por redes sociais. Titúlanse 'Horta', 'Abandono', 'Voaduras', 'Camiño de Santiago', 'Pesca' e 'Flora e fauna'.

A pandemia da Covid-19 *atropelounos* co segundo caderno de campo e que titulamos "Ulla oralmente" (2021), dirixido tamén a alumnado de Educación Primaria. Tivemos a



Proxecto Ulla Naturalmente.

[2] Araújo, Emma: "Adiós a Luis Ballesteros, la entrañable memoria de un hombre hecho a sí mismo". En: https://www.lavozdeg Galicia.es/noticia/santiago/vedra/2018/07/26/adios-entranable-memoria-hombre/0003_201807S26C5993.htm, consultada a 13 de decembro de 2021.

fortuna de contar con Antonio Reigosa^[3] para a presentación virtual deste traballo.

E pasamos do virtual ao presencial, para poder celebrar 20 anos de vida, e é agora que nos damos conta do percorrido feito. En novembro de 2021, na nave da estación de Santa Cruz (Vedra) expuxemos os nosos traballos e conmemoramos o noso vinte aniversario cunha exposición específica titulada “Raiceiros. 20 anos”. Esta ollada histórica fíxonos comprender que, sendo “unha de tantas”, temos moito percorrido histórico, educativo e artístico ao lombo.

OS RECURSOS DIDÁCTICOS

Neste percorrido a través da historia e das artes, demos paso a recursos e ferramentas que foron xurdindo, agora si, porque os perfís profesionais e as virtudes individuais de quen conforma Raiceiros teñen moito que ver co deseño, co audiovisual e coa educación social, pero todas e cada unha das persoas que formamos Raiceiros temos o benquerer pola cultura do país. Temos claro que se queremos conseguir o uso respectuoso do que temos, primeiro hai que coñecer, e para iso buscaremos as estratexias didácticas que sexan necesarias para tal propósito.

Aseguramos isto logo de ter que recompilar fotografías, discursos, artigos e demais material para a celebración dos nosos 20 anos.

Como as formiguiñas nese traballo imparabile e en equipo, fomos elaborando materiais de cada tema escollido tras realizar proxectos de investigación no propio contexto co

[3] Antonio Reigosa Carreiras (Zozán, Mondoñedo, 1958) é escritor, conferenciante e investigador da mitoloxía popular e literatura galega de tradición oral.



Celebrando 20 anos de Raiceiros (novembro 2021).

obxectivo de que fosen ferramentas comprensibles e útiles.

Desde aquela primeira regra coa imaxe a escala 1:1 que nos servía para amosar as partes da requinta, a mostra de fotografía onde se mostraba o envés do instrumento e como se collía, ata o xogo das pontes co taboleiro ou os cadernos de campo servíronnos para esa premisa de coñecer e respectar a cultura galega, para coñecer e respectar o resto de culturas, desde a diversidade cultural e a inclusión.

UNHA DE TANTAS?

No noso revisar o que fixemos durante estes vinte anos, xuntáronse viaxes das que aquí non falamos, reunións interminables, presentacións con moi poucas persoas, conta bancaria sempre en números vermellos, cotas irrisorias e outras nimiedades que poden xurdir no movemento asociativo do xeito máis habitual.

Daquela, valorando o feito que ten a participación neste tipo de proxectos, veña de onde veña, podemos considerarnos “unha de tantas” aínda

que, como sempre dicimos: “para existir, cada persoa precisa dar testemuña da súa vida diaria, expresar a súa capacidade creativa e preservar os trazos da súa historia”.

Longa vida ó asociacionismo cultural! ■



Artigo sobre proxecto Coplas Ullán.

As mulleres do Saviñao. Descubrindo a nosa memoria histórica



Ana María Quintela Gómez

CPI Dr. López Suárez – Escairón. O Saviñao
aquintelag@gmail.com

REVISTAGALEGA
DE EDUCACIÓN

ISSN: 1132-8932

Páx. 76-78

CONTEXTO

No ano 1946, en plena posguerra e época de necesidade, un grupo de cen mulleres fai fronte ás forzas armadas para impedir que leven o trigo e o centeo, que será o sustento das súas familias, para outros lugares. Non coñecen o medo e, despois de apelar ao mestre e ao alcalde, e ver que os telegramas e boas palabras non servían de nada, agrúpanse e, sendo cen, fan fronte ás forzas da orde conseguindo que non lles rouben o gran. Na segunda ocasión xa serán catrocentas custodiando toda unha noite, e durmindo no salón de baile, o almacén no que se garda o sustento dos seus fillos e fillas. Pero desta vez o gran é levado ante a presenza de catorce gardas civís armados. Toda unha historia de valentía e de supervivencia.

Escairón, o escenario desta historia, era unha zona moi rica na produción de cereal, mais ese ano fora de moi malas colleitas no Saviñao. Con todo, a produción fora boa pero había que entregala toda ás forzas do orde para logo ser distribuída nas famosas “cartillas de racionamento”... se non acababa no estraperlo, claro. Con posterioridade, pasado o tempo, o gran viría da Arxentina, xa que a pobreza e carestía de alimentos eran extremas.

O CPI *Doutor López Suárez* de Escairón está situado nunha zona rural e gandeira. O centro é dunha liña e abrangue desde Infantil ata cuarto de ESO. Esta convivencia de idades, intereses e niveis en momentos de recreo, comedor etc. fai enormemente atractiva calquera experimentación que leve consigo a interacción entre maiores e pequenos, interacción na que en grande medida está baseada esta experiencia.

OBXECTIVOS DA EXPERIENCIA

A experiencia educativa arredor da mulleres do Saviñao foi destinada a 1º de ESO, perseguindo en concreto obxectivos determinados nas áreas do Obradoiro de Lingua, de Igualdade de xénero e de Educación plástica. Dirixiuse, igualmente, aos niveis de 3º, 4º, 5º e 6º de Primaria, particularmente na área de Educación plástica e audiovisual.

No momento da concepción do proxecto, marcáronse principalmente estes obxectivos:

- Coñecer o pasado do noso concello e o papel que desempeñaron as nosas avoas, bisavoas e tataravoas en situacións de necesidade extrema.
- Chegar a entender parte da nosa memoria histórica, integrándoa na nosa sociedade actual.
- Expoñer feitos de xeito entretido e comprensible, empregando diversos medios audiovisuais: ilustracións, fotografía, música e unha linguaxe axeitada.
- Valorar e comparar o rol da muller na sociedade rural galega, ou “matriarcado”, e contrastala con roles actuais.
- Familiarizarse co uso das novas tecnoloxías a través de programas como *OpenOffice*, *Microsoft Power Point* ou *Cute Cute* para crear un resultado final artístico e informativo.
- Asumir responsabilidades de traballo dentro dun grupo

FORMULACIÓN E DESENVOLVEMENTO CONCRETO

Esta é unha historia de empoderamento feminino, de memoria histórica e de heroínas que permaneceron durante décadas ignoradas e que aínda hoxe son descoñecidas para boa parte da poboación do Saviñao.

A testemuña dun veciño nonaxenariano que lembraba con total nitidez todo o que sucedera cando el tiña dezaseis anos, foi crucial e tremendamente emotiva para o alumnado. Logramos xuntar artigos publicados sobre o feito por parte de historiadoras recoñecidas como María Xesús Souto, e pouco a pouco reunimos un arquivo fotográfico de Pepe Carriola, un veciño de Escairón afeccionado á fotografía anti-

ga, que foi o que definitivamente nos axudou a situar a nosa historia con imaxes no ano 1946. Descubrimos tamén un grupo vigués que lles dedicara unha canción a estas heroínas, “Os Falperryrs” co tema “As mulleres do Saviñao”. Neste punto, xa no centro tiñamos clara a historia das mulleres e daquela seríamos nós quen contaríamos a historia das súas familias aos nosos alumnos e alumnas. E todo iso con vistas ao 8 de marzo.

O PROCESO

Como adiantamos, as materias involucradas na experiencia foron Educación plástica en 1º ESO, e as materias de libre configuración de Igualdade de xénero e Reforzo/Obradoiro de lingua, en Primaria. Historia e Lingua son ferramentas fundamentais para familiarizarse co vocabulario (*cartilla de racionamento, estraperlo...*). Unha terceira ferramenta que nos resultou moi útil foi o arquivo fotográfico que atopamos do Escairón dos anos 40.

A través de documentación elaborada polo profesorado, explicación de terminoloxía (Xeografía e historia), visualización de imaxes (Plástica e Igualdade de xénero), do arquivo fotográfico “O vello Escairón” de Pepe Carriola, coa canción “As mulleres do Saviñao” de Falperryrs... comezamos a nosa andaina.

Na materia de Igualdade de xénero o alumnado crea os seus cómics despois de coñecer a historia, ver fotos, entender o contexto histórico e poñerse en situación. Agora toca a parte creativa e ver como plasmariamos toda esa información nunha banda deseñada que logo será exposta. Ademais, en grupo elaboramos montaxes co Power Point sobre a historia que pos-



teriormente serían expostas o día 8 de marzo na Biblioteca. O traballo en grupo realízase na aula de informática e implica responsabilidades como selección e busca de imaxes, maquetación e manexarse no programa OpenOffice.

En Plástica de 1º de ESO elaboran coa profesora unha curtametraxe empregando o programa de edición de vídeo Cute Cute. Distribúense roles e vestimentas acordes coa época: o alcalde, o estraperlista, os gardas civís, as mulleres... O filme sería exposto con motivo do 8 de marzo tamén na Biblioteca.

Esta parte é especialmente significativa xa que o alumnado de 1º de ESO do Obradoiro de lingua e de Igualdade de xénero é o encargado de visitar as aulas de Primaria e Infantil para contarlles aos nenos e nenas máis pequenos a historia das mulleres. Para iso, á parte da súa propia oratoria, que debe adaptarse a esas idades, conta con fotografías da época e cos cómics que elaboramos sobre a historia



que pretendemos transmitir. Os mesmos nenos e nenas de Infantil quedan abraizados cos cómics coloristas que proxectan os seus compañeiros e que narran como se fosen un conto.

Nesta parte da experiencia colabora coa súa valoración o profesorado de Primaria e Infantil que dispón dunha folla de rúbricas valorativa da exposición oral dos nosos conferenciantes, que logo contará na cualificación das respectivas materias, e na que aparecen reflectidos diferentes aspectos referidos á exposición.

O TRABALLO VISIBLE

O 8 de marzo, Día da muller, convócase un acto especial na biblioteca dedicada ás *Mulleres do Saviñao*. Os receptores son os alumnos e alumnas de Secundaria, que teñen ocasión de escoitar a testemuña gravada de Enrique, o veciño no-

naxenario contando os feitos en primeira persoa, os traballos con Power Point realizados en Igualdade de xénero, e por último, a curtametraxe onde os alumnos de 1º de ESO son actores e actrices: estraperlista, gardas civís, mestre e mulleres. Rematamos, claro, coa festiva canción de Falperry, "As mulleres do Saviñao".

A experiencia traspasou os muros do colexio, e así o Concello manifestou o seu interese pola nosa experiencia e dedicouse o concurso de debuxo que se convoca anualmente con motivo do Día da muller, ás *Mulleres do Saviñao*. Así foi como os alumnos e alumnas de Primaria, na materia de Educación plástica, elaboraron a súa propia versión dos feitos despois do que lles contaran os seus propios compañeiros, usando técnicas diversas. Pastel, colaxe, acuarela... os corredores do Concello convertéronse en improvisada galería de exposicións e, polo tanto, agora non só os nenos e nenas coñecerían a historia senón tamén moitos veciños e veciñas que non oíran falar dela. O Alcalde recibiu os artistas e a profesora no seu despacho, e foi ao mesmo tempo unha oportunidade para falar con el en directo de problemas e melloras posibles nas súa aldeas e vilas.

AVALIACIÓN POR PARTE DO ALUMNADO E DO PROFESORADO

Para os nenos e nenas foi moi motivador coñecer a súa historia. Ademais das heroínas dos episodios analizados, as súas antepasadas, o vello Escairón, os lugares onde aconteceron os feitos, o salón de baile, o concello, personaxes como estraperlistas ou mulleres que se plantan diante de gardas civís armados, un mestre que é al-

calde... todos os ingredientes para unha novela ou unha película, pero con feitos reais.

A mellor perspectiva desta experiencia foi contribuír a abrir a mente do alumnado, pensar que o feminismo non é algo de agora, senón que antes a muller, ante situacións de necesidade extrema no rural como foi o caso, non se amedrentaba... Os homes apoiándose na retagarda, non foron para nada alleos e estaban aí presentes... o que ten que ser para construír unha sociedade igualitaria nos nosos días, as mulleres empoderadas e os homes imprescindibles e necesarios co seu apoio, esta é a visión coa que se quedan os bisnetos e tataranetos das *Mulleres do Saviñao*: unha sociedade formada por homes e mulleres que xuntos loitan contra as inxustizas e por unha sociedade onde a igualdade debe ser real.

Non debemos deixar de facer constar os nosos agradecementos especiais a Enrique Pérez pola súa testemuña tan vívida e emotiva, e a Pepe Carriola polo grande traballo etnográfico co seu arquivo fotográfico "O vello Escairón". ■

REFERENCIAS

- SOUTO BLANCO, M. J. (2003). "Una 'revuelta de hambre' en la Galicia del primer franquismo". En *Pasado y memoria: Revista de Historia Contemporánea*, núm 2, pp. 241-254.
- SAMPIL SÁNCHEZ, E. (2003). *Circular polo Saviñao II*. O Saviñao, Círculo Cultural e Recreativo.
- LOSADA, J. (2006). *O vello Escairón. Un paseo polo noso pasado*. O Saviñao, Círculo Cultural e Recreativo (DVD).
- FALPERRY (2011). "As mulleres do Saviñao", en *Do amor e das mentiras* (Disco).

UNIVERSIDADE DA CORUÑA

**MESTRADO UNIVERSITARIO EN PSICOPEDAGOXÍA**

FACULDADE DE C. DA EDUCACIÓN

CURSO 2022-2023

DURACIÓN: 1 curso académico (60 ECTS)

NÚMERO DE PRAZAS: 25

1ª PREINSCRIPCIÓN: do 2 de maio ao 18 de xullo

2ª PREINSCRIPCIÓN: do 22 ao 30 de agosto

INFORMACIÓN

tmayan@udc.es Telf.: 881011723

<http://estudios.udc.es/gl/study/start/4511V01> - <http://www.educacion.udc.es/mestrados/psicopedagogia/>

Telf. 88101 + Ext. 4608,4699 e 4607

administracion.educacion@udc.e

UNIVERSIDADE DA CORUÑA

**MESTRADO UNIVERSITARIO EN PSICOLOXÍA APLICADA**

FACULDADE DE C. DA EDUCACIÓN

CURSO 2022-2023

DURACIÓN: 1 curso académico (60 ECTS)

NÚMERO DE PRAZAS: 25

1ª PREINSCRIPCIÓN: do 2 de maio ao 18 de xullo

2ª PREINSCRIPCIÓN: do 22 ao 30 de agosto

INFORMACIÓN

Departamento de Psicoloxía

Telf.: 881011790

<http://estudios.udc.es/gl/study/start/438V01> - <http://www.educacion.udc.es/mestrados/psicologia/>

Telf. 88101 + Ext. 4608,4699 e 4607

administracion.educacion@udc.e

UNIVERSIDADE DA CORUÑA

**MESTRADO UNIVERSITARIO EN PROFESORADO DE EDUCACIÓN SECUNDARIA
OBRIGATORIA E BACHARELATO, FORMACIÓN PROFESIONAL E ENSINANZA DE IDIOMAS**

FACULDADE DE C. DA EDUCACIÓN

CURSO 2022-2023

DURACIÓN: 1 curso académico (60 ECTS)

NÚMERO DE PRAZAS: 220

PRAZO ÚNICO DE PREINSCRIPCIÓN: do 2 de maio ao 18 de xullo

INFORMACIÓN

Telf.: 881014687 - anxela.bugallo@udc.es<http://www.educacion.udc.es/masteres/secundaria/>

Telf. 88101 + Ext. 4608,4699 e 4607

administracion.educacion@udc.e

Lingua, poder e adolescencia: glotofobia ao descuberto



Miguel Rodríguez Carnota

Mestre xubilado. MA pola Open University. Doutor pola UDC.

mrcarnota@gmail.com

REVISTAGALEGA
DE EDUCACIÓN

ISSN: 1132-8932

Páx. 80-82

Amaro, Uxío e Ánxela son tres pequenos que aprenderon a falar en galego na casa, aínda que viviran nunha vila onde case todos os da súa idade falaban en español. Naceron na mesma época, na derradeira década do século XX, mais cando se incorporan á escola pública fano en anos e grupos diferentes. Na Educación Infantil as mestras falan en galego; as pequenas e os pequenos, non. Amaro, Uxío e Ánxela, porén, seguen falando na súa lingua materna con todo o mundo e co paso dos cursos escolares vanse facendo cada vez máis conscientes da súa singularidade idiomática nun mar de sonoridades castelás.

Á parte de seren crianzas galegofalantes en situación de singularidade —os únicos que falan galego na súa clase ou na súa escola—, os tres han partillar a característica da claudicación. Entusiastas da súa lingua materna, nin Amaro nin Uxío nin Ánxela serán capaces de manter o idioma galego como normal ao longo da escolaridade. Impelidos polas ansias de integración, renunciarán ao uso da súa lingua e adoptarán a española para falaren cos seus pares. Entraron pola porta do sistema educativo como galegofalantes, marcharon pola de saída como castelanfalantes forzados.

Forzados? Por quen? Nos relatos da súa historia lingüística, obtidos despois de abandonaren o instituto, Amaro, Uxío e Ánxela detallan algúns ataques de adultos, incluídos membros do profesorado, a causa da súa práctica galegofalante. Si, leron ben: profesores e profesoras. Mais a responsabilidade da súa claudicación céntrana case exclusivamente nas agresións glotófobas dos seus propios compañeiros e compañeiras. Amaro, por exemplo, non se librará do alcume de *Falagalego* até anos despois de ter abandonado o uso normal desa lingua no instituto. Segundo o seu compañeiro Abel, Uxío debe soportar que outros alumnos lle fagan o *acento gañán* do galego como burla. Os insultos dos pares que Ánxela recibe nun recreo son tan ferintes que nin ela se atreve a reproducilos. A causa? Que puidese estar falando en galego noutros lugares, porque na escola xa había anos que deixara de facelo. En resumo, a sociedade na que viven

(incluída especialmente a dos seus propios centros de ensino) é tan pouco tolerante que non acepta unha integración normal dun ou dunha adolescente no seu grupo de idade mentres fale con normalidade unha lingua que é diferente: esa lingua que todo o mundo entende á perfección, a que se estuda na escola, na que están escritas a maioría das cousas que se poden ler polas paredes do instituto. A lingua propia do país, a lingua galega.

Olalla, Estela e Vitoria son do mesmo tempo e do mesmo lugar, e tamén aprenderon a falar en galego no seo de familias moi amantes da súa lingua. Olalla, Estela e Vitoria, aos seus tres anos, deberon ter algo así como un olfacto especial, porque cando viron que as súas compañeiras da escola falaban en español non tardaron moito tempo en mudar de idioma. Galego na casa e castelán na escola. As tres cativas viven na corda bamba dun equilibrio mantido a base de matar o seu galego materno coas amigas. Morto o can, acabou a raiba? Nin moito menos. A renuncia créalles ás tres raparigas unhas contradicións tremendas que levan en silencio. Un día Vitoria chega a padecer vergoña diante dunha amiga que lle comenta o raros que son os seus pais *con ese rollo de falar galego, que es un peligro, no?* Olalla pasou toda a escolaridade a desgusto, como representando un papel lingüístico que non lle correspondía: "eu era como un personaxe, ou algo así". Tres castelanfalantes forzadas máis, e pola mesma causa que o foron Amaro, Uxío e Ánxela.

Helena, Paulo, Abel e Rosa non tiveron moito problema de crianzas, porque o mesmo castelán que falaban na casa



tamén o falaban na escola. Mais —ai!— non hai felicidade completa. Chegada a adolescencia. Helena, Paulo, Abel e Rosa queren falar en galego porque lles parece unha lingua apta para calquera circunstancia. O choque coa realidade é monumental. Helena e Rosa enfróntanse ao sibilino rexeitamento das súas amigas de sempre. Paulo recibe por todos lados, tanto de compañeiros como de docentes que non dubidan en poñelo en ridículo diante dos seus pares (e no medio das clases) a causa do seu recentemente estreado habito lingüístico. Abel di que ocorrer, ocorréuselle mudar de lingua, mais cando viu o que lle pasaba a Paulo e a Uxío dixo "non quero ser un deles". Por que? Abel, que non ten pelos na lingua, responde que "por medo". Abel (como Rosa, como Olalla, como Amaro e como case todos os demais) só comezará a falar en galego con normalidade despois de perder de vista o instituto.

Non é de estrañar que estes adolescentes galegofalantes (ou con gañas de selo) procurasen lugares seguros, respiradoiros, espazos de liberdade onde falar en galego con normalidade non é un estigma. Son pequenos círculos

que describen como *tranquilizadores, cómodos ou libres*, en contraste co que os espera fóra. Son lugares que están case todos lonxe do seu centro de ensino, ao que consideran un terreo hostil para falaren en galego con normalidade.

Isto que aquí se relata non sucedeu hai cincuenta, sesenta ou cen anos. É un testemuño recollido dos seus protagonistas, referido a feitos sucedidos entre 2004 e 2018. Un testemuño espremido ao máximo e observado con lupa a través de técnicas de análise do discurso nunha tese de doutoramento que se titula *Lingua, poder e adolescencia no proceso de substitución lingüística. Análise crítica do discurso nun centro de educación secundaria dunha vila galega*^[1]. Os métodos de recollida de datos foron a observación participante e, principalmente, as entrevistas en profundidade, dúas por informante, ás que catro exalumnos e seis exalumnas dun instituto galego foron sometidas na procura da súa historia lingüística. As dez persoas da mostra, que tiñan entre dezaoito e vinte e catro anos cando foron entrevistadas, foron escollidas por

[1] A tese está dispoñible en aberto no repositorio da Universidade da Coruña. <http://hdl.handle.net/2183/27063>



teren demostrado un interese especial pola lingua galega durante a súa escolaridade no ensino secundario.

A lingüística sistémico funcional^[2], xunto cunha técnica asociada a ela chamada análise de transitividade, xoga o seu papel no estudo do discurso das persoas informantes. Falar é un exercicio semiconsciente de escolla continua de expresións. Cando falamos dicimos abertamente algunhas cousas, mais tamén estamos a mandar mensaxes ocultas de forma inconsciente. Unha pinga de sangue pódenos dar multitude de datos insospeitados, clínicos ou xenéticos, sobre unha persoa. Un anaco de discurso desa mesma persoa, debidamente analizado, pode sacar á luz aspectos ocultos e perspectivas que nos chegan a sorprender.

Así, da análise do discurso das persoas informantes neste traballo sacamos, por exemplo, que nalgunhas delas existe unha liña de pensamento que tende a psicologizar o seu relato, na que aparecen moita indefensión e algúns trazos de autculpabilización: son eles



contra o mundo, e eles non o deben estar facendo demasiado ben falando en galego. Outros, pola contra, socializan o seu relato e consideran o tema do uso normal da lingua galega como un *problemón* no que todos estamos implicados. Uns adhírense ao discurso da negación do acoso escolar: o que lles sucedeu, a pesar de que os obrigou a claudicar do galego, "non foi para tanto", porque din coñecer quen o pasou peor pola mesma causa. Outros informantes meten o dedo na chaga e soltan o globo do seu discurso sen lastres, aínda que poidan quedar reflectidos nel como adolescentes acosados por razón de lingua. Só uns poucos logran inaugurar ou recuperar o seu galego mentres están no instituto, sempre a base de moita consciencia e moita perseveranza, e de atopar a resposta axeitada aos ataques que lles chegan do medio. Tal e como estruturan o seu relato, a maioría dos nosos informantes están a escribir a crónica da súa derrota como eses galegofalantes adolescentes e normais que quixeron ser e non foron, con todas as tintas de dramatismo que se poidan imaxinar.

Esta é unha situación perversa onde as haxa. Tampouco é que as e os nosos informantes fosen agredidos simplemente *por falar en galego*. Os seus atacantes, investidos dun

poder que algo ou alguén lles outorgou, sabían falar en galego o suficiente como para aprobaren a materia de lingua galega e as poucas materias que tiveron en galego no ensino secundario (moitas menos das que a legalidade establecía, por certo). Eles e elas foron atacados por falar en galego *fóra de contexto*, é dicir, por quereren ser galegofalantes *normais*.

As agresións contra adolescentes galegofalantes son ese problema que está aí, que todos coñecen e poucos atallan. É o elefante no cuarto que moitos ensinantes tenden obviar. A reincorporación do vocábulo *normalización* á política lingüística, en especial á educativa, deberá no futuro abranguer todas as accións posíbeis para evitar os ataques por razón de lingua sobre as e os galegofalantes e consagrar a liberdade real de uso da nosa lingua como lingua normal para as e os nosos adolescentes. Uns centros educativos adestrados na detección das agresións homófobas, racistas ou xenófobas non deberían ter demasiado problema en detectar tamén a glotofobia. Salvo que, como sucede, se siga a negar que en Galiza existe un conflito lingüístico. Ese conflito tan ferinte, tan evidente e, se me permiten, tan salvaxe como o que as e os nosos informantes describen. ■

[2] Halliday, M. A. K. (2014). *Halliday's introduction to functional grammar*. Routledge.

XXXIII ENCONTRO DA CONFEDERACIÓN DE MRP (MOVEMENTOS DE RENOVACIÓN PEDAGÓXICA)

Celebrouse en Galicia, organizado por Nova Escola Galega.

Desenvolvidos principalmente nos anos setenta, os Movementsos de Renovación Pedagóxica organizaron os e as ensinantes máis comprometidos e comprometidas coa mellora do ensino e a transformación social, parella irrenunciante e inseparable, e foron os primeiros, ao final do franquismo e na transición, en reflexionar, e dar e practicar alternativas para que a escola se modernizase en España.

Esa función é a que segue sustentando estes Movementsos. Están organizados por federacións das Comunidades Autónomas e relaciónanse a través dunha Confederación Estatal [Confederación de Movimientos de Renovación Pedagógica (CMRPs)] que actúa como coordinadora e potenciadora da actividade nos respectivos territorios.

Celebran anualmente uns Encontros cun tema específico e que cada ano teñen lugar nunha Comunidade diferente. Por mor da pandemia, levaban dous anos celebrándose de xeito virtual. Este ano tiñan como motivo os "Retos da Escola Rural" pretendendo centrarse en tres ámbitos:

- A reflexión sobre o modelo social que desenvolve moi desigualmente os territorios.
- O rural como espazo de encontro, superando a súa dispersión e desconexión.
- E o rural como oportunidade de creación, superando estereotipos e valorando as súas potencialidades.

Desenvolveuse o Encontro na Facultade de CC. da Educación da USC, coa asistencia de máis de medio cento de persoas, a maioría xaora de fóra de Galicia, fundamentalmente de Cataluña e Madrid.

O desenvolvemento do Encontro en canto ao tema consistía nun Relatorio, "Desarrollo y Escuela Rural", de Julián Mora Aliseda, Catedrático de Ordenación del territorio y Desarrollo Sostenible; catro experiencias –achegadas por Galicia, Madrid, Cataluña e Estremadura- e catro mesas de traballo.

O máis importante eran os debates destas últimas, que poderían sintetizar o canalizado polos formatos anteriores. Nestes espazos pretendíase abordar o papel da Escola Rural, o perfil profesional do docente e as oportunidades que ofrece esta Escola Rural. Des destes debates elaborárase un documento que sirva de elemento de reflexión e propostas sobre a Escola Rural.

Tamén houbo momentos para o institucional e orgánico (a apertura e as Asembleas da Confederación) e o lúdico/cultural (visita a Compostela e unha cea-concerto).

A pandemia agora esixe compatibilizar con formatos a distancia, por iso tamén se puido seguir a través dun espazo habilitado en Youtube.



O ouropel da modernidade



Fernando Lacaci Batres

Presidente da Confederación de ANPAS GALEGAS

anpasgalegas@gmail.com

www.anpasgalegas.org

Existen na nosa historia recente dous valores no ensino que non poden ser criticados: o mundo dixital e a formación en linguas estranxeiras. Aínda que esta última só é un eufemismo que esconde a invasión do inglés na vida cotiá dos colexios e institutos galegos. É certo que existen algunhas linguas máis na oferta, francés nomeadamente, algo de alemán, un pouco de portugués..., pero é o inglés quen leva o premio gordo. Hai que aprender a falar e escoitar inglés, dá o mesmo que sexa en clases de educación física, de bioloxía ou de fruta, o importante é ser trilingües, e que o centro teña o apelido de "plurilingüe", seica iso viste e dá peso de modernos; estamos no de sempre, dámos máis importancia ao título que á película.

A partir do decreto de 2010 as instrucións da Consellería foron lanzarse, con pouco ou ningún criterio, a buscar entre o claustro alguén que tivese os coñecementos mínimos necesarios para poder dar aulas na lingua de Shakespeare; daba o mesmo a materia, se ben escolléronse máis as menos "problemáticas", música, plástica, educación física, e cousas así, das que se cualifican como "menores"; para o caso de que o resultado non tivese demasiado aproveitamento. "Total en plástica pouco hai que falar e malo será que non se entenda" (isto é unha explicación real nun consello escolar de Primaria cando pretendía converterse en plurilingüe. Consequiuno).

A idea popular, nunca desmentida con ningún estudo porque non hai ningún realizado, é clara: "nin aprenden inglés, nin aprenden (anótese o nome da materia escolleita)". Co cal a ofensa é tripla, por unha parte estrágase a aprendizaxe dunha materia importante, porque as artísticas e deportivas debesen selo especialmente e son, como dixer, as máis utilizadas para o experimento; por outra parte estrágase a aprendizaxe do inglés, porque o alumnado descontextualiza o uso desa lingua, "que fai o de... falando en inglés?", tómano por unha andrómena e se acaso a maiores de non aprender perdenlle o respecto tanto ao docente de... como ao idioma que se mal pretende ensinar; e por outra parte embárcase o profesorado nun experimento que

ten moi pouco dese sentidiño que tamén é outro titular oco dos que nos ten acostumados a actual dirección política galega.

Noutras latitudes xa hai moitas voces que indican que isto do plurilingüismo é unha completa parvada, que cadaquén ten que falar e aprender na súa lingua, e que a aprendizaxe doutras estranxeiras, necesarias e útiles -pero non imprescindíbeis coma se nos contou dende o ano 2010 neste País, que tal semella que todo o noso estudantado ten que rematar traballando en inglés en algures, porque xa asumimos como inevitábel o pecado orixinal da emigración- ten moito que ver co modelo que se utilice e moi pouco coa acumulación de horas co mesmo formato erróneo. O profesorado de plástica que dea plástica en galego, e faríanos un favor a todas.

Pero este artigo non só vai do inglés, aínda que non está de máis traelo, porque coa teima do plurilingüismo o que se nos quixo coar foi unha redución salvaxe das clases en galego; e agora que xa van aló preto de doce anos, e que xa saíron novas xeracións do Ensino "plurilingüe", resulta que a competencia desta xuventude no uso do galego deixa moito que desexar, igual que ocorre en inglés, malia tanto plurilingüismo de fachenda; co que ao final temos que deducir que o auténtico propósito era o que era, e que a única lingua que saíu beneficiada desta idea ridícula foi a de sempre.

Pero desta volta eu quería falar algo do outro valor sagrado nestes tempos: a tecnoloxía e o mundo dixital. Certo é que tecnoloxía é calquera adianto material que nos permita fa-

cer o traballo vello con ferramentas novas, tecnoloxía foi a invención da roda, ou do anqazo, a aparición dos paraugas ou dos teares; e iso foi así até que os novos inventos trouxeron de seu tamén posibilidades de novos traballos, de ir máis aló no que se sabía e podía facer, de novos enfoques. A realidade dixital é esa tecnoloxía, a que nos abre fiestras a mundos, ópticas e comprensións diferentes.

Mais a ferramenta non fai o artesán; iso estamos fartos de sabelo, se lle dás a mellor tixola a quen non sabe cociñar, a fritura non ha ser boa, máis é, nin sequera ha ser mellor que se a fai nunha tixola de mala calidade.

Por iso, cando falamos de ensino dixital, ou como dicía o outro día o conselleiro de educación cunhas palabras altamente fachendosas e rimbombantes: *ecosistema educativo dixital de alto rendemento*, temos que centrar o debate no lugar correcto, que non son as tixolas senón as cociñeiras e cociñeiros que as van utilizar, e tamén, neste caso, as e os comensais que aproveitarán o traballo feito.

En Galicia temos unha eiva considerábel no relativo a infraestruturas para a modernidade no ensino, dixitais e doutro tipo. Os nosos colexios e institutos están necesitados dun fondo investimento material e dun proxecto para adaptalos ao tempo presente, xa nin digo ao do futuro. Dito iso, o noso segundo atranco é a falta de formación do profesorado para a utilización da realidade dixital noutro modelo de ensino, non pola súa culpa, senón pola de quen é responsábel desa formación, e volvemos ao conselleiro da fachenda. Hai que dicir tamén,

por suposto, que a terceira eiva está no alumnado galego (se hai algo falso neste tempo é ese concepto absurdo das nativas dixitais) que ten unha falta de formación enorme para aproveitar a tecnoloxía para a práctica diaria; tamén as familias coxemos do mesmo pé, certamente.

Pero mesmo antes que a formación, o problema real está na definición do que queremos; non podemos enfrontar a modernidade sen un estudo previo, sereno e rigoroso, no que indiquemos como queremos introducir os contidos dixitais no noso Ensino, porque se o facemos sen criterio, que é como se está a facer neste momento, só conseguiremos disfrazar o que xa había para pretender que é algo diferente non séndoo.

Galicia precisa dun novo modelo de ensino que contemple de cheo a actualización de comportamentos e utilidades de aprendizaxe, dentro das que, sen falsos ouropeis de aínda máis falsa modernidade, deben incluírse as TRIC sempre que sexan necesarias, sen límites pero tamén sen imposicións cara á galería, sen titulares de prensa falsos, e sen elevallas a altares que son tamén de falso dourado. As persoas e a aprendizaxe somos eternas, trátase sempre do mesmo debate: trasladar o coñecemento que as novas xeracións precisen para a súa vida, utilizando todas as ferramentas das que poidamos dispor, pero poñendo o foco nese coñecemento, non na ferramenta. ■

Taboleiros de xogo barrocos de Compostela



Nena xogando ás leiriñas.

Colectivo A Rula

Asociación cultural

colectivoarula@gmail.com



Patrimonio Lúdico Galego

REVISTA GALEGA
DE EDUCACIÓN

ISSN: 1132-8932

Páx. 86-87

Desde a segunda metade do século XVII ata finais do XVIII Compostela viviu unha das etapas de maior lustre da súa historia, unha época coñecida como a do esplendor do barroco compostelán. Foron varias as circunstancias que propiciaron o renacemento económico da cidade. A confirmación no 1629 do padroado apostólico exclusivo sobre o Reino de España e a reactivación e institucionalización do Voto de Santiago no 1643 garantiron ao Cabido unha boa conxuntura económica para o período 1657-1751, no que Santiago foi a cidade galega máis próspera e un importante núcleo asistencial que atendía numerosa poboación da súa provincia.

Con boa parte destas riquezas sufragáronse ambiciosas reformas da fábrica catedralicia, a súa contorna e multitude de obras por toda a cidade. A este afán construtivo uníronse a fidalguía e as poderosas comunidades relixiosas aloxadas na cidade renovando e ampliando as súas residencias no novo estilo. Como consecuencia, a traza urbana sufriu unha profunda transformación na que se produce unha "petrificación" dos espazos públicos, feito que permitiu a conservación dun numeroso conxunto de taboleiros de xogo gravados na pedra, sen parangón coñecido.

Levamos rexistrados máis de 200 exemplares na cidade. Case todos eles comparten un deseño base, tres aliñacións de tres orificios que conforman un taboleiro para xogar ao tres en raia, leiriñas ou *pai fillo nai*, como tamén se coñece o popular xogo. Foron gravados nos espazos públicos da cidade, accesibles a todos os cidadáns, sobre eses elementos que estaban a ser lou-

sados neses anos, as prazas, rúas, adros, pontes, escaleiras, fontes, bancos, cruceiros, soleiras..., e son unha “fosilización” dunha actividade cotiá na vida dos habitantes de Compostela.

Son de especial interese as concentracións de exemplares en determinados espazos, como o conxunto do banco corrido da praza do Obradoiro, lugar principal da vida e de celebracións públicas, as do edificio da actual Facultade de Historia ou o recentemente localizado conxunto do Hospital de San Roque, así como as dos adros de igrexas e conventos (San Martiño Pinarío máis de 40, Santa Clara, máis de 20, A Mercé...) que reflicten a importante actividade asistencial desenvolvida por estas institucións e, ao mesmo tempo, a forte desigualdade existente nesta sociedade, pois entendemos que estes últimos taboleiros foron elaborados polas persoas necesitadas para amenizar o tempo en espera do reparto da esmola.

Situamos a súa elaboración cronoloxicamente no barroco compostelán, toda vez que non localizamos taboleiros gravados en construcións ou lousados realizados antes da segunda metade do século XVII, nin tampouco nos levantados no século XIX.

As novas ideas da Ilustración trouxeron importantes cambios nos hábitos de convivencia, no sistema asistencial e na xestión da hixiene e orde públicas. Como consecuencia, a finais do século XVIII deixan de gravarse taboleiros nas rúas compostelás pero seguiron empregándose ata a segunda metade do século XX, na que as leiriñas seguía a ser un xogo moi popular entre os picheleiros. ■



Taboleiro no adro de San Martiño Pinarío.



Taboleiros do Hospital de San Roque.



Neno fotografando un taboleiro.

PANORAMA

Xosé Ramos Rodríguez

Antón Costa Rico

Nova Escola Galega

jose.ramos.rodriguez@edu.xunta.es

anton.costa@usc.es



ISSN: 1132-8932

Páx. 88-91

ACTUALIDADE DA POLÍTICA EDUCATIVA

- **24 propostas para a reforma da profesión docente non universitaria.** Moitos observadores e investigadores coinciden en que os cambios en educación non poden facerse, sen máis, dende arriba. En leis como a LOXSE diversos traballos académicos- un deles dirixido por un dos seus máximos promotores (Alvaro Marchesi) - quedou en evidencia que non se desenvolveron como se pretendía polo desleixo de boa parte do profesorado que é en definitiva quen tén que aplicala. Por aí deberían ir as preocupacións do Ministerio cando decide a complementar esta nova Lei Orgánica con medidas dirixidas a reformar a profesión docente. Diso deberían de ir estas propostas que presentou o Ministerio.

Pero despois dun diagnóstico que non incorpora datos novos, aínda que pon sobre a mesa os déficits mais recoñecibles e recoñecidos do sistema, non ofrece despois concreción nas medidas. Nin quen o levará á práctica (moi importante nun sistema coas competencias nas Administracións autonómicas e non na Estatal autora da proposta), nin como (aquí o financiamento sería a pedra angular da súa credibilidade), nin cando (cuestión non menor, pois a nova Lei comeza a aplicarse dentro de meses) se aclara nos textos que se redactan con verbos en condicional que dan unha impresión de inacabadas ás propostas.

Por exemplo, segue a contemplarse a oposición como única forma de selección; nesa liña o período de prácticas de iniciación á docencia (PID) non é selectivo. Tamén se fai moita referencia (reverencia mais ben) á competencia dixital docente pero non aparece como algo singular nin na selección nin na formación obrigada. Aparece como unha novidade de moitísima relevancia establecer probas de acceso para a formación inicial, tanto de Maxisterio como do mestrado de Secundaria. No primeiro caso, unha dobre volta (despois da selectividade) difícil de xustificar —podíase en todo caso ponderar a proba (PAU) xa existente— e moi difícil de poñer en práctica —estatal, autonómica, por Facultade?—. Logo, recupérase algunha proposta,

sempre adiada pola polémica que provoca, como a avaliación e o recoñecemento da función docente, mais formulado con tanta precaución que case non din nada. En todo caso, como facemos nesta sección habitualmente, saudamos a existencia do documento e daremos unha marxe para o desenvolvemento desta iniciativa, que poderá servir como elemento de partida para o diálogo entre as administracións e as diversas representacións do sector: Universidades, Sindicatos, MRP e colectivos sectoriais.

- **As clases particulares.** Por primeira vez en España aparecen datos económicos do gasto en clases particulares (“Educación na sombra” chámasele tamén), grazas á Encuesta de Presupuestos Familiares (EPF) do INE, que avaliou de xeito completo este tipo de gasto familiar. Hai varias cousas que chaman a atención:

- Hai un incremento do gasto; con datos anteriores conséntase que entre 2006 e 2017 triplicouse este tipo de gasto.

- Afecta xa o 25% do alumnado. É moito, aínda que lonxe do impacto doutros países como os asiáticos.

- Na última década estaba habendo un incremento xeneralizado, pero coa pandemia acelerouse e desequilibrouse aínda máis a favor das familias con máis recursos.

- Noutros países nos que o profesorado público non ten dedicación exclusiva chegan a reservarse materiais valiosos nas súas clases para utilizalos despois nesta educación na sombra.

Toca, polo tanto, preocuparse de que non avance este fenómeno. Toca reforzar a calidade

do ensino público como resposta mais acaída, posto que provoca desigualdade pola súa propia razón de ser.

- **Manter as notas numéricas en Galicia.** É un lugar común nas Leis Orgánicas que se diga unha cousa —a avaliación continua e formativa— e se concrete lexislativamente o contrario: cualificar cun cualificativo simple (suspense, aprobado...). Iso fai o Ministerio no seu Decreto de Currículo. Pero a Xunta vai máis alá, supoñemos que cun afán politicamente diferenciador, e segue mantendo as cualificacións numéricas en Primaria, que o Ministerio suprime. Argumentan que así a avaliación será mais obxectiva e “xusta”. Poderíase contemplar esa xustiza cando se necesita unha cualificación final que habilita para unha promoción ou para un título, nese caso seguramente deberá establecerse algún tipo de medición que valide. Pero para a información continuada e/ou periódica ás familias, os números son xeralmente enganosos. Ademais simplifican tanto que disuaden a profesorado e familias de efectuar/demandar unha descrición pormenorizada; máis traballosa si, pero sempre máis formativa. Mala decisión, pois, querer diferenciarse neste aspecto.

- **Actualización na FP.** Quede constancia da aprobación da Lei Orgánica de Ordenación e Integración da FP, o pasado 23 de marzo.

- **A guerra de Ucraína** a causa da invasión de Rusia é un forte elemento de preocupación e de rechazo, que Nova Escola Galega exteriorizou a través do documento “As educadoras e os educadores galegos contra a guerra e o asoballamento entre Estados e Nacións”. Por mor dela, diversos



centros educativos de Galicia acollen e probablemente acollerán escolares ucraínos/as, que debemos acoller coa máxima empatía e atención.

ARREDOR DA GALEGUIZACIÓN

- O Consello da Cultura Galega puxo en marcha o proxecto “Aquí medra a lingua”.

- A salientar, igualmente, o libro de Montse Pena Presas e M^a Caamaño Rojo (2022). *Ax(e)itar a lingua. Orientacións para unha comunicación inclusiva no ensino* (Santiago: ASPG/CIG), un chanzo máis para a comunicación en galego desde os dereitos de todos e todas.

- Feliz iniciativa a acordada inicialmente por 18 concellos galegos para promover a galeguización: *ALINGUA*, agora baixo a presidencia do educador social Adolfo Muíños, alcalde de Rianxo.

LIBROS, RECURSOS E MATERIAIS


- Véñse de presentar unha “Guía para o uso correcto dos videoxogos”. Silvia López e Xesús Rodríguez, docentes da Universidade de Santiago e membros de Nova Escola Galega, son os autores dun libro no que defenden a utilización

responsable dos videoxogos. Indican que hai videoxogos que achegan solucións para conseguir obxectivos científicos complicados. Que outros axudan a estudantes e a docentes a elaborar os seus propios recursos e experiencias para o ensino. Defenden que teñen un poder de atracción e motivación que pode supor beneficios para dinamizar a aula e para a aprendizaxe e o entendemento escolar. Outra cousa é recoñecer que ás veces son utilizados indebidamente para que sirvan como de gardería ou mesmo son produtos pensados para crear un certo tipo de adicción, e por iso é importante saber controlar o tempo e como se usan.

- Pablo González Ogando vén de publicar *Bocados matemáticos* (Xerais, 2022). As matemáticas están presentes no día a día. Unha mirada adestrada consegue identificar elementos xeométricos, numéricos, lóxicos ou estatísticos ao seu arredor en multitude de situacións. Desde a forma do balón de fútbol ata o número que nos asignaron no noso DNI, nestas páxinas explícanse exemplos variados de aplicacións das matemáticas. A ciencia leva a formular preguntas porque sen preguntas non hai respostas. Bocados matemáticos dá respostas, fomenta a curiosidade e perseque que se perda o medo a facer uso das matemáticas.
- Xosé R. Branco Buxán vén de publicar (2021) *Acoso e demolición do sistema público de ensino* (Santiago: Laiovento). O ensaio identifica no sistema educativo arquitecturas organizativas que forman parte da cultura neoliberal hexemónica en Occidente. Os procesos de privatización e in-

dividualización que se fundamentan na estigmatización, segregación e degradación do ensino público, representan un perigo e un desafío para o cumprimento dos obxectivos ideais de ben público, de balde e de acceso universal. O autor examina criticamente este sistema e propón manter, precisamente, unha intelixencia crítica e aguda para a acción contrahexemónica.

ENCUNTROS E XORNADAS



- Anpas Galegas organizou, no pasado mes de febreiro, a III Xornada de ANPAS no Rural, celebradas en Navia de Suarna, baixo o lema "A arte de aprender, de educar e de vivir no rural". Unha xornada de rica convivencia, de preocupacións compartidas e de compromisos renovados.
- Tamén no pasado febreiro se celebraron nas instalacións do Consello da Cultura Galega as Xornadas de Gálix (Desfacendo a raia VIII) arredor de "Poesía cargada de futuro para futuras xeracións", cun atractivo programa desenvolvido ao longo de dúas xornadas, coa participación de autoras e autores relevantes neste ámbito literario.



INICIATIVAS E EXPERIENCIAS

- Feliz documental o dirixido polas documentalistas e cineastas Alba Cid e Adela Otero, co título *A mestra de escola* (accesible en youtube), mesturando imaxes do pasado histórico coas voces de catro mestras de onte e de hoxe no mundo da escola rural, dunha muller próxima aos 90 anos e unha profesora universitaria que recorda a súa mestra. Un galano.
- A Deputación de Pontevedra puxo en marcha o programa **Rede Agora**, para favorecer a través dos concellos a presenza de nenos e nenas nas rúas como a mellor proba de concellos sans e vivos, seguindo a filosofía indicada por Francesco Tonucci.
- O colectivo ASEIA (Asociación para a saúde emocional na infancia e adolescencia) vén desenvolvendo diversas iniciativas, entre elas unhas xornadas celebradas en Vigo.
- Florencio Delgado Gurriarán é o autor que celebramos neste ano arredor das datas das Letras Galegas. É viva representación dos traballos infatigables que levaron numerosos exiliados políticos

galegos do 36. A Fundación Penzol organizou e difundiu unha extraordinaria selección de fondos bibliográficos e documentais arredor desta nobre figura, consultable na rede.

RECOÑECIMENTOS E PREMIOS

- **Premios a centros inclusivos.** A Xunta de Galicia recoñece o traballo de oito centros educativos galegos co Premio Boas Prácticas de Educación Inclusiva 2021, convocados pola Consellería de Cultura, Educación e Universidade co obxectivo de impulsar a atención á diversidade e a inclusión educativa, difundir as boas prácticas, así como recoñecer o labor que, neste sentido, está a desenvolverse actualmente nos centros educativos. Trátase, deste xeito, de promover unha escola que garanta o estímulo das capacidades de todo o alumnado e contribúa á creación de contornas e culturas inclusivas.

Na categoría A, destinada a Educación Infantil e Educación Primaria, o 1º premio é para o colexio CEIP Plurilingüe A Laxe (Ferrol), o 2º para o colexio CEIP de Quiroga e o 3º para o colexio CEIP Nosa Señora dos Remedios (Pontearreas). O colexio CEIP Plurilingüe da Torre Cella (Bueu) obtivo o accésit.

No caso da categoría B, destinada a Educación Secundaria Obrigatoria, Bacharelato, Formación Profesional, formación de persoas adultas e ensinanzas de réxime especial, o instituto IES de Melide recibe o 1º premio, o instituto IES A Pinguela (Monforte de Lemos) o 2º e o instituto IES de Pastoriza (Arteixo) o 3º. O accésit é para o instituto IES Fernando Blanco (Cee). Parabéns a todos eles.

- O xornalista de La Voz de Galicia Joel Gómez recibiu, con outras tres persoas, un Premio á súa traxectoria informativa (Premios CESAGAL) por dar voz e visibilidade ás persoas vinculadas ao mundo das discapacidades e do emprego inclusivo.

DESDE A HISTORIA DA EDUCACIÓN (E NON SÓ)

- Romero Masiá, A. (2021), *Mercedes Tella Comas (1868-1934)*. Mestra e directora da Escola Normal de Mestras da Coruña (A Coruña: Baia), unha adecuada monografía para seguir recoñecendo o noso pasado educativo.

- Álvarez Castro, X. (2022). *Os anos do silencio* (Vigo: Xerais). Outro fundamental texto para seguir coñecendo as consecuencias negativas do 36 na vida socio-política pontevedresa.

FÓRONSE



- O pasado 30 de Marzo e case fronteira dos 99 anos deixounos a educadora Antía Cal, quen desde o colexio vigués Rosalía de Castro abriu as fiestras á nova pedagogía e inseriu a vida da escola na contorna. Facilitou as conexións galegas con Rosa Sensat e as Escolas d'Estiu e, á beira da ensinanza en inglés, en-

tendeu que a escola debería ter unha acción comprometida coa galeguización. Recibira en vida valiosos recoñecementos e entre eles o de ser Socia de Honra de Nova Escola Galega (2003).



- Fóisenos a mestra Carmela Iglesias Pérez, aos seus 88 anos de idade. Ben coñecida e extremadamente apreciada nas terras de Santiago e de Negreira. Foi unha mestra freinetista e impulsora do Grupo Freinet (ACIES-MCEP). Vivía a súa acción escolar e de educadora en conexión coa transformación social e cultural da contorna, como deixou constancia de vida no contexto das comunidades rurais nas terras de Negreira nas que participou intensamente. Era tamén Socia de Honra de Nova Escola Galega. ■

Antía Cores Torres

Grupo de Investigación Stellae (USC)
antia.cores.torres@usc.es

Almudena Alonso-Ferreiro

Grupo de Investigación Stellae e CIES (UVigo)
almalonso@uvigo.es



ISSN: 1132-8932

Páx. 92-93

EXPERIENCIAS

- **Mozart e Beethoven:** Músicos xeniais, persoas especiais (<http://www.edu.xunta.gal/centros/ceeopedroso/node/79>). Proxecto colaborativo internivel, realizado polo alumnado do Colexio de Educación Especial "O Pedroso" con trastornos graves de conduta, desenvolvido na materia de música e obradoiro musical. Consta de varios apartados: MusicArte, Cineteca, Clube de Lectura e Interpretamos. A través de actividades individuais e multitarefa, achéganse ao coñecemento destes dous grandes autores da historia da música clásica, centrándose non só na súa faceta de éxito como recoñecidos músicos, senón que desde unha óptica de atención á diversidade, o alumnado foi consciente das súas dificultades persoais, tomando estas como referentes para unha educación inclusiva.

- **Aturuxo Films. Alfabetización cinematográfica.** (<https://aturuxofilms.com>). Proxecto posto en marcha polo docente Sergio Clavero, do IES de Cacheiras, que vén de gañar o premio educativo Innovagal da Consellería de Cultura, Innovación e Universidade. Esta iniciativa pretende incluír a alfabetización cinematográfica e mediática nas aulas dos centros educativos e na súa páxina web pódense atopar unidades didácticas, material, formación e asesoría para conseguir que estes contidos estean presentes nos proxectos educativos.

- **O Sobreiral das Palabras** (<http://osobreiraldaspalabras.blogspot.com>). A biblioteca do IES Valadares (Vigo) convértese cada recreo en lugar de encontro e construción conxunta de coñecemento. Recreos creativos, liderado por Asun Carballo, concentra o alumnado na biblioteca durante os recreos para realizar obradoiros de manga, cartonaxe, origami ou *Lettering*, faladoiros en inglés ou concertos de piano, así como tamén hai espazos para crear, ler, traballar e xogar. Ademais das actividades do día a día, conta co catálogo virtual e un banco de recursos analóxicos e dixitais. Este último é un espazo onde se comparten as creacións do alumnado nas diferentes materias.

FERRAMENTAS

- **Xogos tradicionais galegos** (<http://xogospopulares.consello-dacultura.gal/>). Aplicación deseñada polo Consello da Cultura Galega e o Observatorio do Patrimonio Lúdico Galego que recolle un amplo acervo de xogos tradicionais de Galicia. A aplicación pode descargarse dende *Google Play* ou *App Store* e está organizada por idades (ata os 3 anos, de 3 a 7, de 7 a 14, de 14 a 18, para persoas adultas e para a vellez), por obxectivos (lingüísticos, de representación, de habilidade, de exercicio físico, de mesa, enredos e espectáculos) e por tipos de xogos (adiviñas, animais, arrosos, de corro, natureza, entre moitos outros). Cada xogo vai acompañado dunha explicación do mesmo e de varias imaxes.

• **Xandre, o elefante sen sombra** (<http://contosdexandre.net>). Conto con recursos interactivos creado por persoas de TADEGa (Tecnoloxías de Atención á Diversidade na Educación Galega) que vén de actualizarse a unha nova versión de LIM compatible con calquera navegador. O recurso conta con varias opcións de traballo en función das necesidades de cadaquén: empregalo directamente en versión Web, tanto dende a páxina de TADEGa coma incrustándoo nun espazo web propio, ou descargándoo para traballar sen conexión. Trátase dun traballo moi pensado que xorde como resposta a moitos debates cun consenso: a diversidade funcional, a discapacidade e a atención á diversidade demandan saír da invisibilidade e facerse cidadás reais en pé de igualdade.

• **Calendario Científico Escolar 2022** (<http://www.igm.ule-csic.es/calendario-cientifico>). Calendario realizado dende a Unidade de Divulgación Científica e Cultural e o Servizo de Normalización Lingüística da UDC (Universidade da Coruña) en colaboración co CSIC. Conta cunha guía didáctica, incluíndo actividades, e preséntase en formato accesible. Está dispoñible en 10 idiomas e dirixido principalmente a alumnado de Primaria e Secundaria. O calendario recolle 365 efemérides do ámbito científico e tecnolóxico, como nacementos de persoas destes ámbitos ou conmemoracións de achegas destacables.

NON DEIXES DE CONSULTAR...

• **Meniños Cantores 2** (<https://meninoscantores.com>). Proxecto de Ponte... nas Ondas! coeditado co Consello da Cultura Galega, producido por Casa de Tolos e publicado por PAI Edicións S.L. Esta nova proposta conta con 18 temas musicais, un documental e un libro realizados por 17 centros educativos ao longo da fronteira galego-portuguesa, desde Chaves a Caminha e dende Verín á Guarda. Nace para darlle continuidade á primeira edición de Meniños Cantores do ano 2005 e ten como obxectivo recoller, conservar e difundir o patrimonio inmaterial galego-portugués.


• **ROBOteach** (<https://roboteach.es>). Proxecto educativo que integra a tecnoloxía coma unha nova linguaxe para a aprendizaxe. Conta con diferentes seccións: recursos para Escornabot (proxecto galego de robótica educativa), deseño 3D con FreeCAD, propostas didácticas e, por último, recursos varios onde se inclúen solucións para diferentes proxectos. Todo o creado e publicado neste espazo faise con licencias abertas e contribuíndo a formar unha cidadanía dixital crítica que goce de autonomía, autosuficiencia, independencia e liberdade.

• **Radio Ü** (<https://www.edu.xunta.gal/centros/ceipcaminhoingles/>). Canle de radio do CEIP Plurilingüe Camiño Inglés (Oroso) na que o alumnado sobe semanalmente os seus podcasts divididos en catro programas: *O máis alto do podio*, dedicado á actualidade deportiva de Orso; *Unha historia nun minuto*, no que comparten aventuras asombrosas e cotiás; *Os libros fanse protagonista*, programa no que contan os seus libros favoritos; *Clásica Ü*, dedicado á música clásica e *Radio Ü*, no que achegan episodios especiais. Para escoitar os podcasts pódese descargar a aplicación iVoox nos dispositivos móbiles ou ben acceder dende a páxina web do centro premendo no apartado "Radio Ü". ■



ROBOteach

Educación para el mañana



Código QR que leva ás ligazóns deste Panoraula Dixital.

RECENSIÓN

YOLANDA RODRÍGUEZ CASTRO, PATRICIA ALONSO RUIDO, ROSANA MARTÍNEZ ROMÁN E ALBA ADÁ LAMEIRAS

«Ni ♀n ni ♂ff»: Programa coeducativo de prevención de (ciber)acoso sexual

Por Bibiana Regueiro

Facultade de Ciencias da Educación-USC



ISSN: 1132-8932

Páx. 94-95

Dende un comentario agreste ou brután na rúa ata as maiores atrocidades, as cifras de acoso sexual presentan datos alarmantes a nivel mundial. Considerando que é unha tarefa de todos e todas propiciar unha educación non sexista co fin de que as novas xeracións asuman, como algo natural e beneficioso para vivir en harmonía, a convivencia e o respecto entre homes e mulleres, resulta fundamental implementar programas de educación sexual integral no sistema educativo. Programas que atendan a realidade actual e nos que se incorpore a revolución tecnolóxica para que as mozas e os mozos poidan vivir as súas relacións socioafectivas, tanto offline como online, de forma igualitaria e libre de violencias. E isto é precisamente o que veñen pór enriba da mesa as autoras de «Ni ♀n ni ♂ff»: Programa coeducativo de prevención de (ciber)acoso sexual, autoras que dedican a súa actividade científica á análise, estudo e valoración dun tema de fondo calado social e indubidable transcendencia como este.

Tras unha introdución *ab initio*, ao redor da que vira o resto do libro, comeza un interesante percorrido de exemplar rigor para o lector ou lectora. Este é un dos maiores logros da obra, xa que a través da súa lectura fainos penetrar de forma interactiva nunha formulación que nos axuda a decatarnos da necesidade imperante e urxente de abordar este desafío, esta realidade que é “moi ta e mala”.

Comezando cunha exhaustiva fundamentación teórica, abórdase a contextualización das raíces do acoso sexual, as súas dimensións e como afectou a chegada de Internet ás relacións entre iguais e ás relacións afectivo-sexuais no colectivo adolescente. Un colectivo que se enfoca fuxindo do vello paradigma da adolescencia,

pesimista e centrado, e que considera a adolescencia unha segunda época dourada da aprendizaxe, na que son os e as adolescentes os que se deben apropiar das súas posibilidades e deseñar o futuro.


Tras presentar os obxectivos do programa “Ni ♀N ni ♂FF” e plasmar as orientacións metodolóxicas dun xeito solemne, o desenvolvemento das actividades divididas en bloques resulta o punto álxido da obra. Tanto o bloque I —dedicado ao acoso sexual na dimensión offline (cara a cara)— como o bloque II —centrado na dimensión online— proxectan a necesaria luz nestes espazos de, en ocasións, tanta escuridade. Asemade, este nutrido número de actividades están deseñadas para traballar ao longo dos catro anos da ESO.

Na súa formulación contemporánea, dentro do ámbito offline móstranse actividades para tratar tres áreas temáticas do

acoso sexual, dentro do ámbito educativo (acoso sexual entre iguais), do ámbito público (acoso sexual na rúa) e do ámbito de parella (obxectiva- ción sexual). Na parte dedicada ao ámbito online, inclúense outras tres áreas temáticas: comézase polo sexting, a sextorsion e o grooming; para continuar co ciberacoso sexual entre iguais e finalizar coa temática do ciberacoso sexual na parella e a vinganza porno.

Como punto final, tras abordar a avaliación e presentar as referencias dos estudos científicos que foron incluídos, eríxese así este programa como un referente práctico polo que levabamos décadas esperando.

Están, por tanto, de parabéns as autoras deste libro, pero sobre todo os lectores e lectoras: todas as docentes e especialmente as de Educación Secundaria e o alumnado de titulacións de grao e mestrado vinculadas ao ámbito da edu-



cación. É, por todo iso, unha obra de gran interese práctico e un exemplo vivo da necesidade dun programa coma este, o que o converte nunha lectura ‘obrigada’ e altamente recomendada. Razóns de transcendencia e actualidade, lamentablemente, non lle faltan. ■

PUBLICIDADE

O IMPORTANTE É A LECTURA... ELIXE TI O FORMATO



BAÍA EDICIÓN S



ACCEDE AOS RECURSOS DIXITAIS EDUCATIVOS PARA A ESO E BACHARELATO ADAPTADOS Á LOMLOE NA NOSA AULA VIRTUAL (aulavirtual.baiaedicions.gal)

Todos en formato físico e dixital en: www.baiaedicions.gal

A RGE, UNHA PORTA SEMPRE ABERTA A TI

Indicacións para a presentación de orixinais

A *Revista Galega de Educación* (RGE) ten as súas páxinas abertas a todas aquelas persoas que desexen publicar as súas colaboracións. O que segue a continuación é un extracto de normas mínimas que se poden consultar completas na nosa web:

1. As colaboracións deben ser orixinais e inéditas. Cada autor/a faise responsable do contido do seu traballo como corresponde aos dereitos de autoría. As achegas poderán estar dirixidas ás diferentes seccións da RGE e deberán axustarse á extensión de caracteres determinada para cada unha delas (sempre con espazado incluído; ver web).

2. As achegas deberán ser remitidas en formato dixital .odt ou .docx, de xeito preferente por correo electrónico, ao enderezo rge.redaccion@neg.gal. Caso de seren enviadas por correo postal (CD ou memoria USB) farase ao enderezo:

Revista Galega de Educación
Nova Escola Galega
Rúa Luís Freire, 5, Baixo.
15706 Santiago de Compostela
(A Coruña)

3. Nas referencias e citas bibliográficas procederase de acordo coas normas da APA (www.apastyle.org).

Na cabeceira do artigo figurará: o título, a autoría, profesión e lugar ou centro de traballo, no seu caso.

Na parte final, os datos de localización: enderezo de correo electrónico e postal, mais teléfono/s de contacto.

Toda a información necesaria recollerase no modelo de *Ficha de entrega dun artigo para a RGE* que figura na páxina web.

4. As explicacións correspondentes ás notas, numeradas no texto correlativamente, indicaranse con superíndices, e deben incluírse ao remate do traballo baixo a epígrafe de Notas.

5. As colaboracións de texto deberán acompañarse das ilustracións (fotografías, imaxes, gráficos, cadros...) que se consideren necesarias, en arquivos complementarios e indicados con orde, sinalándose claramente no texto, mediante anotación entre parénteses, o lugar aproximado onde deben reproducirse: (INSE-RIR IMAXE: "aula_natureza.jpg")

Enviaranse as fotografías ou outras imaxes e gráficos en formato dixital, cunha resolución mínima de 300 ppp (puntos por polgada), en formato JPG, TIF, PNG ou PDF. Ademais, estas sempre deben ser enviadas como documento autónomo, fóra do documento de texto.

6. Nas normas completas publicadas na web pode verse un esquema referencial para a publicación de experiencias (coas adaptacións precisas).

7. As achegas que formen parte dun monográfico da RGE deberán ir acompañadas por un resumo de 5 liñas en galego, inglés e español, así como de 5 palabras chave (galego, inglés e español) que, na medida do posible, serán extraídas do Tesouro Europeo de Educación (<http://www.eurydice.org/portal/page/portal/Eurydice/TEE>) ou do Tesouro de ERIC (Education Resources Information Center, en www.eric.ed.gov).

8. Os traballos deberán estar escritos en lingua galega. A Redacción resérvase o dereito de elixir os títulos e subtítulos que considere máis oportunos para a publicación da colaboración, como tamén o de facer pequenas correccións para manter o estilo da RGE. Acéptanse tamén orixinais en catalán, portugués, castelán, francés e inglés. Os artigos en castelán, francés e inglés serán publicados en galego.

9. A RGE comunicaralles a cada un/ha dos/as autores/as a recepción do seu traballo e, no seu momento, a súa aceptación ou non para a publicación. No caso de devolución dun artigo aos seus/súas autores/as para a súa corrección, dispoñerase de 15 días para o seu reenvío á Redacción.

10. Os artigos enviados á *Revista Galega de Educación* serán valorados por dous ou dúas revisores/as externos de forma confidencial e anónima, segundo o sistema usual de revisión por pares, que emitirán un breve informe ao Consello de redacción sobre a conveniencia ou non da publicación. En calquera caso, o Consello de redacción resérvase a decisión final sobre a publicación ou non dos artigos presentados. Os artigos orixinais enviados á Redacción non serán devoltos.

LA RGE, UNA PUERTA SEMPRE ABIERTA A TI

Indicaciones para la presentación de originales

La *Revista Galega de Educación* (RGE) tiene sus páginas abiertas a todas aquellas personas que deseen publicar sus colaboraciones. Lo que sigue a continuación es un extracto de normas mínimas que se pueden consultar completas en nuestra web:

1. Las colaboraciones deben ser originales e inéditas. Cada autor/a se hace responsable del contenido de su trabajo como corresponde a los derechos de autoría. Las aportaciones podrán estar dirigidas a las diferentes secciones de la RGE y deberán ajustarse a la extensión de caracteres determinada para cada una de ellas (siempre con espaciado incluído; ver web).

2. Las aportaciones deberán ser remitidas en formato digital .odt o .docx, preferentemente por correo electrónico, a la dirección rge.redaccion@neg.gal. Caso de ser enviadas por correo postal (CD o memoria USB) se hará a la dirección:

Revista Galega de Educación
Nova Escola Galega
Rúa Luís Freire, 5 – Baixo
15706 Santiago de Compostela (A Coruña)

3. En las referencias y citas bibliográficas se procederá de acuerdo con las normas de la APA (www.apastyle.org).

En la cabecera del artículo figurará: el título, la autoría, profesión y lugar o centro de trabajo, en su caso.

En la parte final, los datos de localización: dirección de correo electrónico y postal, y el teléfono/ s de contacto.

Toda la información necesaria se recogerá en el modelo de *Ficha de entrega dun artigo para a RGE* que figura en la página web.

4. Las explicaciones correspondientes a las notas, numeradas en el texto correlativamente, se indicarán con superíndices, y deben incluirse al final del trabajo bajo el epígrafe de *Notas*.

5. Las colaboraciones de texto deberán acompañarse de las ilustraciones (fotografías, imágenes, gráficos, cuadros...) que se consideren necesarias, en archivos complementarios e indicados con orden, señalándose claramente en el texto mediante anotación entre paréntesis, el lugar aproximado donde deben reproducirse: (INSERTAR IMAGEN: "aula_naturaleza.jpg").

Se enviarán las fotografías u otras imágenes y gráficos en formato digital, con una resolución mínima de 300 ppp (puntos por pulgada), en formato JPG, TIF, PNG o PDF. Además, estas siempre deben ser enviadas como documento autónomo, fuera del documento de texto.

6. En las normas completas publicadas en la web puede verse un esquema referencial para la publicación de experiencias (con las adaptaciones precisas).

7. Las aportaciones que formen parte de un monográfico de la RGE deberán ir acompañadas por un resumen de 5 líneas en gallego, inglés y español, así como de 5 palabras clave (gallego, inglés y español) que, en la medida de lo posible, serán extraídas del Tesoro Europeo de Educación (<http://www.eurydice.org/portal/page/portal/eurydice/tee>) o del Tesoro de ERIC (Education Resources Information Center, en www.eric.ed.gov). Los artículos destinados a otras secciones deberán incluir solamente el resumen en gallego.

8. Los trabajos deberán estar escritos en lengua gallega. La Redacción se reserva el derecho de elegir los títulos y subtítulos que considere más oportunos para la publicación de la colaboración, como también el de hacer pequeñas correcciones para mantener el estilo de la RGE. Se aceptan también originales en catalán, portugués, castellano, francés e inglés. Los artículos en castellano, francés e inglés serán publicados en gallego.

9. La RGE comunicará a cada uno/a de los/las autores/as la recepción de su trabajo y, en su momento, su

aceptación o no para la publicación. En el caso de devolución de un artículo a sus autores/as para su corrección, se dispondrá de 15 días para su reenvío a la Redacción.

10. Los artículos enviados a la *Revista Galega de Educación* serán valorados por dos revisores/as externos de forma confidencial y anónima, según el sistema usual de revisión por pares, que emitirán un breve informe al Consejo de redacción sobre la conveniencia o no de la publicación. En cualquier caso, el Consejo de redacción se reserva la decisión final sobre la publicación o no de los artículos presentados. Os artículos originales enviados a la Redacción no serán devueltos.

THE RGE, A DOOR ALWAYS OPEN TO YOU

Guidelines for the submission of manuscripts

The *Revista Galega de Educación* (RGE) is open to all those who wish to publish their contributions. The following is an extract of minimum standards that can be consulted in full on our website:

1. Contributions must be original and unpublished. Each author is responsible for the content of his/her work as corresponds to the rights of authorship. Submissions may be addressed to the different sections of the RGE and must conform to the length of characters determined for each of them (always with spacing included; see web).

2. Contributions should be sent in digital format .odt ou .docx, preferably by e-mail, to the email address rge.redaccion@neg.gal. If they are sent by post (CD or USB memory stick), they should be sent to the address:

Revista Galega de Educación
Nova Escola Galega
Rúa Luís Freire, 5, baixo.
15706 Santiago de Compostela (A Coruña)

3. References and bibliographic citations should be made in accordance with APA standards (www.apastyle.org). The title, authorship, profession and place or centre of work, if applicable, should appear at the head of the article. In the final part, the location data: e-mail and postal address as well as contact telephone number(s). All the necessary information must be included in *the model article submission form*

for the RGE, which can be found on the website.

4. Explanations of the notes, numbered consecutively in the text, are indicated by superscripts and should be included at the end of the work under the heading *Notes*.

5. The text contributions must be accompanied by the illustrations (photographs, images, graphs, tables...) that are considered necessary, in complementary files and indicated in order, clearly indicating in the text, by means of an annotation in brackets, the approximate place where they should be reproduced: (INSERT IMAGE: "aula_naturaleza.jpg") Photographs or other images and graphics should be sent in digital format, with a minimum resolution of 300 dpi (dots per inch), in JPG, TIF, PNG or PDF format. In addition, these must always be sent as a stand-alone document, outside the text document.

6. A reference outline for the publication of experiences (with the necessary adaptations) can be found in the complete rules published on the website.

7. Contributions that form part of a RGE monograph must be accompanied by a 5-line abstract in Galician, English and Spanish, as well as 5 key words (Galician, English and Spanish) which, as far as possible, will be taken from the European Education Thesaurus (<http://www.eurydice.org/portal/page/portal/Eurydice/TEE>) or the ERIC Thesaurus (Education Resources Information Center, at www.eric.ed.gov).

8. Papers must be written in Galician language. The Editor reserves the right to choose the titles and subtitles that he/she considers most appropriate for the publication of the contribution, as well as to make minor corrections to maintain the style of the RGE. We also accept original articles in Catalan, Portuguese, Spanish, French and English. Articles in Spanish, French and English will be published in Galician.

9. The RGE will communicate to each of the authors the reception of their work and, in due course, their acceptance or rejection for publication. If an article is returned to its authors for correction, they will have 15 days to send it back to the Editorial Office. ■

Onde podo conseguir a Revista Galega de Educación?

Podes solicitala en calquera librería de Galicia ou ben escribirmos directamente ao correo da asociación para que cha enviemos a onde nos indiques:
neg@neg.gal

Queres subscribirte?

**REVISTAGALEGA
DE EDUCACIÓN**

Se desexas subscribirte á Revista Galega de Educación, cubre o boletín e envíao ao seguinte enderezo:

- NOVA ESCOLA GALEGA (Revista Galega de Educación)
R/ Luís Freire, 5 baixo. 15706 Santiago (A Coruña)
Subscricións por correo-e: rge.subscricions@neg.gal

boletín de subscrición

Si, desexo subscribirme á REVISTA GALEGA DE EDUCACIÓN, tres números ao ano, polo prezo de 34 euros. Subscribome desde o número ____.

DATOS DO/A SUBSCRITOR/A

Apelidos e nome: _____ NIF: _____

Enderezo: _____

Localidade: _____ Provincia: _____

Teléfono: _____ Correo electrónico: _____

FORMA DE PAGAMENTO (sinalar cun "X" e completar)

Domiciliación bancaria en conta (IBAN)

Titular da conta (se non é o/a mesmo/a)

Transferencia bancaria contra presentación de factura.

Reembolso (inclúense os gastos).

Sinatura

_____, ____ de _____ de 202__

Alexa: Que son as vacas A2A2?



Deleite O mellor leite posible




LETRAS GA LE GAS



17 de maio, dedicado
a Florencio Delgado
Gurriarán

#LetrasGalegas2022

 XUNTA
DE GALICIA

 Xacobeo 21-22

Festexemos a cultura
que nos une.